

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 62

Sesión plenaria
10 de setembro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Propositions non de lei

5.1 22885 (12/PNP-001855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a postura que debe defender a Xunta de Galicia na vindeira reunión do 21 de abril de 2025 co Ministerio de Facenda en relación coa quitación de débeda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f1, do 09.04.2025

5.2 27332 (12/PNP-002207)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central referidas ao traballo conxunto entre o Estado e as comunidades autónomas no que atinxe á política de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

5.3 30189 (12/PNP-002328)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co obxecto de acadar un marco orzamentario e laboral adecuado para o correcto funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 235f1, do 14.08.2025

5.4 30454 (12/PNP-002344)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central sobre a situación actual da concesión da AP-9 tras o ditame da Comisión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025

5.5 30927 (12/PNP-002367)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para actualizar a súa política de prevención e loita contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241f1, do 25.08.2025

5.6 31525 (12/PNP-002376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de definir as súas principais políticas para combater e adaptarse ao cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 244, do 28.08.2025



Punto 6. Interpelacións

6.1 20453 (12/INT-000825)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o desenvolvemento das actividades previstas no Pladiga e a garantía de recursos humanos nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

6.2 31883 (12/INT-001157)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e catro deputados/as máis

Sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción

Publicación da iniciativa, BOPG nº 244, do 28.08.2025

6.3 31887 (12/INT-001158)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre o impacto na biodiversidade e nos espazos naturais protexidos provocado polos lumes forestais acontecidos en Galicia en agosto de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 244, do 28.08.2025

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 32962 (12/PUP-000132)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre a valoración que realiza a Xunta de Galicia do inicio dos expedientes para a declaración do pazo de Meirás e da illa de San Simón como lugares da memoria democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

7.2 32977 (12/PUP-000134)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e Prado del Río, Paula

Sobre os compromisos do Goberno central na colaboración para a recuperación e restauración das superficies queimadas na última vaga de lumes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

7.3 28490 (12/POP-004103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as garantías para unha axeitada atención no vindeiro curso 2025-2026 ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 01.08.2025



7.4 30178 (12/POP-004534)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a proposta de inclusión nos orzamentos de 2026 dunha contía de 36 millóns de euros para dedicar á rehabilitación e mellora das infraestruturas dos centros educativos públicos de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 235f2, do 14.08.2025

7.5 29892 (12/POP-004491)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre as pretensións do Goberno de España respecto do sistema de distribución de menores migrantes non acompañados entre as distintas comunidades autónomas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 235f2, do 14.08.2025

7.6 30328 (12/POP-004553)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea sobre a tramitación dos proxectos eólicos realizada pola Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 235f2, do 14.08.2025

7.7 30465 (12/POP-004571)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para manter as prazas das persoas funcionarias con máis antigüidade no concurso de traslados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025

7.8 32626 (12/POP-004748)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Valcárcel Armesto, Montserrat**

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia do impacto dos incendios forestais de agosto de 2025 no patrimonio cultural galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

7.9 32975 (12/PUP-000133)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino**

Sobre as eventuais responsabilidades políticas da conselleira do Medio Rural pola situación en que estaba o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais cando se inicia a vaga de lumes do mes de agosto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central sobre a situación actual da concesión da AP-9 tras o ditame da Comisión Europea. (Punto quinto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 10.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Roberto Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 11.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Carlos López Font (S)* (Páx. 13.) e *Xosé Luís Bará Torres (BNG)* (Páx. 15.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 17.)

O deputado Roberto Rodríguez Martínez (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 17.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para actualizar a súa política de prevención e loita contra os incendios forestais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 19.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Armando Ojea Bouzo (M)* (Páx. 22.), *Montserrat Valcárcel Armesto (BNG)* (Páx. 24.) e *Ángel Rodríguez Conde (P)* (Páx. 26.).

Nova intervención da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 29.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey e do deputado Carlos López Font, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de definir as súas principais políticas para combater e adaptarse ao cambio climático. (Punto quinto da orde do día.)

O presidente comunica que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou unha autoemenda. (Páx. 30.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Paloma Castro Rey (S).* (Páx. 31.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Armando Ojea Bouzo (M)* (Páx. 33.), *Xosé Luís Bará Torres (BNG)* (Páx. 34.) e *Gonzalo Trenor López (P)* (Páx. 37.).



Nova intervención da deputada Paloma Castro Rey (S). (Páx. 39.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños e do deputado Ramón Tomás Fernández Alfonso, sobre a postura que debe defender a Xunta de Galicia na vindeira reunión do 21 de abril de 2025 co Ministerio de Facenda en relación coa quitación de débeda: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 41.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central referidas ao traballo conxunto entre o Estado e as comunidades autónomas no que atinxe á política de vivenda: *aprobado por 49 votos a favor, ningún voto en contra e 24 abstencións.* (Páx. 41.)

A deputada Raquel Arias Rodríguez (P) fai uso da palabra para solicitar a votación por puntos na proposición non de lei que se vai votar a seguir. A solicitude non é aceptada. (Páx. 42.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co obxecto de acadar un marco orzamentario e laboral adecuado para o correcto funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF): *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central sobre a situación actual da concesión da AP-9 tras o ditame da Comisión Europea: *aprobada por 49 votos a favor, ningún voto en contra e 24 abstencións.* (Páx. 42.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para actualizar a súa política de prevención e loita contra os incendios forestais: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (páx. 42.)

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey e do deputado Carlos López Font, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de definir as súas principais políticas para combater e adaptarse ao cambio climático: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Alteración da orde do día

O presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en adiantar a continuación a formulación dunha pregunta ao Goberno. (Páx. 43.)



Pregunta do deputado José Alberto Pazos Couñago e da deputada Paula Prado del Río, do G. P. Popular de Galicia, sobre os compromisos do Goberno central na colaboración para a recuperación e restauración das superficies queimadas na última vaga de lumes. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Paula Prado del Río (P)*. (Páx. 43.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 44.)

Réplica da autora: *Paula Prado del Río (P)*. (Páx. 45.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 46.)

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre o desenvolvemento das actividades previstas no Pladiga e a garantía de recursos humanos nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 47.)

Resposta da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 50.)

Réplica da autora: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 53.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 55.)

Interpelación da deputada Montserrat Valcárcel Armesto e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Montserrat Valcárcel Armesto (BNG)*. (Páx. 57.)

Resposta da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 60.)

Réplica da autora: *Montserrat Valcárcel Armesto (BNG)*. (Páx. 62.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 64.)

Interpelación do deputado Xosé Luís Bará Torres e da deputada Montserrat Valcárcel Armesto, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto na biodiversidade e nos espazos naturais protexidos provocado polos lumes forestais acontecidos en Galicia en agosto de 2025. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Xosé Luís Bará Torres (BNG)*. (Páx. 67.)

Resposta da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (María Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 70.)

Réplica do autor: *Xosé Luís Bará Torres (BNG)*. (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (María Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 75.)

Pregunta das deputadas María Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as garantías para unha axeitada atención no vindeiro curso 2025-2026 ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. (Punto sétimo da orde do día.)



Intervención da autora: *María Cristina Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 78.)

Réplica da autora: *María Cristina Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 79.)

Pregunta da deputada María Elena Espinosa Mangana e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a proposta de inclusión nos orzamentos de 2026 dunha contía de 36 millóns de euros para dedicar á rehabilitación e mellora das infraestruturas dos centros educativos públicos de Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *María Elena Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 81.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 82.)

Réplica da autora: *María Elena Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 84.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e nove minutos da tarde e retómase ás catro.

Pregunta da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as pretensións do Goberno de España respecto do sistema de distribución de menores migrantes non acompañados entre as distintas comunidades autónomas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Raquel Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 85.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Raquel Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 88.)

Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea sobre a tramitación dos proxectos eólicos realizada pola Xunta de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Gonzalo Trenor López (P)*. (Páx. 89.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (María Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 90.)

Réplica do autor: *Gonzalo Trenor López (P)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (María Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 91.)



Pregunta da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para manter as prazas das persoas funcionarias con máis antigüidade no concurso de traslados. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Facenda e Administración Pública (Miguel Corgos López-Prado)*. (Páx. 94.)

Réplica da autora: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Facenda e Administración Pública (Miguel Corgos López-Prado)*. (Páx. 96.)

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que realiza a Xunta de Galicia do inicio dos expedientes para a declaración do pazo de Meirás e da illa de San Simón como lugares da memoria democrática. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 100.)

Pregunta das deputadas Mercedes Queixas Zas e Monserrat Valcárcel Armesto, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a avaliación da Xunta de Galicia do impacto dos incendios forestais de agosto de 2025 no patrimonio cultural galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Mercedes Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 102.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 103.)

Réplica da autora: *Mercedes Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 105.)

Pregunta do deputado Secundino Fernández Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as eventuais responsabilidades políticas da conselleira do Medio Rural pola situación en que estaba o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais cando se inicia a vaga de lumes do mes de agosto. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 106.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 107.)

Réplica do autor: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 109.)

Remata a sesión ás cinco e quince minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión.

Continuamos co punto quinto, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central sobre a situación actual da concesión da AP-9 tras o ditame da Comisión Europea

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir un novo segundo parágrafo na parte resolutiva da iniciativa co seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar as mesmas bonificacións que nas autoestradas de titularidade estatal AP-9 e AP-53 nas autoestradas de titularidade autonómica AG-53 e AG-57, como paso para implantar a gratuidade total nas devanditas autoestradas.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Luis Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Dirixirse ao goberno de España para que, consecuentemente co ditame motivado da Comisión Europea do pasado mes de xullo, inicie de oficio os trámites para a anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP9 e considerada ilegal pola UE, como paso necesario para asumir a xestión directa e garantir a gratuidade da autoestrada.

2. Desistir da vía do rescate da concesión, por ser máis gravosa para as arcas públicas e supoñer un importante incremento da compensación económica á concesionaria.»)



O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Rodríguez Martínez.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Acabamos de comezar un novo curso político, unha sorte de volta ao cole na que mesmo os gobernos que remataron o curso anterior con boa nota, como o da Xunta, se atopan no inicio do curso con materias pendentes doutros gobernos menos aplicados, como é o caso do estatal. Nin consta nin hai motivos para pensar que o presidente Sánchez levase a La Marea cadernos de reforzo para mellorar o seu desempeño nestas materias pendentes. Tampouco a intensa actividade nas redes sociais do ministro Puente fai sospeitar que atopase tempo este verán para sequera analizar, dunha vez por todas, a posibilidade de rescatar e liberar de pagamento a AP-9.

Pero, toda vez que nesta Cámara debatemos por última vez sobre o rescate e a gratuidade da AP-9 hai xa preto de catro meses, non é de máis que nós tamén repasemos, empezando por lembrar o protocolo habitual que rexe os debates da AP-9 neste Parlamento, que consta inexorabilmente de cinco pasos que se desenvolven por esta orde.

En primeiro lugar, nós, o grupo maioritario, presentamos unha iniciativa na que reclamamos para Galicia a mesma vontade política e recursos económicos que o Goberno do Estado, co apoio inquebrantable do BNG, si ten para outros territorios. Pedimos basicamente respecto e dignidade para Galicia na análise da súa demanda dunha AP-9 cen por cento galega e gratuíta, porque non queremos ser máis que os demais pero nunca admitiremos ser menos que ninguén.

En segundo lugar, ocasionalmente o BNG, pero sempre o PSdeG, presentan unha emenda a esa iniciativa coa que pretenden desviar a atención desta discriminación que están a padecer os galegos, introducindo a rebaixa das autovías galegas —as máis baratas de España— para non falar da AP-9 —a máis cara de Europa—.

O terceiro paso é o debate da iniciativa, no que a oposición nesta Cámara, en lugar de falar do que toca facer no presente para poñer fin a esta situación, fala do que se fixo no pasado para tentar fuxir da súa responsabilidade actual. Non cansarei de repetilo, señorías: ningunha das decisións presentes ou futuras que poidan supoñer a transferencia, o rescate ou a gratuidade da AP-9 están hoxe condicionadas por ningunha decisión pasada. (*Aplausos.*)

O cuarto paso deste protocolo é a aprobación da iniciativa, por suposto, por unanimidade, como previsiblemente sucederá tamén hoxe dentro de escasamente unha hora. O que non sabería dicirlles é se esa unanimidade é un monumento á máxima hipocrisía política ou un acto de contrición previo ao quinto e último paso.

Porque o quinto e último paso é, para os galegos e para este Parlamento, o máis doloroso e humillante de todos. Xusto antes ou despois desa unanimidade, Galicia recibe do Goberno



central, coa complicidade incondicional do BNG, unha labazada de desleixo a modo de prórroga ou de trámite de emendas á Proposición de lei orgánica de transferencia da nosa autoestrada.

Aquí o teñen, señorías: *(O deputado Roberto Rodríguez Martínez amosa un documento.)* un ano de prorrogas, 40 no que vai de lexislatura e 55 se sumamos as da lexislatura anterior; unha tramitación que era de urxencia, señorías! ¿Ata cando lle van negar a Galicia o debate, señorías?, *(Aplausos.)* ¿ata cando? *(Aplausos.)* Eu preguntome, señorías, a estas alturas, ¿para que estas prórrogas?, ¿para que este encono con Galicia negándolle a tramitación da petición unánime deste Parlamento? ¿Para que os galegos non vexan os socialistas galegos votar en Madrid en contra da transferencia da gratuidade da AP-9?, ¿para que os galegos non vexan ata que punto os nacionalistas galegos son irrelevantes nas decisións dese Goberno central que apoian de xeito inquebrantable, pase o que pase e faga o que faga? Pero, de verdade, señorías, ¿vostedes cren que os galegos e as galegas son parvos? Non, señorías, os galegos saben que mañá pagarán peaxes non por culpa de Aznar, senón por culpa de quen hoxe nos desgoberna en España. E saben tamén que o BNG non pinta absolutamente nada en Madrid e que nin sequera son quen de obrigar a Pedro Sánchez a cumprir co que asinaron e lle prometeron aos galegos a cambio do seu apoio, señorías.

Señorías, é imprescindible romper este círculo vicioso; un círculo vicioso de discriminación e de agravio a Galicia. E, para romper este círculo, primeiro teñen vostedes que romper con Sánchez. Deixen vostedes de ser soldados exemplares de Sánchez e alístense dunha vez no bando correcto, no bando de Galicia e os galegos.

Señorías, preséntaselles unha ocasión inmejorable para facelo. A Comisión Europea acaba de remitir ao Goberno de España un ditame no que advirte da vulneración das regras comunitarias en materia de contratación no proceso de prórroga da concesión da AP-9, ao entender que constitúe unha modificación substancial equiparable á adxudicación dun novo contrato e que, polo tanto, terían que someterse a un novo procedemento de licitación competitivo. Eu vou ser novamente claro: ¿esixencia de responsabilidades? Toda e a todos, e que esas eventuais responsabilidades por todas e cada unha das prórrogas acordadas —a de González no ano 94 e a de Aznar no ano 2000— caían sobre quen teñan que caer e que as asuman quen as teñan que asumir, mais nunca os galegos. E, desgraciadamente, son os galegos os que as están a asumir por obra e graza de Sánchez e de quen o apoia. *(Aplausos.)*

Si, señorías, por obra e graza de Sánchez e de quen o apoia. ¿Queren a proba? Miren, dende a notificación do ditame de Bruxelas, o Goberno de España dispón dun prazo de dous meses para acatalo e anular a prórroga da concesión ou para xudicializar o procedemento ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Falta unha semana para que ese prazo venza, pero o Goberno xa adiantou que esgotará as opcións de resposta e interporá os correspondentes recursos. ¿Como lles van explicar vostedes isto aos galegos? Porque, na práctica, señorías, isto supón que son vostedes, Sánchez e os seus socios, os que van levar a concesión da AP-9 ata o 2048, ou, polo menos, ata que a xustiza Europea resolva, dentro de cinco ou máis anos, o litixio que vai provocar o Goberno de España.



Señorías, non podemos renunciar á oportunidade que, á vista do ditame, supón para Galicia o inmediato rescate e liberación das peaxes da AP-9. A Xunta acaba de facer unha avaliación que cuantifica a estimación actual da indemnización polo rescate en algo máis dos 2.300 millóns, cantidade similar á que habería que pagar desde aquí ata o fin da concesión. O estudo incide, por unha banda, na suba desmesurada das tarifas para os usuarios nos últimos anos e no enriquecemento progresivo da concesionaria, e, por outra banda, en que o rescate da concesión e a liberación da peaxe implicará o transvasamento de tráfico dende as estradas convencionais cara á AP-9, o que implicaría beneficios ambientais, de seguridade viaria, de calidade ambiental, de aforro de tempo e de competitividade; beneficios que tamén deben ser cuantificados para acadar o mellor criterio na toma de decisión sobre o rescate.

Remato. Xa que logo, atopámonos ante unha oportunidade única. A máis que probable resolución da Unión Europea respecto da vixencia da concesión debe facer reflexionar ao Goberno de España e a quen o apoia acerca da conveniencia dun rescate que, canto máis tarde se faga, peor será, dada a escalada dos beneficios da concesión, que están xa a punto de chegar ao 80 por cento no período 2021 e 2024 no seu incremento. Non se pode entender —e, no meu humilde criterio, non se pode defender— a negativa do Goberno a avaliar sequera a oportunidade de levalo a efecto.

Señorías, abandonemos dinámicas pasadas, rompamos este círculo vicioso de agravio a Galicia.

Por agora, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor López Font.

CARLOS LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Novo curso político —é certo—, pero o mesmo PP; aínda con máis demagogia e cinismo. «Abandonemos dinámicas pasadas», di o señor Rodríguez; a maior graza desta mañá. É o mesmo PP. Outra vez, a AP-9, e, coma sempre, agradecemento; agradecemento por poder contar aquí ás galegas e aos galegos por que pagamos peaxes. Nesta ocasión, o agradecemento é maior, porque si que é certo que hai novidades. O texto da súa proposta, señor Rodríguez, é unha emenda á totalidade da política do PP, da política practicada polo PP en Madrid e aquí. E vostede, sen decatarse, a quen pon a pan pedir é ao Partido Popular.

Explícolle. É certo que tivemos coñecemento dun ditame da Unión Europea, aínda pendente de resolución definitiva, e celebramos os socialistas que esteamos cada vez máis preto da declaración dunha posible ilegalidade da prórroga de Aznar sobre a AP-9. A vostede non lle gusta falar de Aznar e di que o pasado non condiciona. ¡Claro que condiciona! ¿E que di ese ditame? O que os socialistas dicimos sempre: que o Goberno de Aznar vulnerou as normas europeas ao non convocar un procedemento de licitación pública nin publicar un anuncio a



nivel da Unión Europea. En suma, saltouse todas as normas de contratación, vulnerando a legalidade e, señor Rodríguez, favorecendo a concesionaria (*Aplausos.*) e castigando os galegos e as galegas con pagar peaxes durante 25 anos. (*Aplausos.*) Todo isto, señor Rodríguez, ante o silencio do presidente da Xunta, Feijóo, e do PP galego. Todo iso é o que di vostede nesta proposta. Todo iso —entendendo ese ditame como unha sentenza inicial— sentencia o Goberno de Aznar, os gobernos do PP en Madrid; senténcias co peor que se pode facer na política: favorecer o interese privado, castigando os cidadáns con pagar o que non debían dende hai dous anos.

No me sorprende a desvergoña de vostedes, non me sorprende o cinismo para relatar decisións ilegais dun goberno do PP. ¡É que calquera que non soubese de que vai isto pensaría que o PP non ten nada que ver e que é unha vítima! Pero non enganan ninguén, claro que os galegos non son parvos, ¡claro que non son parvos, señor Rodríguez! Ao que relata vostede debería engadir quen tomou cada unha desas decisións ilegais ás que alude o ditame, e todas correspóndense con decisións do seu partido e dun presidente do Goberno do Partido Popular. Por iso, estamos ante o maior exemplo de cinismo. ¿Rescate de que, señor Rodríguez? ¿Do que finalizaría hai dous anos e do que nos quedan 23 anos de condena a seguir pagando? ¿Rescate a pagar, por que? Di vostede de asumir. Iso é o que tería que asumir o Partido Popular e Aznar, e pagar quen corresponde.

Pero toca seguir facendo o balance da situación actual, desa que a vostede non lle gusta nada. A aposta dos socialistas é o horizonte da gratuidade e protexer a economía da sociedade galega pola vía das bonificacións, que en ningún goberno do PP se materializaron. É aquí onde si que avanzamos, e moito, desde o 2018. Hoxe temos unhas bonificacións do 75 por cento, grazas ao Goberno de Pedro Sánchez, que vostede quere tanto. Hoxe estamos camiño da gratuidade grazas ao Goberno de Pedro Sánchez.

Miren, para xeral coñecemento, desde 2018 a finais de xuño deste ano, os usuarios da AP-9 aforraron 375 millóns de euros; aforro directo vía bonificacións, as cales —hai que lembrar— tamén foron ampliadas á AP-53. Hoxe, anualmente, esas bonificacións custan 100 millóns de euros, que paga o Goberno de Pedro Sánchez.

É certo que estamos máis preto dunha hipotética declaración de ilegalidade, pero hai que chegar ao final, o cal pode condicionar o custo do rescate, sobre o cal vostedes conxecturan con cifras alegremente. Estamos máis preto de poñer fin a unha concesión herdada da nefasta xestión do Goberno de Aznar. Porque Aznar nos afundi e Rajoy non tomou nin unha soa medida en favor dos usuarios. Foron os socialistas, os gobernos socialistas, os que tomaron decisións en favor do público, co horizonte da gratuidade; que non se enganen os usuarios. Xullo de 2023 é a data na que se terían que ter levantado as peaxes, como ocorreu noutras autoestradas. Porque é totalmente certo, ¡claro que se levantaron peaxes! Nas autoestradas que non tiveron prórrogas como a AP-9 por suposto que se levantaron.

Mire, é tal a cegueira política que teñen vostedes que non saben nin o que escriben. Este texto que debatemos é o relato dunha actuación dun presidente do Goberno do PP que actuou á marxe da lei. Porque o ditame, señor Rodríguez, tamén reproba que se vendese a concesión para favorecer aínda máis as grandes empresas. Todo isto tamén o fai o Goberno de Rueda



—favorecer as grandes empresas— aquí en Galicia, cando rescata con 300 millóns catro autovías polas que non pagabamos, favorecendo os intereses das grandes empresas.

Porque, señor Rodríguez, tan preocupado que está pola AP-9, di desviar a atención. Unha vez máis preguntolle: ¿Non lle preocupa a situación das autoestradas autonómicas?, ¿cando pagamos é desviar a atención?, ¿non se lle ocorre a vostede instar o Goberno galego a algo tan simple como o que lle pide ao Goberno de Madrid? Repito —hoxe con máis argumentos— o que dixemos sempre: 18 xullo de 2023, levantamento das peaxes se non fose polas decisións de Aznar. (*Aplausos.*) Pero os galegos, como non son parvos, saben o que aforran a diario vía bonificacións e saben que se corresponden con decisións do Goberno socialista. Esta é a diferenza entre os socialistas e vostedes.

Espero que hoxe, tan preocupado que está polas peaxes, acepte a emenda de adición e que se preocupen vostede e o Partido Popular dos usuarios da AG-55 e da AG-57 coa mesma paixón coa que o fai pola AP-9.

Mire, señor Rodríguez, finalizo eu tamén. A AP-9 para o PP só é un elemento de confrontación co Goberno do Estado, e vostedes, antes de falar de peaxes da AP-9, o que deben de facer é pedir perdón polas decisións de Aznar como presidente do Goberno do PP.

Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Quero comezar esta intervención expresando o enorme orgullo do BNG pola masiva mobilización pacífica do pobo galego en solidariedade co pobo palestino e para denunciar o xenocidio que está cometendo contra este pobo palestino o Estado sionista e xenocida de Israel, que está literalmente masacrando o pobo de Gaza. (*Aplausos.*) Paréceme unha indecencia querer comparar esta suposta inseguridade da Volta Ciclista co masacre televisado de máis de 64.000 gazatís, co asasinato con bombas e con fame de miles de nenos e nenas. É unha inmoralidade, é unha ruindade facer esta comparación. E, desde logo, nós non imos mirar para outro lado; non no noso nome. Palestina vencerá. (*Aplausos.*)

Señor Rodríguez, por un momento pensei que pasaba vostede ao Grupo Mixto, ao grupo de non adscritos, porque case lle faltou aquí presentar unha denuncia na vía xudicial para pedirlle responsabilidades a Aznar e que pague el os miles de millóns cos que se está forrando a concesionaria pola prórroga que lle deron vostedes. É que veu facer aquí vostede unha confesión de culpa, da súa responsabilidade por termos que estar agora pagando estas peaxes abusivas e porque, efectivamente, desde o 2023 ao 2048 hai unha prórroga que fai que a concesionaria se estea forrando. Estase forrando, como recoñeceu vostede, por unha decisión



do Partido Popular, por unha decisión súa. Esta é a realidade e agradecemoslle que veña aquí falar disto; agradecemosllo sinceramente.

E, ademais, está facendo vostede tamén unha asunción das súas responsabilidades, aínda que vostede ten certa memoria selectiva. Vostedes achácanlle ao Partido Socialista —e é certo— que está atrancando, que está boicoteando a transferencia despois de ser acordada unánimemente neste Parlamento. E hai que pedirlle responsabilidades por iso ao Partido Socialista, pero tamén a vostedes. E vostede diso esquécese. ¡Vostedes vetaron ata tres veces a transferencia da AP-9 no Congreso! Nin sequera admitiron a trámite un acordo unánime do Parlamento galego. ¿Pero que clase de lección nos vén dar aquí vostede, señor Rodríguez, señorías do Partido Popular?

Voulle lembrar algo, porque vostede ten memoria selectiva. «*De la Serna niega el traspaso de la AP-9: “Su titularidad está donde tiene que estar”*». «Xunta e Fomento substitúen a transferencia da AP-9 por unha comisión de seguimento», gran logro do señor Feixóo cando era presidente da Xunta.

E a verdade é que vostedes neste tema son como pingas de auga, PSOE e Partido Popular; representan o mesmo centralismo extremo. A vostedes realmente as transferencias hai que lles arrincar literalmente das entrañas. E ese é o papel do BNG, ese é o papel que estivo facendo todo este tempo o BNG liderando o debate sobre a AP-9, redactando de puño e letra as propostas de transferencia da AP-9, conseguindo que todos vostedes viñesen á nosa posición no Parlamento galego. ¡O que pasa é que despois pasan o Padornelo e defenden os intereses do Estado e traizoan este Parlamento e traizoan Galiza, porque son exactamente iguais! (Aplausos.) Fixeron exactamente o mesmo os dous.

E, mire, sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea, que xa vén desde o 2021 —hai que recoñecer que foi por unha denuncia dunha asociación, En Colectivo—, no pasado mes de xuño, efectivamente, hai un novo ditame motivado que dá dous meses ao Goberno central para que anule a concesión, porque é ilegal; algo que levamos dicindo e que aprobamos aquí no Parlamento en todos estes anos. Polo tanto, a concesión ten que ser anulada. O Goberno central ten que revisar de oficio a prórroga por vulnerar o procedemento legal establecido. Non ten que rescatar a concesión, señor Rodríguez, como pretende o Partido Popular, porque iso sería unha ruína para as arcas públicas e encarecería en máis de 1.000 millóns o prezo da recuperación da autoestrada. É unha auténtica barbaridade e vostedes parece que queren encher de novo as arcas da concesionaria con esta proposta de rescate, que o que significaría é que habería que incrementar a compensación co lucro cesante. É un erro, teñen que rectificar, teñen que corrixilo, porque quen beneficia exclusivamente é a concesionaria, a non ser que vostedes —como fixeron outras veces— queiran, efectivamente, beneficiar a concesionaria, como fixeron con ese estudo que lle encargaron á empresa Eptisa, que é unha empresa que traballa para a AP-9 —entón, ¿que se pode esperar?— e que fixo ese cálculo incluíndo o lucro cesante porque plantexa o rescate da concesión. Xa lle digo que por aí non teñen que ir.

Desde logo, o BNG fixo un estudo serio e rigoroso que lle encargou á Universidade da Coruña e que establece unha estimación do custo en arredor de 1.000 millóns de euros a partir do



cómputo do valor do mercado e da concesionaria. Polo tanto, sen pagar o lucro cesante.

¿E cal é o custo que tería a recuperación da concesión polo Estado, segundo o Goberno central? Pois aquí temos que dicir que a falta de rigor, a falta de seriedade e o *pitorreo* tanto do señor Rajoy como do señor Puente ultimamente son absolutamente insultantes cando falan de custos. O señor Puente fala de 6.000 millóns de euros sen dar ningún estudo, e o señor Rajoy tamén falaba de 4.000 millóns para vetar a tramitación da proposición non de lei. Polo tanto, pedímoslles un pouco de seriedade e un pouco de rigor.

En todo caso —e eu rétoos aquí, se queren, a traer os representantes de Eptisa e da Universidade da Coruña a unha comisión informativa para comparar os estudos e chegar a algunha conclusión—, hai estudos, hai cálculos, incluídos os do Consello de Estado, que din que o custo que tería a anulación da concesión, a xestión pública e a gratuidade, polo tanto, da autoestrada, sería inferior ao dos pagamentos por peaxes na sombra e polas bonificacións, que hai que dicir que foron un avance na medida en que reduciron o custo da autoestrada e que foron un logro do BNG na negociación co PSOE do que se benefician miles e miles de usuarios e usuarias da AP-9.

E non fagan trampas ao solitario comparando coa AP-7, porque a AP-7, a que vai por Alicante no Mediterráneo, é gratuíta hoxe porque caducou a concesión, rematou a concesión; ¡como remataría no caso da AP-9 se vostedes non lle desen 25 anos de máis, que foi o que fixeron!

Polo tanto, presentamos unha emenda que basicamente consiste en instar o Goberno central a que inicie os trámites para a revisión de oficio desa prórroga, que, a todas luces, é ilegal, como acreditou a Comisión Europea no seu ditame motivado; e, en segundo lugar, que vostedes desistan, porque é un grave erro, desa vía do rescate da concesión, porque suporía unha ruína para as arcas públicas e un *pelotazo*, un novo *pelotazo* para a concesionaria. A non ser que iso sexa o que pretenda o Partido Popular, que non nos es-trañaría.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Mixto? (*O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*) Grazas.

Grupo proponente da proposición non de lei, señor Rodríguez Martínez.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Non imos aceptar as súas emendas. A do BNG porque, como habitualmente, todo o que propón non é bo para Galicia, e a do Partido Socialista porque o que propoñen non é bo nin para vostedes mesmos. Eu non sei se máis alá de Sánchez haberá socialismo, pero máis alá de Sánchez hai dignidade. Polo tanto, non ligen a súa sorte á de quen está unha e outra vez a agraviar, a discriminar e a desleixar a nosa terra. (*Aplausos.*)



Señor Bará, benvido de volta á AP-9. Vostedes saberán que é o que ocorre por aí, pero ben, eu encantado de debater con quen vostedes queiran.

Non se preocupe, eu voulle dicir en que grupo milito: no Grupo Parlamentario Popular, que é o que defende os intereses de Galicia fronte aos atropelos que vostedes apoian unha e outra vez, *(Aplausos.)* pase o que pase, faga o que faga o señor Sánchez.

Miren, ¿por culpa de quen pagamos os galegos pola AP-9 as peaxes máis altas de Europa? ¿Por culpa dun goberno do PP?, ¿están seguros? Miren, imos facer contas. Prórroga de Felipe González, 10 anos, de 2013 a 2023; esgotada. Prórroga de Aznar ata 2048, da que se levan esgotados unicamente 2 anos, de 2023 ata 2025, ano no que Europa acaba de declarala ilegal. Polo tanto, señorías, a partir da vindeira semana, a responsabilidade de esgotar a vixente concesión será única e exclusivamente do Goberno central e dos seus socios. *(O deputado Roberto Rodríguez Martínez amosa unha infografía.)* De momento, 2 anos de Aznar en azul, fronte a 10 de González mais os que veñan por obra e graza de Sánchez. ¡Dun total de 35 anos de prórroga, 33 serán cortesía do goberno socialista en Madrid, señorías! *(Aplausos.)* Pero, ¿quen queren enganar? ¡Xa está ben de tanta mentira, xa está ben de tanto comodín de Aznar! Que o saiban todos, señorías: ¡a vindeira semana entra en vigor a prórroga de Sánchez, co seu apoio incondicional! *(Aplausos.)*

Pero vou máis alá. ¿Por culpa de quen, neste 2025, a concesionaria baterá récord de ganancias e superará, por primeira vez, os 200 millóns de facturación e os 100 millóns de ganancias? ¿Por culpa dun Goberno do PP? Non, señorías, fagamos contas: pola decisión de Zapatero e de Blanco, na véspera das eleccións de 2011, de que as obras de ampliación de Santiago e de Rande as pagasen os galegos coas subas extraordinarias acumulativas e grazas ao esquema de bonificacións aprobado por Sánchez no 2011. Urxe poñer fin a este excesivo enriquecemento da concesionaria, e correspóndelles a vostedes.

Din outra mentira, porque é mentira que só se rescatan autoestradas que rematan concesións. Miren, dende que Sánchez é presidente, ten decretado a gratuidade de oito autoestradas: a AP-1, AP-2, AP-4 e AP-7; no 2026, será gratuíta a AP-68, e no 2029, a AP-6, a AP-51 e a AP-61. Pero non é verdade que só se rescaten autoestradas que rematan a concesión. Miren, *(O deputado Roberto Rodríguez Martínez amosa uns documentos.)* a Sociedade Estatal de Infraestructuras del Transporte Terrestre rescatou a R-4, a R-2, a R-3, a R-5, a M-12, *(Murmurios.)* a AP-36 e a AP-7 na circunvalación de Alicante e de Cartagena. ¡Mil millóns de euros en total, todas con concesións vixentes! Pero, ¿que forma de mentir tan descarada é esta, señorías? ¡Pero que forma de mentir tan descarada é está! *(Aplausos.)* Iso si —xa remato presidente—, para Galicia e para a AP-9, nin hai vontade política nin hai recursos económicos, aínda que a Unión Europea propicie unha oportunidade única ao declarar ilegal a prórroga vixente. Pero, señor Font, ¿como pode vostede subir aquí e dicir alegrarse de que cada día está máis cerca o fin da prórroga, cando o seu Goberno a semana que vén vai prorrogar, como mínimo, o que dure o procedemento xudicial...? *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Teñan a coraxe de romper con Sánchez porque non teñen xeito de explicarlle isto aos galegos. Polo tanto, correspóndelles a vostedes finalizar



co dobre agravio que padecen os galegos. Por un lado, pagando as tarifas máis altas de Europa e, por outro, vendo como outros territorios si se rescatan e quedan libres do pagamento de autoestradas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Paren esa aldraxe; nin queremos ser máis, nin toleraremos ser menos que ninguén.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para actualizar a súa política de prevención e loita contra os incendios forestais

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

Quero comezar esta intervención co agradecemento infinito do Grupo Parlamentario Socialista aos traballadores e traballadoras das distintas administracións que, en condicións extremas, deron o mellor de si. Grazas de corazón ao Servizo de Prevención de Incendios da Xunta de Galicia, á UME, á BRIF de Laza, aos bombeiros do GES, aos bombeiros comarcais, a Protección Civil e ás brigadas dos concellos. Tamén a todos e todas as voluntarias que estiveron aí durante os incendios. A súa entrega sen medios, moitas veces sen apoio, foi clave para facerlle fronte ao lume. E tamén queremos recoñecer os veciños e as veciñas que, coas súas propias mans, impediron que ardesen as súas casas e as dos seus veciños. Sen eles, a traxedia sería moito maior.

Este verán de 2025 xa pasará á historia como o máis negro ata o de agora en Galicia en materia de incendios forestais. A propia Xunta recoñece —recoñecía onte o presidente Rueda— máis de 120.000 hectáreas queimadas só en xullo e en agosto. Foron 62 concellos afectados con enormes danos persoais, ambientais, económicos e sociais, e, na provincia de Ourense, máis dun 14 por cento da superficie foi arrasada polas lapas.

Este verán debe marcar un punto de inflexión, este verán ten que supor un antes e un despois na política forestal galega. Non se pode repetir a resposta improvisada e tardía da Xunta de Galicia. O Goberno galego tiña a obriga de cumprir co xa acordado neste Parlamento: o ditame parlamentario do ano 2017, publicado o 10 de agosto, e tamén as recomendacións dos expertos do ano 2019. E, pola contra, un 70 por cento destas medidas aprobadas non se cumpriron. Non hai nova lei de incendios, non hai plans de ordenación dos recursos forestais,



non hai reformulación do sistema das brigadas municipais, non se remiten a este Parlamento os informes bianuais de avaliación dos indicadores, non existe a repartición axeitada de medios humanos e materiais por distrito á que se comprometeron, non se cumpre a Lei de recuperación da terra agraria, non avanza na aplicación da revisión do Plan forestal 2021-2040 cara á neutralidade carbónica e nin sequera fan o máis fundamental: plans de prevención por distrito, nin o básico: un mapa de combustibles. E, por suposto, nada sabemos —como dicía— desa nova Lei de incendios que prometeron dende o ano 2021, e que vostedes mesmos dicían que era urxente xa no ano 2007. Un deputado do Partido Popular —recordarán—, Roberto Castro, «advirte que a Lei de incendios será derogada cando o PP volva gobernar». E levan dezasete anos.

Estamos, señorías do Partido Popular, ante unha crise estrutural, como xa dicía onte o noso portavoz e secretario xeral José Ramón Gómez Besteiro. O abandono progresivo do rural, a falta de servizos básicos e o incremento da biomasa convertéronse nunha bomba preparada para estourar cada verán. Sen poboación que coide o monte, sen actividade agraria e gandeira, sen silvicultura preventiva, Galicia está en risco permanente; falamos de seguridade cidadá. E iso nótase, con especial crueza, na miña provincia, en Ourense.

¿Que dicir do Pladiga? O Pladiga 2025 foi aprobado fóra de prazo, en maio, cando debería estar listo en outubro do ano anterior. A propia conselleira do Medio Rural renunciou a presentalo en sesión plenaria, agochándoo en comisión. Non recolle este documento as medidas ambiciosas fronte aos incendios convectivos e de sexta xeración que nós pediamos no mes de xuño.

Ano tras ano, reclamamos dende este Grupo Parlamentario Socialista un balance de xestión ao rematar cada tempada: os obxectivos cumpridos, os non cumpridos, os cortalumes feitos, os puntos de auga habilitados, a rozas realizadas ou o persoal e medios materiais por distrito, pero nunca, nunca se nos ofrece esa información. E onte díciálle Rueda ao meu portavoz que a pedise. ¿Que a pedise? Pedímola, pero non contesta o Goberno galego; opacidade e máis opacidade.

Mentres tanto, a realidade do dispositivo é un auténtico caos. As brigadas que deberían de ter sete compoñentes funcionaban só con tres, sen capacidade de operar con seguridade. Existe un déficit crónico de condutores de motobomba, o que provoca que vehículos parados non poidan sequera saír apagar os incendios. Segundo denuncian os sindicatos, contabamos con 70 brigadas menos que hai apenas catro anos. Este grupo parlamentario tamén o advertía na interpelación: máis de 300 prazas quedaron sen cubrir esta campaña. E, para rematar, a formación; cursiños de poucas horas, e directamente a enfrontarse co lume.

Isto, señorías, non é a política seria; é poñer en risco a vida das persoas. Esta xestión caótica ten consecuencias dramáticas. Non se trata só de hectáreas queimadas, que xa é moi importante, senón de aldeas evacuadas, vivendas ameazadas e persoas que perderon gando, colleitas e patrimonio. Galicia non pode aceptar esta improvisación como norma. Ano tras ano, a Xunta insiste en que temos 7.000 efectivos. Miren o Pladiga ano tras ano e as roldas de prensa que daban Rueda e Feijóo, e verán sempre o mesmo titular: 7.000 efectivos para a campaña de alto risco. Pero nunca aclararon cantos estaban realmente activos cando comezou a tempada de alto risco. ¿7.000?, ¿5.000?, ¿3.000?



Señorías, non se pode xestionar con mentiras e propaganda mentres Galicia arde. Este modelo está esgotado; só improvisación, campañas de verán, gasto masivo en extinción e abandono total da prevención. En dezasete anos de gobernos do Partido Popular non houbo planificación, nin ordenación, nin profesionalización do servizo. Nin Feijóo, nin Rueda, nin ningún dos conselleiros do Medio Rural ou de Medio Ambiente fixeron nada para cambiar o rumbo.

Hoxe presentamos iniciativas en positivo, como sempre facemos, que vostedes desbotan unha e outra vez. Teño unha relación das que vostedes desbotaron; se me dá tempo, pódoa transmitir.

Con esta proposición non de lei defendemos unha política forestal integral que vertebre o rural, vinculando a agricultura, a gandería e a silvicultura, con atención especial ás zonas de montaña; a reconstrución real das zonas afectadas, ambiental, económica e socialmente —non nos valen os parches anunciados onte polo presidente da Xunta de Galicia—; un servizo único, profesional, estable, con formación continua, medios axeitados e condicións laborais dignas; que a prevención se execute como ten que ser, antes de xuño, evitando que chegue o verán coma onte, sen traballo preventivo, como fan vostedes; a revisión do Pladiga, para incluír medidas fronte aos incendios convectivos, que non se enteran; plans de auto-protección e evacuación en todos os núcleos de risco, coa participación cidadá e municipal —que ben nos virían este verán—, e a posta en marcha dos plans de ordenación de recursos forestais en todos os distritos, como mandato ineludible para planificar os usos do monte e anticipar respostas, porque dúas terceiras partes da superficie galega son forestais, e, igual que temos unha planificación urbanística, temos que ter unha planificación forestal.

E nós, o Grupo Parlamentario Socialista, levamos anos explicando que, sen planificación, non hai eficacia posible; sen ordenación, non hai un territorio vivo, e sen un corpo profesional público e único, non hai seguridade.

O PRESIDENTE: Remate.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Pregúntelles aos brigadistas de Oímbra. Pregúntelles, señora Cristina.

Señorías, non se trata só de aprobar novas propostas, senón de cumprir coas aprobadas. O Partido Popular leva dezasete anos mirando cara a outro lado, gastando millóns en extinción e negándose a reformular un modelo que fracasou. Galicia está a sufrir as consecuencias desa irresponsabilidade política. Hoxe, con máis de 120.000 hectáreas arrasadas, con ducias de concellos devastados —un segundo, presidente—, con milleiros de persoas que perderon patrimonio e medios de vida, a Xunta non pode seguir dicindo que todo o fixo ben. Porque Rueda onte dicía que se trama incendiaria, que se condicións meteorolóxicas... e botaba a culpa aos concellos e aos propios propietarios galegos.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: A Xunta ten que asumir a responsabilidade...



O PRESIDENTE: Ten outro turno.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: ...e as súas competencias, pero preferiu a propaganda, e non a acción.

Seguirei na segunda intervención. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Ben, onte falouse moito de incendios, e seguírase falando; temos que seguir falando moito disto. Pero, como o tempo é moi limitado, teño aquí as propostas da iniciativa do Partido Socialista, que son oito propostas que paso a comentar.

O primeiro punto di: «Poñer en marcha un plan integral de recuperación da actividade agrogandeira e forestal contra o despoboamento, con atención especial ás zonas de montaña». Algúns expertos estiveron onte nun programa de televisión, uns brigadistas do BRIF de Laza —non sei se viron o programa, do que tamén se fan eco algúns medios de comunicación—, e faláron fundamentalmente do que habitualmente falamos aquí e das solucións que propoñen os expertos.

Falaban de que un dos motivos da rápida expansión dos incendios e da dificultade de apagalos é que nos últimos anos se perdeu a presión gandeira que facían os rabaños nos montes. Lin hai uns días o artigo dun experto que propoñía, como unha condición necesaria —aínda que non suficiente seguramente—, a modificación da Lei 13 de 1989, unha lei de hai 36 anos que se fixo cando as condicións do monte eran moi diferentes ás de hoxe. Daquela, seguramente aínda había moitos rabaños pastoreando, sobre todo en montes de man común, que son os nosos latifundios, polo menos na provincia de Ourense. Tamén falamos sempre do problema do minifundio como un problema gravísimo que condiciona tamén moito esta clase de problemática, pero, se algún latifundio temos —se se lle pode chamar así— en Galicia en xeral pero especialmente na provincia de Ourense, son os montes en común, que, loxicamente, modificaron a súa actividade nas últimas décadas. Agora temos antenas repetidoras de sinais de teléfonos móbiles, agora temos moitas liñas de evacuación das centrais eléctricas etcétera.

Ou sexa, hai que facer unha lei —dicía este experto— da que parece ser que xa houbo algúns intentos nas lexislaturas pasadas: a Lei 13/1979 —unha nova lei debería aprobarse por unanimidade porque é unha cuestión galega fulcral—, para poder permitir outros cultivos sostibles e todas as medidas que hai que tomar para poder levar a cabo o que se propón neste púlpito. Onte falabamos da necesidade de cambios normativos e este xa, polo visto, é un deles. Tamén dicía ese experto que, mentres tanto, mentres non se modifique esa lei, a Xunta



podería botar man da Lei 13 de 1989 para promover sectores sectoriais que puidesen, en gran medida e mentres non se aproba a outra lei, conseguir os obxectivos que plantexa aquí o Partido Socialista no primeiro punto.

No segundo punto, fala de poñer en marcha un plan integral de recuperación socioeconómica. É fundamental un plan de recuperación e un investimento orzamentario activo en recuperación, porque, tal e como din os expertos, despois destes incendios que chaman «de sexta xeración», o medio ambiente non se recupera só. Din os expertos que no incendio convencional, que non alcanza unhas temperaturas tan extremas, a natureza, ao cabo duns meses —especialmente a natureza galega— vaise recuperando pouco a pouco. Todos vimos incendios no pasado en sitios calcinados que hoxe ou que nalgún momento volvemos ver cheos de vida vexetal, pero din os expertos que, con estes incendios destes últimos tempos, a natureza non se recupera. Alcánzase tan altas temperaturas que se deshidrata a terra, que se calcina o humus, que arden os propios carbóns que noutro momento aínda remataban por ser ao mellor unha especie de abono. Recordamos todos os que vivimos nalgunha aldea que as cinzas dunha cociña de ferro se aproveitaban para botalas de abono ás hortas, pero os graos de temperatura que alcanzan estes incendios fan que se calcine incluso o carbón nitroxenado que podía valer noutros momentos para abonar. Ou sexa, que esa superficie non se recupera por si soa cos elementos naturais; deshidrátase e, loxicamente, é pasto da erosión máis destrutiva. Ou sexa, que hai que deseñar activamente algún plan de recuperación co que axudar a natureza a recuperarse.

Logo fala de apostar por un modelo de extinción único. Eu aquí non entendo moi ben o que quere dicir; non sei se é que avoga por que se unifique este tipo de profesionais, cando hoxe en día están diferenciadas, por exemplo, as brigadas municipais, que son fundamentais porque coñecen mellor o terreo que, por exemplo os da UME, que veñen de fóra. Pero, ben, despois fala de reformular o modelo de brigadas municipais; ou sexa, que, dalgunha maneira, entendo que segue entendendo que son necesarios diferentes tipos de profesionais, entre brigadas, bombeiros, a propia UME... En todo caso, a contratación debe realizarse en períodos que permitan a prevención e sempre, desde logo, con medios materiais adecuados e con condicións laborais dignas —iso non ten discusión—.

Fala, por exemplo, de cumprir estritamente os prazos de execución dos traballos de prevención. Claro, aquí un dos maiores problemas é que, cando os concellos conseguen localizar e notificar as persoas que desbrocen —e sempre supoñendo que teñan a vontade de desbrozar motu proprio—, pois xa se pasaron os prazos; ou sexa, pasou o tempo dos incendios. E aquí tamén temos que dicir algo sobre o Estado central. O catastro moitas veces non está actualizado, e moitas veces a persoa que figura no catastro, aínda despois de ser localizada, resulta que non é a verdadeira propietaria, e entón aí tamén temos que dicir que os concellos se atopan con esa dificultade; primeiro para notificar, para localizar e para instar a que cumpran a obriga de desbroce, pero despois resulta, ao mellor, que, cando conseguen notificalo, pois xa pasou o período de incendios e moitas veces tampouco está actualizado o catastro nin reflicte a realidade —pasounos no Concello de Ourense e tamén tivemos que modificar a ordenanza hai algúns anos para minimizar ese problema—. Aí tamén temos que dicirlle algo ao Goberno central para que poida colaborar. Vimos onte que a Xunta de Galicia pretende asumir esa xestión, o cal nos parece moi ben porque, sobre todo nos municipios pequenos, a escaseza de recursos fai moi difícil que se poida facer.



Ben, fala de incorporar medidas específicas fronte aos incendios convectivos, de un mapa actualizado de combustibles e de promover unha paisaxe en mosaico, o cal, segundo din os expertos, é unha solución e unha medida importante. Vostedes, se viaxan en avión ou mesmo incluso só con que se movan por Google Maps simulando certa altura, van comparar a superficie de Galicia coa doutras rexións de España ou incluso do mundo, e verán como en Galicia se ven amplas zonas perfectamente homoxéneas sen estruturar e sen ordenar, cando, por exemplo, noutros países de Europa, se ve un mosaico perfectamente definido e ata queda bonito á vista. Isto é unha cousa que están dicindo sempre os expertos, non lles imos agora descubrir o mar Mediterráneo. Efectivamente, esta medida de ordenación das masas forestais é tamén necesaria, na medida en que os expertos sempre nos din.

«Desenvolver e implantar plans de autoprotección e evacuación para todos os núcleos de poboación en zonas de alto risco, coa participación activa da veciñanza dos concellos». Aquí podería engadir —si que estamos de acordo— que un problema engadido que se ten vivido moitas veces é que moitos destes núcleos están en zonas limítrofes dos concellos, e, ás veces, efectivamente, os concellos deberían poñerse de acordo, porque un concello pode deseñar un determinado plan, outro que está ao lado, algo distinto, e, ao mellor, o incendio se produce na zona interface entre os dous concellos. Pasounos no incendio que vivimos na cidade de Ourense na zona limítrofe co concello de Pereiro de Aguiar, na zona de San Cibrao de Viñas, no alto do Cumial, onde se producía unha delimitación de competencias. Por un lado, era un concello urbano, onde as competencias son da Policía Nacional a efectos de desaloxos, e o tráfico é da Policía Local; e do outro lado, era Garda Civil. E tivemos unha serie de problemas derivados dese conflito de competencias na zona limítrofe. Entón, quero apuntar que a participación activa dos concellos tamén debería ter en conta este factor, que moitas veces os incendios van ser en zonas onde o conflito de competencias vai facer que, ao mellor, estes plans entren en contradicións ou que non sexan o suficientemente sinérxicos.

Ben, eu tamén estaría de acordo co que propoñen desde Madrid, de que...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ARMANDO OJEA BOUZO: ...esta materia igual precisaba un pacto de Estado, aínda que me temo que, dadas as condicións políticas actuais, esa é unha cuestión que seguramente non se vai dar no curto prazo.

Nada máis. Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Valcárcel.

MONSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e a todos.



Señorías, a catástrofe persoal, ambiental e económica sufrida pola vaga de lumes en Galiza coa afección a persoas, a queima de espazos de altísimo valor ecolóxico ou a afección a incontables vivendas, empresas e bens de moita veciñanza —a quen quero trasladar moitísimo ánimo—, ten a súa causa inmediata nunha conxuntura neste agosto galego de moi altas temperaturas, moi baixa humidade e ventos difíciles de controlar. Mais nin a mudanza climática nin as circunstancias que tamén sucederon noutros territorios deben xustificar os graves erros da Xunta nos eidos de extinción e de prevención. (Aplausos.)

Quixera facer un inciso antes de nada para lembrar de maneira agarimosa os mozos queimados da brigada de Oímbra e os mellores desexos para a súa recuperación.

Por unha vez, por ser a primeira vez, vou estar de acordo co señor Feijóo. (A deputada Montserrat Valcárcel Armesto amosa un documento.) Ben, o que pon aí, ao mellor, non o poden ler, pero dígollelo eu: «*Ha sido un problema de prevención y planificación. Después de las lluvias de primavera y las temperaturas, era evidente que estábamos ante un riesgo añadido*». Foi entón o que deu o primeiro paso no recoñecemento da incompetencia do Goberno de Rueda tras obviar os labores preventivos, xa que —como vostedes todos saben— a competencia en prevención, xestión forestal e extinción de incendios recae nas comunidades autónomas, como recolle a Lei de montes.

Só catro incendios queimaron neste agosto a mesma superficie que en 2006 arrasaron arredor de dous mil lumes. Neste agosto, foron lumes que avanzaron sen control e que, a partir do inicio nun foco, acabaron arrasando milleiros de hectáreas e afectando numerosos concellos. O orixinado en Larouco —xa o máis grande da historia neste país— superou as 30.000 hectáreas e espallouse polos concellos de Petín, O Bolo, A Rúa, Quiroga, Vilamartín, O Barco, Rubiá e A Veiga.

As áreas máis afectadas na vaga deste verán comparten características comúns que os fan máis perigosos: semellanzas climatolóxicas na masa arbórea, na política forestal e no intenso despoboamento rural. Pero, nunha prolongada desestruturación do mundo rural, na reiteración destas crises incendiarias, hai que falar de tres aspectos fundamentais: dos mecanismos de prevención establecidos, das políticas forestais e das características dos dispositivos de extinción postos en marcha. Nestes tres ámbitos é onde foi negligente a xestión realizada pola Xunta. E, se facemos unha análise das políticas dos gobernos do PPdeG dende o 2009, temos unha faixa de protección que vostedes rebaixaron a 50 metros, e temos neste ano sen executar 11 millóns de euros en medidas de prevención, incluíndo franxas de protección en parroquias de máximo risco. É dicir, dende o Goberno en todos estes anos amosaron unha cativa preocupación por afondar nas causas últimas do lume, máis alá da condena aos incendiarios. Nin o abandono do rural, nin a fragmentación da propiedade, nin a expansión de especies de rápido crecemento e alta combustibilidade foron abordadas de xeito efectivo; no foco de Rueda só había incendiarios. E, se algo nos din as vagas de lumes de 2017 e de 2022 pero, sobre todo, a actual, a de agosto de 2025, é que houbo falta de coordinación do dispositivo de extinción. Pero non é un problema do persoal que traballa. E, falando do persoal, imos ter sempre un recoñecemento, e quixera dirixirme a eles directamente: para os que combatedes e axudastes nun lume, hoxe, mañá e sempre, moitas grazas. (Aplausos.)



Mais o que está claro este verán é que o operativo se viu superado, e iso amosa o ineficaz labor previo do Goberno e desmonta ese triunfalismo do seu equipo. Os lumes colléronos a vostedes co dispositivo sen atender en pleno agosto. ¿Exemplos diso? As 200 vacantes na brigada de extinción, a falta de previsión para actuacións en grandes lumes de interface simultáneos, a falta de formación do persoal das brigadas, e, en xeral, a recoñecida precariedade laboral.

Ademais diso, moito do material que usaron os dispositivos non estaba en condicións. Este ano, os rescataadores que enviaron tiveron que ser retirados, co fundamentais que son para o persoal; había traxes defectuosos, que levaron varios bombeiros a sufrir queimaduras; algunhas motobombas viñan con problemas de deseño e non freaban ben, e tamén houbo motobombas sen poder ser usadas porque non tiñan previsto persoal, algo que recoñeceu o propio presidente; batracios sen empregar boa parte do ano para facer a prevención...

Pero, a pesar de todo isto, o verdadeiro problema non é un asunto de máis medios, senón de xestión do territorio e doutra relación co lume, doutra forma de responsabilidade e de coitado territorial que non existe. E, xa que onte o presidente pedía ideas, voulle repetir moitas das ideas que xa levamos dito neste Parlamento dunha forma moi resumida, porque teño pouco tempo.

Primeiro, favorecer a gandaría extensiva, pois o pastoreo é o gran aliado para romper a continuidade do combustible; desenvolver cortalumes verdes; xestionar de forma agrupada as propiedades pequenas —non se pode facer un plan técnico de xestión e labores a máis longo prazo—; converter as 250.000 hectáreas de montes de xestión pública nun escaparate de boa xestión e de multifuncionalidade do monte; apoiar os montes veciñais en man común para afrontar o problema do abandono dos montes, cun cambio de lexislación no que se conserve o carácter xermánico, e, por último, algo moi importante, fortalecer a actividade agrícola. O freo máis activo contra os incendios —e así se viu— atopámolo nos cultivos. Habería moitas máis, xa lles dixen que era resumido.

O abandono do rural segue aumentando, e o que pasou este verán ten que ser un punto de inflexión para que por fin vexan que hai que xestionar a paisaxe. Non aceptamos que cada vez teñamos peores lumes, e sabemos que, mudando o modelo cunha reforma estrutural, podemos concibir un futuro diferente.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

De momento nada máis. Soamente quero comentar que daremos o apoio á proposta do Partido Socialista.

Moitas grazas de novo. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Conde.

ÁNGEL RODRÍGUEZ CONDE: Grazas, presidente.



Bos días, deputados e deputadas.

Antes de comezar coa miña intervención, quería mostrar a miña máis sincera solidariedade con todas as persoas que se viron afectadas dunha ou doutra maneira nos lumes forestais ocorridos nestas últimas semanas en Galicia. *(Aplausos.)* Este Goberno estivo, está e estará sempre a carón dos afectados polo lume, tanto no momento no que ardía o monte como agora nos momentos postincendios.

Queremos trasladar tamén o noso agradecemento e total apoio a todos e cada un dos profesionais que loitaron sen descanso para protexer as nosas vidas, os nosos bens e o noso patrimonio natural. A súa valentía, profesionalismo e sacrificio son un exemplo para todos. *(Aplausos.)* Quero facer un recoñecemento especial, xa que os deputados o mencionaron, a Hugo, a Lois e a Tiago, que aínda seguen ingresados no hospital.

Dito isto, e analizando a proposición que hoxe traen vostedes aquí a debate, chama poderosamente a atención a súa data de rexistro. Si, a súa data de rexistro: o 13 de agosto. Unha data na que, como ben vostedes din incluso na propia iniciativa, en Galicia se queimara unha superficie de 4.700 hectáreas. Porque semella, señorías, que este texto puido ser redactado con 1.000, con 5.000, con 50.000 ou con 100.000 hectáreas queimadas; algo que evidencia o que vostedes realmente buscan, que é a confrontación e a obtención de rédito político a calquera prezo. *(Aplausos.)*

Vostedes hoxe nos traen aquí unha amálgama de puntos que ou ben están xa desenvolvidos ou ben se están desenvolvendo dende hai tempo por este Goberno.

Un exemplo é o primeiro punto que vostedes presentan na súa iniciativa, sobre o Plan integral de recuperación da actividade agrogandeira e forestal. Actualmente xa existe un Plan anual de actuacións para a recuperación de terra agraria, o cal aposta e fomenta a recuperación da actividade agrogandeira e forestal en Galicia con medidas concretas e adaptadas ao noso territorio e á súa realidade socioeconómica.

Ou tamén acontece no seu segundo punto, con ese Plan de recuperación socioeconómica e ambiental que vostedes formulan. A Xunta de Galicia está a executalo cando sucede algo similar ao ocorrido este ano 2025. E, dado o carácter extraordinario do acontecido este verán, as medidas tamén son extraordinarias. Podemos citar algunhas das que se están a levar a cabo, como a repartición de alimento para o gando; as achegas aos apicultores; as liñas de apoio ás persoas afectadas, con ata 200.000 euros por persoa; as axudas á reposición de explotacións forestais, agrícolas e gandeiras, ou distintas actuacións enfocadas á restitución do medio.

Imos seguir falando dos seguintes puntos que vostedes mencionan aquí. Como non, imos falar do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xunta de Galicia. E vanme permitir que faga aquí un agradecemento e un apoio explícito a estes enormes profesionais que estas semanas pasadas deron todo de si mesmos e estiveron ao pé do canón en todo momento. *(Aplausos.)* Uns profesionais que este Goberno apoia con feitos e non con palabras baleiras. Un claro exemplo disto é a ampliación do tempo de traballo do persoal discontinuo. Aquel



que antes traballaba tres meses, hoxe traballa oito e para o ano que vén traballará nove, e o persoal que antes traballaba nove meses, agora traballa todo o ano. ¿Que temos como resultado, señorías? Dous terzos do persoal traballan todo o ano en prazas de funcionario e un terzo traballará nove meses, como persoal laboral fixo discontinuo da Xunta de Galicia; é dicir, practicamente todo o ano, para o ano que vén. Un servizo público. Como anteriormente dixeran: feitos, non palabras baleiras. Este persoal posúe tamén dende o ano 2016 a categoría de bombeiro e bombeira forestal, alcanzada unha vez máis por un goberno do Partido Popular.

Señora Dacosta, vostede falaba aquí de distintos servizos. Imos falar, se quere facer mención, das BRIF, das brigadas de reforzo. Son dependentes do Goberno central, contratadas por unha empresa —Tragsa— e, ata hai quince días, coa categoría de peón forestal. Agora non, menos mal, pero, ata hai quince días, como peón forestal. ¡Que casualidade!, a mesma categoría que vostedes no Bipartito querían para este servizo cando gobernaban, cando nos dicían: que non sexan bombeiros forestais, que sexan traballadores forestais. Eses son vostedes.

Porque, hoxe, señorías, e despois de todo o acontecido neste tempo, seguimos dicindo con máis forza que nunca que temos o mellor dos servizos de loita contra o lume en España e, posiblemente, de Europa. Por aportar uns datos que consoliden esta afirmación, a partir de principios do mes de agosto, tiñamos aproximadamente entre 30 e 35 lumes diarios, unha cifra que este servizo asumiu con gran esforzo. Pero a chegada dunha gran onda de calor extraordinaria e dunhas condicións meteorolóxicas tamén extraordinarias, xunto a unha enorme simultaneidade de lumes, dificultaron enormemente a súa xestión e extinción, tensionando e mesmo esgotando os recursos dos que Galicia dispón para facerlles fronte.

Por aportar outro dato de importancia, que di moito dos grandes profesionais que temos aquí nesta terra, dende o 1 de agosto ata o 30 —en todo o mes de agosto—, tivemos en Galicia 673 incendios forestais, 673; deles, o 70 por cento foron intencionados, intencionados. Non quereda dicilo así, pero invito a calquera deputado ou deputada aquí presente a que investigue ou indague que país —non rexión nin comunidade autónoma— avanzado ten esa simultaneidade e intencionalidade nun período de tempo tan curto. Porque moitos de nós botamos en falta que falen e condenen a clara intencionalidade que se está a dar na meirande parte dos incendios forestais de Galicia. Semella que vostedes unicamente falan de incendios e de actividades delitivas cando gobernan.

Por seguir co que vostedes estiveron hoxe expoñendo aquí, a formación, señora Dacosta. A formación deste persoal converteuse nunha das apostas da Xunta de Galicia na loita contra os incendios forestais. Esta Comunidade é líder, líder nacional no investimento. Vostede pode ir ao Pladiga —supoño que xa o ten lido— e, na parte final da memoria, 40 páxinas falan completamente da formación que se está prestando aos nosos profesionais. E pódolle aportar un dato: o ano pasado investiuse en formación aquí en Galicia máis de 800.000 euros; 812.000 euros investiuse en formación. E, ademais, ¿que nos avala? Que estes mesmos días estaban aquí bombeiros do País Vasco formándose no CILL de Toén. Iso chámase compromiso coa formación. *(Aplausos.)*



A señora Valcárcel falaba dos batracios. Os batracios son un equipo multidisciplinar que fai prevención en inverno e fai apoio á extinción no verán. Que casualidade que critiquen ás veces este equipo, estas unidades, e que haxa outros países onde nos están copiando, como pode ser en Alemaña. Practicamente compraron equipos igual aos nosos, aos batracios nosos. Por algo será. *(Aplausos.)*

Imos falar tamén de prevención, á cal se destina unha partida específica que rolda os 50 millóns de euros —un 35 por cento máis que hai unha década— e un maior esforzo económico en comparación á extinción.

Por exemplo, no Pladiga —tanto que se falou aquí deste Pladiga 2025— existe un plan específico de prevención que contempla traballos preventivos realizados con medios propios, coa nosa xente, con creación de áreas cortalumes, creación de faixas de pista ou queimas prescritas, tan importantes para a redución de biomasa nos nosos montes.

E agora para rematar, señoría, gustaríame transmitirlle unha reflexión, porque, tendo presente o que aconteceu estas últimas semanas, temos que ter claro que a preparación, estar preparados para o que poida vir, é a maior das solucións que podemos adoptar. Queda moito por facer, somos conscientes, pero teño o convencemento de que este Goberno está disposto a seguir traballando, e creo que na actual axenda de mellora está a adaptación aos lumes de nova xeración.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Señor Conde, portavoz do Partido Popular, di vostede que presentamos unha iniciativa en agosto. Ben, é que os deputados do PSdeG traballamos en agosto. *(Aplausos.)* Pero non é a única iniciativa que presentamos en agosto; presentamos máis de dez baterías de iniciativas. E tampouco é a primeira vez que se presentan iniciativas nesta materia, porque, se falamos da lexislatura anterior, foron 47 as veces que se debateu esta materia por iniciativa do Partido Socialista de Galicia, e resulta que, en canto a proposicións non de lei concretamente, de 18 que se debateron, o Partido Popular só aprobou unha. E, nesta lexislatura, pois máis do mesmo: de 15, todas rexeitadas menos unha tamén. Entón, claro, esa é a súa liña: non adoptar, non escoitar as medidas e as propostas que o Partido Socialista de Galicia lles entrega.

Fala vostede de que todo foi extraordinario. ¡Todo extraordinario menos o traballo dos políticos do Partido Popular, empezando por Rueda, seguindo polo exconselleiro José González, pola conselleira actual do Medio Rural e pola de Medio Ambiente! Todo extraordinario, menos iso. Porque, mire, a Xunta de Galicia non pode dicir que todo está feito e que todo se fixo ben en relación coas medidas que presentamos. Ten que asumir a responsabilidade de que mentiu de forma reiterada sobre os efectivos, xa que contestaba a esta deputada —xa



llo mostrarei á conselleira na interpelación que vén despois— dicindo que os efectivos estaban cubertos. ¡E faltaban 300 prazas por cubrir! Que asuma por tanto a responsabilidade de que mentiu sobre a prevención, porque vostede fala de que se realiza a prevención, pero quero ver os datos de execución desa prevención que pon o Pladiga. Quero ver os datos, a ver se mos facilita.

Preferiron a propaganda, e Galicia non pode esperar, señor Conde. Señorías do Partido Popular, teñen que rectificar, porque, se non cambian agora, se non aproban propostas como estas en positivo, volverán ser responsables e volveremos vivir esta traxedia. Galicia merece seguridade, prevención e un servizo profesional, estable e equipado. E fala de que é o mellor servizo de Europa, pero non fala de que envían á boca do lume rapaces e rapazas con 18 anos e cun curso de 16 horas, ¡iso non o din! (Aplausos.) ¡E tampouco din que enviaron aos lumes rapaces e rapazas que chamaron das listas de contratación en plena catastrofe incendiaria e que tiveron que enfrontarse a lumes de sexta xeración cun cursiño de prevención de riscos laborais! ¡Iso non se pode realizar por un goberno serio, responsable e que ten unha planificación! (Aplausos.) E chamábanos catastrofistas cando advertiamos deste perigo, e vostede o sabe; catastrofistas chamounos a conselleira e os propios directores xerais, e agora temos máis de 120.000 hectáreas arrasadas. E o peor é que non protexeron as aldeas, non protexeron o rural e non protexeron a nosa xente. Por iso lles digo con firmeza que teñen que deixar de botar balóns fóra. Deixen de enganar a cidadanía...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: ...e asuman dunha vez unha responsabilidade, porque Galicia merece un Goberno que dea seguridade á cidadanía e que non aprobe unha iniciativa da que, un por un, non se están cumprindo os puntos recollidos. Non me da tempo, pero xa falaremos, porque isto vai dar que falar longo e tendido neste Parlamento, nesta lexislatura. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey e do deputado Carlos López Font, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de definir as súas principais políticas para combater e adaptarse ao cambio climático

O PRESIDENTE: Presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Autoemenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa, débese engadir un novo punto 6, que terá o seguinte contido:



«6º) Apoiar a aprobación dun pacto de Estado fronte á emerxencia climática e participar de forma activa na súa elaboración, como única resposta ante a crise climática global que nos permita previr, mitigar e xestionar as situacións adversas derivadas do cambio climático.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas presidente.

Bo día de novo.

Hoxe traemos ao pleno unha proposición coa que pretendemos que Galicia se sume á necesidade urxente de dar unha resposta unida ao maior reto que afronta a cidadanía, que é o cambio climático. Non é cuestionable que vivimos un agosto moi complexo con sinais indiscutibles e preocupantes; incendios moi virulentos que asolaron o noso país, mesturados con tensas olas de calor. Aproveito tamén aquí para mostrar a miña solidariedade coas persoas directamente afectadas e o meu máximo recoñecemento a todos os efectivos que estiveron en primeira liña actuando contra o lume, especialmente aos que aínda se atopan hospitalizados.

A ciencia dinos que o cambio climático está superando a súa proxección de aceleración. Un índice como é o IPP ten constancia de que entre 2011 e 2020 se rexistrou a temperatura media global máis alta da historia. O ano 2025 superou ese 1,5 graos que a ciencia fixara e que era o obxectivo de París, e isto afecta directamente España e Galicia. Os datos da AEMET 2022-2024 din que estes anos foron os máis cálidos desde que hai rexistros, e a media de xuño deste ano incrementouse 3,6 graos; 4,6 na vaga de calor máis intensa deste verán. Avanzamos incuestionablemente cara a un cambio estrutural do clima e a ciencia di que, de seguir así, en 2050, España pasará dun clima mediterráneo a un clima estepario.

Galicia tivo 140.000 hectáreas queimadas este verán, o 43 por cento de toda España. O cambio climático písanos os talóns, é unha realidade tanxible fronte aos bulos e a desinformación. A realidade tamén é que a velocidade e a magnitude coa que avanza isto nos pode levar a un cambio de modelo social e económico insostible, que afecte de forma desigual as zonas rurais, o sector primario e os máis vulnerables, ameazando todas as dimensións da nosa vida. Por iso, señorías, hai que falar da emerxencia climática. Señorías, non; non somos un refuxio climático, como pretende vender a conselleira, e os lumes deste verán deixárono claro.

O negacionismo climático lévanos á destrución e afástanos da sociedade, porque os datos do Eurobarómetro din que o 80 por cento da cidadanía española ve o cambio climático como un problema grave. Señorías do PP, non se afasten do pensamento maioritario, non se afasten tampouco da ciencia. Ante isto, ¿que debemos facer? Nós os socialistas témolo claro: actuar de forma coordinada, unida e con consenso. O futuro constrúese dende o acordo. Non nos podemos permitir o negacionismo, pero tampouco nos podemos permitir a desidia, porque isto suporía hipotecar o futuro das próximas xeracións.

En 2020 declarouse en España a emerxencia climática, e isto levou a cambios lexislativos importantes e a un incremento dos recursos económicos para este fin. En Galicia, no ano



2019, no debate do estado da Autonomía, aprobouse, por proposta do Partido Popular, a resolución número 46, que dicía: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a declarar o estado de emerxencia climática en Galicia». Transcorridos seis anos, non foron quen de aprobar esta declaración, que era á proposta do Grupo Parlamentario Popular, lembro.

Señorías, esta situación require respostas —respostas cun acordo amplo, unha resposta conxunta, unha resposta de país— e redimensionar e adaptar as políticas públicas a esta situación. E digo políticas públicas, solucións dende o público, que son as que poden solucionar. Temos que loitar tamén contra esas mensaxes que cuestionan e denigran o público.

O acontecido este verán no noso territorio non é froito da casualidade, nin tampouco desa tormenta perfecta da que falaba onte Rueda, nin desa trama pirómana que pretendía vender Feijóo. As causas témolas claro; díxoas a miña compañeira Carmen da Costa e citounas tamén a voceira do BNG: a insuficiente política de prevención, a ausencia de instrumentos de prevención avanzados, a escaseza de cadros de persoal, a inaxeitada xestión do territorio, os montes cargados de biomasa, os cortalumes descoidados, a falla de especies autóctonas e —como non— a emerxencia climática, que fai que os lumes sexan moito máis virulentos e impredecibles. É unha realidade palpable que require un compromiso conxunto. Pedimos dende aquí ao Goberno de Rueda responsabilidade e altura de miras fronte a un Feijóo desnortado, sen rumbo e que dá paus de cego. Pedimos que se sume a esta proposta de pacto de Estado fronte á emerxencia climática e que colabore facendo as achegas que considere, coas nosas singularidades.

Ademais, se vemos o punto de partida cara a este pacto, creo que ninguén no seu san xuízo pode cuestionar estas dez propostas.

Falamos de crear recursos permanentes, crear fondos permanentes para acelerar a reconstrución de espazos devastados. ¿Quen pode opoñerse aos compromisos das administracións de incrementar e manter todo o ano os medios técnicos e humanos para combater esta situación? Necesitamos corpos de profesionais estables e dotados de materiais suficientes. Aforrar un euro en prevención supón gastar cen en resposta e mil en recuperación. *(Aplausos.)*

Propoñemos reforzar a coordinación entre os diferentes corpos que cobren as emerxencias, porque xa vimos como foi a coordinación nesta vaga de lumes.

Instamos a avanzar cara a unha xestión de modelo forestal adaptado ás realidades económicas, sociais e climáticas do século XXI, ou a aprobar unha estratexia nacional de resiliencia hídrica para actualizar a normativa ou os plans hidrolóxicos e para adaptar as infraestruturas, porque tamén vemos que existen na actualidade longos períodos de secas.

Propoñemos a creación dunha ampla rede de refuxios climáticos —refuxios climáticos de verdade— nos concellos, que sirvan como corredor de sombra, de asistencia a persoas vulnerables ou incluso de protección aos traballadores fronte ao estrés térmico que, sobre todo, padecen na provincia de Ourense.

Falamos de recoñecer e potenciar o papel esencial do mundo rural como unha ferramenta fronte ás situacións extremas e de apoiar estes sectores con axudas económicas, incentivos



fiscais ou o acceso a servizos esenciais. Se queremos que a xente viva no rural temos que dotalas de servizos esenciais.

Falamos de fomentar a agricultura rexenerativa ou a gandería extensiva ou de promover e instaurar unha cultura cívica de protección ante estes fenómenos adversos.

Instamos a exixir á Unión Europea unha maior ambición, para cumprir os acordos de París da neutralidade climática do ano 2050.

Señorías, como poden ver, estas propostas son de sentido común, e o que se pretende é buscar solucións. Non é capricho, non é ideoloxía; é dar resposta a unha necesidade real, a única forma de evitar o desastre medioambiental. Por iso, hoxe pido responsabilidade e altura de miras ao resto dos grupos e, polo tanto, espero contar co seu apoio.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Ola de novo.

O outro día lin un artigo —non sei se foi nalgún periódico nacional— dun experto, un doutor do CSIC, que dicía que tampouco podíamos usar o argumento do cambio climático para eludir responsabilidades; alertaba acerca dese risco. O cambio climático, que é un factor que dende logo está aí e que hai que ter totalmente en conta, non pode ser —como dicía este profesor— un argumento para desculpase ou para eludir as responsabilidades de goberno no ámbito que sexa; no ámbito nacional ou no ámbito autonómico, neste caso.

O cambio climático é unha cuestión que hai que ter en conta, que esta aí, e sobre o que temos que tomar medidas para neutralizalo na medida do posible, igual que dicía eu onte que hai que ter en conta a existencia real das persoas pirómanas. Iso está aí e, loxicamente, unha vez que non se pode evitar, o que hai que facer é gobernar, tomar medidas e tomar toda clase de decisións que contribúan a minimizar os efectos do dano que causan. No caso do cambio climático é igual. Está aí, pero a min chamábame a atención estes días cando, ante un fenómeno micro, como é ou como foron os incendios da provincia de Ourense, se sobredimensionaba, na miña opinión, a influencia do cambio climático. Porque, claro, o cambio climático é un fenómeno macro, un fenómeno global que abarca os 24 fusos horarios do planeta, je, despois, resulta que onde está ardendo nunhas cantidades enormes é xusto na provincia de Ourense!

Ben, quero dicir que o cambio climático, efectivamente, esta aí, é un factor de risco e é un factor que fai que os incendios sexan máis destrutivos, pero, loxicamente, os gobernos non poden eludir as súas responsabilidades á hora de neutralizar ese factor e outros moitos fac-



tores. O Goberno, que estamos estes días debullando polo miúdo —están moi ben todas as aportacións que están facendo neste senso—, declarou o outro día zona catastrófica, entre outras, a provincia de Ourense, pero, de momento, parece ser que todo queda nunha mera declaración, e iso agora ten que ir acompañado de cartos e de orzamentos para a recuperación desas zonas. O feito de declarar unha zona catastrófica ten a súa importancia pero ten que traducirse nas accións pertinentes en materia de cartos e de investimentos para neutralizar eses efectos.

A min gustaríame volver repetir o que dixen onte de que a Xunta de Galicia debe reservar unha parte importante dos orzamentos do 2026 para a recuperación en todos os sensos —socioeconómico, ambiental etcétera— da provincia de Ourense, porque a maioría das consecuencias aínda están por vir. Falaba o outro día, por exemplo —unha cuestión que parece menor— do incremento de accidentes de tráfico provocados pola fuxida de xabarís dos incendios. Quero dicir, os animais salvaxes hai que telos en conta. O medio ambiente non son soamente as especies botánicas e a foresta da que falamos; está tamén a fauna, que forma parte indisoluble dos ecosistemas. Neste caso concreto, por exemplo, imos ter, posiblemente —por poñer un caso moi particular—, un incremento dos accidentes de tráfico porque os xabarís se concentren en zonas que non foron queimadas, e iso xera unha consecuencia tamén que haberá que asumir. Quero dicir que as consecuencias van ser de múltiple natureza, moi transversais, e van facer falta cartos para neutralizalas todas. Por iso repetiría esa cuestión.

Desde logo, en canto á ordenación da paisaxe —da que se falou—, eu reflexionaba hai uns minutos acerca da común orixe etimolóxica entre «país» e «paisaxe». Se queremos país, temos que ordenar a paisaxe.

Todas as medidas que contribúan a minimizar os efectos dos incendios forestais son benvidas; entre elas, as que propón o Partido Socialista, que tamén hai que ter en conta. Desde logo, non é a única cuestión —como dicía antes—, sobre todo se falamos dunha cuestión micro, dunha cuestión puntual na que a multiplicidade de factores fai que, ao mellor, outros sexan os que teñen maior peso específico e non precisamente o cambio climático. Pero o cambio climático está aí e efectivamente hai que tomar en conta esa cuestión.

Como seguiremos falando de incendios forestais moitas veces e creo que xa levamos debulladas varias das cuestións, vou rematar aquí a miña intervención agradecendo tamén o traballo dos profesionais e o traballo de todas esas persoas que, dun xeito ou doutro, se involucraron, ás veces incluso cun alto grao de solidariedade cidadá, na solución ou na minimización dos efectos deste problema.

Nada máis, moitas grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Bo día de novo.



A verdade é que nos chama a atención esta iniciativa, non polo antecedente da resolución do debate do estado da nación do 2019, senón porque é case literalmente idéntica a un acordo do Parlamento do ano 2019 —concretamente, do 11 de novembro— que repite exactamente a maior parte do texto da proposta de acordo. Agora a autoemenda do Partido Socialista creo que desvelou claramente as intencións desta iniciativa dentro desta estratexia de polarización e de marcos de debate que se quere crear entre o Partido Socialista e o Partido Popular. En todo caso, adianto que, como fixemos no 2021, loxicamente, imos apoiala; pero tamén queremos aproveitar este debate para facer algunhas aclaracións.

Efectivamente, nós compartimos a preocupación da cidadanía. Dise que un dos maiores motivos de angustia da mocidade en Europa —supoño que fóra de Europa tamén— é a angustia polo futuro; e ese futuro veno, desde logo, moi preocupante pola ameaza non xa do cambio climático, senón dun concepto que defende as Nacións Unidas e que é máis acaído, que é o da emerxencia ambiental. Porque na ecuación hai que poñer, ademais do incremento das temperaturas, tamén esa perda acelerada e dramática de biodiversidade. Por exemplo, a enorme biodiversidade das matogueiras, que son un dos grandes hábitats, un dos máis valiosos que ten o noso país en flora e en fauna; ou tamén a contaminación do aire, que é un auténtico asasino invisíbel que causa miles de mortes ao ano.

E, a respecto da emerxencia climática, temos tamén que pór en cuestión o marco ideolóxico tramposo no que se desenvolve este debate, que normalmente pon o foco nas consecuencias. Fala do incremento das temperaturas, de fenómenos meteorolóxicos adversos, de ondas de calor, de grandes incendios forestais, pero fálase pouco das causas. E a causa, a causa de fondo verdadeira da emerxencia ambiental é nada máis e nada menos que o capitalismo, un sistema económico depredador de recursos, baseado na acumulación e xerador de inxustizas e de graves agresións aos pobos, ás persoas e ao planeta. E, por iso, temos que denunciar tamén aquí o cinismo, a hipocrisía dos grandes estados e das corporacións e gobernos, como o da Xunta do Partido Popular, que, coas súas políticas, son os causantes da crise ambiental e queren facer un lavado de cara en forma de responsabilidade social corporativa e *green washing*, pretendendo pasar polo que non son. E leo hoxe un titular recente da prensa: «O mundo en dirección contraria: consome cada vez máis enerxía, queima máis combustibles fósiles e aumenta as emisións».

Temos que denunciar tamén o papel que lle asignan a Galiza na Unión Europea e no Estado, coa complicidade entusiasta da Xunta do Partido Popular, como terra de sacrificio e fornecedora de materias primas mediante actividades extractivas que teñen altos custos ambientais e escasos beneficios sociais para o noso país.

E tamén temos que denunciar esa fraude da transición enerxética e ecolóxica, que non é senón unha coartada, unha especie de patente de corso e unha bandeira de conveniencia para a implantación masiva e abusiva de proxectos enerxéticos, mineiros e pasteiros que responden aos intereses das empresas que os promoven; non aos intereses da xente do noso país. Iso si, son todos sustentables, ecolóxicos e verdes. Agora o capitalismo inventou as biofábricas e as ecominas —*no se lo pierdan*—. É, claro, todo moi verde; tan verde como ese enorme eucaliptal en que queren converter o que falta do noso país, o centro e o sur de Lugo, para satisfacer os intereses de Ence e de Altri. Señorías do Partido Popular, unha auténtica



temeridade e unha ameaza para a nosa seguridade e para as nosas vidas. *(Aplausos.)* Se non lles quedou claro en agosto, ¡tomen nota!, tomen nota porque é unha ameaza para a seguridade das vidas da xente. *(Aplausos.)*

E, é tan burda a cosmética e a propaganda que xa non engana ninguén, porque as políticas do Partido Popular son unha enorme fábrica de cambio climático. E podemos falar da política de residuos, baseada na incineración e non na compostaxe, que serviría para enriquecer os chans tan necesitados de carbono; da política de mobilidade —e non lles falo das súas infraestruturas de mobilidade eléctrica—; da política forestal, que quedou ao descuberto nesta enorme crise de lumes, ou da súa política para a biodiversidade.

Aínda por riba, temos que aturar que vostedes veñan aquí facerse pasar por pioneiros. ¡Sempre son pioneiros avanzados, van á cabeza de Europa! Este luns anunciáronnos a bombo e prato que aprobaron o Proxecto de lei do clima, que, en todo caso, ten que vir ao Parlamento; aí xa o analizaremos. Temos que dicir que o anteproxecto era moi frouxo; o BNG presentou alegacións e, cando chegue ao Parlamento, falaremos del. En todo caso, agardamos que, polo menos, renunciem a esa auténtica aberración que é «Galicia, refuxio climático». Por favor, deixen de falar de Galiza refuxio climático. *(Aplausos.)* Despois do que pasou este mes de agosto, é unha temeridade, é unha irresponsabilidade, *(Aplausos.)* é un exercicio banal, absolutamente banal, de demagogia. *(Aplausos.)* ¡Deixen de falar de Galiza refuxio climático! *(Aplausos.)* ¿Que máis ten que pasar para que aprendan?

E vostedes presumen de baixada de emisións —sempre nos veñen coa súa matraca de que son os campións da baixada de emisións— pero o que non din —e si din os seus documentos— *(O deputado Xosé Luis Bará Torres amosa unha gráfica.)* é que o desplome da baixada de emisións de CO₂ — se produce co peche das térmicas, que vostedes criticaron. Presumen de que baixaron as emisións pero criticaron o peche. O desplome bestial é do 2019 ao 2021, en fin. Vostedes non din que a baixada se debe ao peche das térmicas, pero o que din os seus documentos é que incrementaron as emisións no transporte un 62,7 por cento desde 1990; no sector residencial e comercial, un 13,2 por cento, e na agricultura, un 20,6 por cento. Estes son os datos do balance do Partido Popular.

E claro, xa para colmo, fixeron o Plan operativo de enerxía e clima, no que a principal partida era a política de extinción de incendios, e agora no balance presumen da principal medida de adaptación, que é nada máis e nada menos que «optimizar a xestión forestal sustentable como ferramenta de adaptación ao cambio climático» —*no se lo pierdan*—, 280 millóns. En fin, eu creo que esta vaga de lumes puxo ao descuberto a nefasta política de ordenación do territorio, do medio rural e do monte do Partido Popular, que fixo que se cumprise aquela fábula do rei espido. O señor Rueda converteuse no rei espido da fábula, quedou ao descuberto; foi un enorme batacazo, e é unha labazada de realidade a que lle produciron.

O que está claro despois de todo o visto é que hai que cambiar o rumbo, hai que cambiar o rumbo. É imprescindible unha nova política para o monte, para o medio rural e tamén para o territorio, en xeral. Xa anunciou algunhas das propostas a miña compañeira Montse Valcárcel. Falaremos doutras moitas neste debate de agora en diante, mais o certo é que nada se pode agardar dun Partido Popular que está para o que está, para achandarlle o camiño



aos que provocan máis emerxencia climática, para achandarlle o camiño a Altri, a Ence, a Iberdrola, a Naturgy e ás mineiras. E aquí temos un paradoxo; resulta que vostedes nos chamaman aos do BNG catastrofistas porque estamos sinalando constantemente os riscos e os perigos, mais vostedes son uns temerarios provocadores de catástrofes, como vimos nesta recente vaga de lumes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Señora Castro, dicía a súa compañeira que traballaban no verán, en agosto. E a min, claro, dábame a risa, porque trae unha iniciativa que, como ben sinalaba o señor Bará, é unha copia literal non dunha iniciativa que se aprobou no 2019, pois foi en novembro de 2021; unha iniciativa que defendeu por parte do seu grupo o señor Arangüena, que foi emendada por este grupo, sobre a que se chegou a un acordo por parte das tres forzas políticas e que se aprobou. Pero vostede parece que ignora ese traballo do seu compañeiro. Supoño que vostede quere borrar, quere cancelar todo aquilo que ten que ver co señor Arangüena, co señor Caballero, con Pachi Vázquez, con Méndez Romeu. Pero, se queremos ser un pouco rigorosos, se os grupos chegamos a un acordo para deixar listo o que foi esa declaración do estado de emerxencia, non ten ningún sentido que vostede o 15 de agosto presente unha iniciativa, un *copia y pega* do que se acordou no 2021. É unha falta de respecto a todos os galegos e, sobre todo, aos deputados desta Cámara que, ao mellor, non se lembraban do que pasaba no 2021. (*Aplausos.*)

Pero, mire, por moito que vostede traia aquí esta iniciativa de 2021, é curioso: nunha iniciativa sobre cambio climático, a señora Castro non falou en ningún momento das emisións de gases de efecto invernadoiro. Tampouco falou das enerxías renovables, tampouco falou do Anteproxecto de lei do clima que se aprobou o luns e tampouco falou do pacto de Estado que introduciron nesta iniciativa a través dunha autoemenda que rexistraron vostedes o luns pola tarde. Non sei, creo que calquera destas catro cousas é moito máis importante que todas esas voltas, todas esas reviravoltas que vostede utilizou para non falar disto. ¿Por que vostede non fala disto? Porque Galicia somos a comunidade que máis reducimos as nosas emisións netas de gases de efecto invernadoiro. Ou dito doutra forma: ninguén foi quen de facelo mellor.

Desde 1990, que é o ano de referencia a nivel comunitario para as políticas climáticas, reducimos un 62 por cento as emisións netas de gases de efecto invernadoiro. Repito, un 62 por cento. E non pensen que somos os primeiros dun pelotón onde imos todos aí xuntos, non é verdade. É que o fixemos, ademais, con moita diferenza respecto do resto. Mire, no conxunto do Estado, a diminución acadada é do 12,6 por cento, ¡49 puntos menos que en



Galicia! En Galicia, un 62 por cento de reducións e, no conxunto do Estado, un 12,6 por cento. O logrado en Galicia é tan importante que superamos o obxectivo do 55 por cento establecido na Unión Europea para 2030. Pero este logro, señorías, non é un logro só da Xunta de Galicia, non é verdade. É un logro da Xunta de Galicia, da sociedade galega e de moitas administracións que tamén se sumaron a este esforzo, señorías. *(Aplausos.)*

Pero, jollo! É verdade que moitos se sumaron, pero non todos. Un dos grandes emisores de gases de efecto invernadoiro, por exemplo, é o modelo de xestión de residuos de Nostián, que vostedes están apoiando e do que presume o Partido Socialista. Tampouco podemos felicitar aqueles que son responsables da paralización do sector eólico. Porque, pola acción destes responsables, esta parálise tivo un custo moi importante en emisións contaminantes. ¿Saben cantas toneladas de CO— se emiten á atmosfera por culpa da parálise que provocou o Bloque Nacionalista Galego? 2,5 millóns de toneladas de CO— ao ano. É a mesma cantidade de toneladas de CO— que emitirían dous millóns de vehículos. ¡Ese é o dano medioambiental que o Bloque Nacionalista de Galicia está a provocar a Galicia! A acción coordinada de ex altos cargos do Bipartito, de promotores nacionalistas que despois se converteron a activistas, de asociacións da súa órbita e de avogados que cobraban tamén destas entidades paralizou todo un sector e é a responsable de que se emitan cada ano ano 2,5 millóns de toneladas de CO—

E di vostede que a culpa é do capitalismo, é alucinante. Claro, é que o capitalismo é bo cando son os seus empresarios de cabeceira os que presentan os proxectos; cando non, convértese en activistas. Cando falan do capitalismo, a min vénseme á cabeza un dos grandes emisores, que é a China. ¡Claro, o capitalismo! Venezuela, capitalismo; antiga URSS, capitalismo. É que o do Bloque Nacionalista é fantástico, ¡é fantástico, señorías! *(Aplausos.)*

Pero miren, a pesar de vostedes, o avanzado en Galicia é espectacular. E hai unha data que foi moi importante, que foi o 2019, cando aprobamos a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050. Daquela, vostedes dicían exactamente o mesmo que din agora, absolutamente o mesmo. Criticaban igual, dicían que non ía valer para nada, que non se implicaban, que non había medidas, que era pouco ambiciosa, que se o capitalismo, que se os amiguetes... Absolutamente igual, o mesmo discurso. A realidade é que, seis anos despois, podemos facer un balance.

Despois da Estratexia, viñeron os plans rexionais integrados de enerxía e clima. Señora Castro, moitas das cousas que vostede pide están contempladas tanto na Estratexia como nos plans rexionais, pero vostede iso parece que non tivo tempo para lelo. Veu tamén o Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía —onde está algún alcalde tamén do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista— e a Rede local polo clima e a Alianza galega polo clima. Grazas a todo iso, o balance non pode ser máis que satisfactorio.

Pero aínda así, señorías, nós non nos damos por contentos e aínda nos queda moito por facer, moito. E, por iso mesmo, señorías, este luns aprobouse no Consello da Xunta a Lei do clima de Galicia, unha norma que entrará aquí no Parlamento e que será unha norma que se marcará como reto principal dotar a comunidade das ferramentas, dos órganos e dos instrumentos necesarios para garantir a consecución da neutralidade climática no ano 2040; dez anos antes do que fixa a Unión Europea.



Señorías, imos ter un traballo nesta Cámara, imos poder facer aportacións, imos poder traballar sobre esa lei. O desexo deste grupo parlamentario é que teña o maior apoio posible. Vai ser unha lei transformadora, vai ser unha lei que vai ter unha repercusión moi importante no tecido produtivo pero tamén no resto das políticas que aplique a Xunta de Galicia. Vai ter unha repercusión moi importante tamén sobre todas as industrias e as empresas da nosa comunidade. E vostedes, señorías, poden traballar nesta Cámara, podemos intentar facer un texto que aínda sexa mellor que o propio texto do anteproxecto e, en definitiva, facer un texto do que todos nos poidamos sentir orgullosos.

Se non, ao final, vai pasar como lle pasa á señora esa do Partido Socialista, a señora Leire Díaz, cando lle preguntan se ela é lexisladora e di: si, son lexisladora. E, ¿lexislou algo? Non. (*Murmurios.*)

Pois, señorías, vostedes están a tempo de ser lexisladores e tamén de lexislar algo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señor Trenor, a función de cada un dos poderes do Estado vostede non a ten moi clara.

Falaba vostede dun acordo da lexislatura pasada. Eu vou lembrarllo novamente, non me escoitou na primeira intervención. No 2019 aprobouse unha resolución por proposta do Partido Popular no seo do debate do estado da Autonomía do ano 2019 que pretendía declarar Galicia en situación de emerxencia climática, e vostedes e o Goberno da Xunta non fixeron nada transcorridos seis anos. E, no ano 2021, aprobouse unha proposición non de lei, por proposta do meu compañeiro Pablo Arangüena, similar á que agora traemos. Pero non é que eu ignore o traballo do meu compañeiro; jé que vostedes ignoraron o acordo parlamentario porque non o cumpriron! (*Aplausos.*) Entón teremos que reiterar todos os acordos parlamentarios que a Xunta non cumpre, que son a maioría, por outra banda.

E, mire, vostede di o que eu non dixen na miña intervención. Fala do que eu teño que dicir, ¡alucinante! Vostede, que minte máis que fala, e eu teño que escoitalo ademais ¿non? Unha das mentiras xa: falaba vostede das emisións de CO₂— e da redución do 62 por cento, pero esqueceuse vostede do peche das térmicas; esquecéuselle a vostede que esa é a principal causa da redución do CO₂—

E vostedes menten, como fan de forma sistemática, e como votan tamén en contra de forma sistemática en relación con todas as iniciativas en materia de medio ambiente. E as que non votan en contra, pois non as cumpren. E logo, a conselleira sae dicindo que somos un refuxio climático. Lamentamos que o único do que somos refuxio é do incumprimento dos obxectivos climáticos e medioambientais marcados pola Unión Europea.



Temos unha conselleira de Medio Ambiente que —xa o dixeran o outro día— debería renomearse, renomearse como conselleira de *Jara y Sedal*, porque o único para o que apareceu durante este verán foi para aprobar e para vender axudas aos cazadores. Polo tanto, non apareceu por ningún dos territorios e en ningún dos espazos protexidos devastados polas vagas de lume.

A realidade supera o seu discurso, señor Trenor. A realidade é que Galicia está no vagón de cola no referido a políticas medioambientais polos incumprimentos da Xunta. Esas estratexias e eses plans que vostedes venden non valeron para nada, porque os datos nos seguen a dicir —repito— que estamos no vagón de cola. Porque vostedes non cumpren nin os ítems que deixan consignados nos documentos que aproban.

Estamos nunha emerxencia real e urxente. Temos que ter un posicionamento nese sentido, e aprobar unha emerxencia climática supón asumir que estamos nunha situación extraordinaria que require unha acción inmediata, decidida e baseada en evidencias científicas e nun compromiso político. Pídlle altura de miras e responsabilidade; unha responsabilidade global liderada polas institucións e dende o público.

Como dicía na miña primeira intervención, isto transcende do ideolóxico; supón estar á altura do que exige o país. E temos acordado durante esta democracia cousas importantes con unanimidade e con consenso: os Pactos da Moncloa, para a Transición; os Pactos de Toledo, para as pensións, o Pacto antiterrorista ou incluso o Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Cómpre, polo tanto, agora, volver mobilizarnos como sociedade fronte á ameaza común que supón o cambio climático; unha ameaza que leva 32 millóns de euros de perdas materiais en España nos últimos cinco anos e máis de vinte mil mortes. Creo que non hai dúbida para a mobilización. O outro sería desidia e negación.

Insisto, creo que os compromisos que xa relatei na miña primeira intervención e que constitúen eses puntos de partida para ese pacto de Estado que estamos a reclamar, están fóra de toda lóxica e que son todos de sentido común. Creo que transitan desde os bosques e as augas á prioridade das persoas máis vulnerables ou a disposición das mellores condicións de traballo para os servizos de emerxencia; unha nova cultura da prevención.

Espero altura de miras, como dicía. Espero que o señor Rueda se afaste da política de tumbos e de negligencia que está a facer o señor Feijóo en España, e espero un apoio e que Galicia poida facer as achegas que sexan necesarias, segundo as súas singularidades, a ese pacto de Estado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O PRESIDENTE: Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Noa Presas.



Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista que non foi aceptada.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños e do deputado Ramón Tomás Fernández Alfonzo, sobre a postura que debe defender a Xunta de Galicia na vindeira reunión do 21 de abril de 2025 co Ministerio de Facenda en relación coa quitación de débeda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de dona María Deza.

Hai unha transacción co Grupo Parlamentario Socialista, que foi xa remitida aquí á Mesa, e sométese polo tanto á votación coa emenda que se transacciona do Grupo Socialista.

Votamos esa transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central referidas ao traballo conxunto entre o Estado e as comunidades autónomas no que atinxe á política de vivenda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 49; abstencións, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Olalla Rodil,

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(A deputada Raquel Arias Rodríguez pide a palabra.)

Si, ¿señora Arias? *(A deputada Raquel Arias Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Acepta, señora Rodil, a votación por puntos? Mire, mire, ten tempo para mirar se quere. *(A deputada Raquel Arias Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano da señora Arias.



RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Si. Sería, por un lado, os puntos 1, 2 e 3, e, por outro, o 4 e 5.

O PRESIDENTE: 1, 2 e 3, e, por outro, 4 e 5. *(Pausa.)*

Ben, pois... ¿Non acepta? Vale. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pensei que ían chegar a un acordo de última hora, pero, se non chegan, nada. Votamos tal como está.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co obxecto de acadar un marco orzamentario e laboral adecuado para o correcto funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de don Roberto Rodríguez.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central sobre a situación actual da concesión da AP-9 tras o ditame da Comisión Europea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 49; abstencións, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta,

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para actualizar a súa política de prevención e loita contra os incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Paloma Castro.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey e do deputado Carlos López Font, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de definir as súas principais políticas para combater e adaptarse ao cambio climático.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Rematou aquí a votación.

Alteración da orde do día

O PRESIDENTE: A continuación, substanciamos unha alteración da orde do día, que consiste nunha pregunta ao Goberno.

Pregunta do deputado José Alberto Pazos Couñago e da deputada Paula Prado del Río, do G. P. Popular de Galicia, sobre os compromisos do Goberno central na colaboración para a recuperación e restauración das superficies queimadas na última vaga de lumes

O PRESIDENTE: Formula a pregunta dona Paula Prado, do Grupo Parlamentario Popular.

PAULA PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, conselleiro.

En primeiro lugar, como responsable de emerxencias na nosa comunidade, quero trasladar, a través de vostede, o máximo recoñecemento e agradecemento deste grupo parlamentario a todo o persoal do 112 e ao conxunto de profesionais vinculados ás emerxencias en Galicia (*Aplausos.*) polo esforzo realizado sempre, pero especialmente durante a onda de incendios deste verán, durante esas duras semanas nas que unha vez máis deron o mellor de si mesmos.

Tamén, por suposto, quero recoñecer e agradecer o traballo do Grupo de Investigación de Incendios da Unidade de Policía Adscrita. Algúns falaron esta mañá de recortes en efectivos. Pois eu quero lembrar aquí como está a Unidade de Policía Adscrita hoxe: conta con 341 efectivos dos 500 que debería de ter. O Goberno de España veu falar dun pacto de Estado climático, e recorta un 31,8 por cento á unidade policial que, entre outras cousas, investiga incendios e delitos medioambientais; unha unidade reducida a dous terzos dos seus efecti-



vos. Insisto, quero recoñecer e agradecer o traballo deste grupo de investigación de incendios da UPA; un traballo que é clave para esclarecer a orixe dos lumes e que de feito, no que vai de ano, permitiu a detención ou investigación de 23 persoas como presuntas autoras de incendios forestais.

Todos eles, ao igual que o resto de persoas de distintos ámbitos e administracións que integraron o dispositivo para combater o lume este verán, son o mellor reflexo da Galicia que goberna e da que tan orgullosos nos sentimos. Esa Galicia que se crece ante as dificultades en lugar de recrearse nos problemas; esa Galicia que responde en conxunto en lugar de buscar división, esa Galicia que este verán actuou, reaccionou, respondeu e actuou unida, dando unha resposta extraordinaria ante unha situación extraordinaria.

E, se Galicia goberna, é precisamente porque conta cun Goberno dedicado a iso, a gobernar; algo que, nestes tempos, pasou da normalidade á excepción, tal e como puidemos comprobar neste mes de agosto. ¿Onde estaban os nosos políticos mentres Galicia ardía?, ¿onde estaba Alfonso Rueda? Onde tiña que estar: no CECOPI, cos profesionais; no territorio queimado, cos afectados, dando a cara e aprobando axudas para a recuperación. Igual que o seu Goberno. Vostede mesmo, conselleiro, ou a conselleira do Medio Rural, alí, ao pé do canón, dende o minuto un, 24 horas ao día. *(Aplausos.)* E, ¿onde estaban o Partido Socialista e o BNG? Pois incendiando as redes con bulos e pretendendo apagar os lumes con bandeiras estreladas en manifestacións. E, ¿onde estaba Pedro Sánchez? De vacacións en Lanzarote, rancaneándolles ás comunidades a axuda que lle pedían e falando de cambio climático dende o Falcón ou dende o Super Puma

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidente.

A verdade é que eu quixera comezar esta intervención dando apoio e agarimo aos afectados polos lumes deste mes de agosto, sobre todo en Ourense pero tamén noutras provincias, desexándolles a pronta recuperación aos brigadistas que seguen hoxe convalecente e facendo un recoñecemento sincero a todos os que traballaron contra o vento e a marea nas tarefas de extinción de incendios. Non me quero esquecer de ninguén. De ningún dos profesionais dos distintos corpos, das distintas consellarías, sobre todo do Servizo de Extinción da Consellería do Medio Rural; dos voluntarios; dos veciños e veciñas que se acercaron a cada un dos lumes para, cada un dentro das súas capacidades, poder botar unha man; dos alcaldes e alcaldesas; da Garda Civil, que fixo un despregue impresionante en toda a provincia; do exército que estivo alí, a UME; do 112; da UPA; das asociacións de voluntarios de Protección Civil. Espero non olvidarme de ninguén, pero a verdade é que quería agradecer a todos, porque souberon sobrepoñerse, nun momento difícil, ao medo, o esgotamento e a impotencia. *(Aplausos.)*



E tamén é necesario sinalar quen son os máximos responsables dos incendios, que son aqueles que plantan lume, os incendiarios. É moi desolador, moi desolador para todas as persoas que traballan no dispositivo de extinción, cando se ten ou cando se está a piques de controlar un incendio, recibir unha noticia de que acaban de poñer outro foco noutro sitio ou de que hai outro lume, e, moitas veces, de que ese outro foco que acaba de prender está poñendo en perigo moitas vidas humanas, de veciños, pero tamén dos servizos de extinción. Eu espero e desexo que todo o peso da lei recaia sobre eles e que as condenas sexan exemplares.

Respecto da pregunta que vostede me facía e que aparece escrita, eu desgraciadamente téñolle que contestar que non sabemos nada, señoría. Non sabemos nada dos medios comprometidos polo Goberno para os traballos de recuperación e restauración da superficie queimada. Quero agradecer, dito isto, o traballo feito polos medios que estiveron durante o período de extinción. A UME estivo facendo traballo, como sempre fai en todas as campañas; A Brilat, que, froito dun convenio con Medio Rural, fai unhas tarefas tamén de seguimento polos nosos montes; A Garda Civil, como dixeran antes; o traballo de Protección Civil; o representante de Adif, o subdelegado do Goberno. É dicir, todos os que estiveron durante a extinción fixeron o seu traballo de maneira coordinada e a verdade é que todos traballamos e empuxamos o que puidemos.

Coido que a Xunta fixo un traballo leal e coordinado. Exerceu as súas competencias con rigor e responsabilidade e trasladou información en tempo real, como saben ou como puideron comprobar algúns deputados e deputadas que nalgún momento pasaron polo Cecopi en Ourense e viron que, efectivamente, alí se traballaba para intentar apagar os lumes, sen ningún tipo de problema. E, con esa mesma continuidade, fomos solicitando medios ao Goberno. É certo... (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno.

Réplica, señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: Si, efectivamente, señor conselleiro. Pasamos do tristemente famoso «*si necesitan más recursos que los pidan*», ao *si necesitan medios que los pidan*, pero non demasiados. Porque Pedro Sánchez aínda non entendeu que os medios do Estado non están para servirse deles, senón para servirnos a todos. Iso si, mentres a axuda hai que pedila, os ataques son xa a especialidade da casa.

Primeiro foi a foto *fake* do Partido Socialista coa que pretenderon colar unhas vacacións conxuntas do presidente Rueda, Mazón e Mañueco en Cádiz, cando se trataba dunha foto feita un ano antes en Santiago de Compostela Xa estabamos acostumados; anda que cos *pellets* non nos meteron xa fotos *fake* tanto o Bloque como o PSOE, que ao final son todos o mesmo porque uns apoian os outros indistintamente. (Aplausos.)

Logo foron os ataques dende a tumbona do ministro Óscar Puente, mentres en Seixalbo ardían 50 hectáreas por culpa das chispas dun tren e por non limpar as marxes da vía, que é obriga de Adif e que tampouco fixo absolutamente nada.



E a guinda do pastel púxo a Yolanda Díaz, que aproveitou as súas vacacións nas Rías Baixas non para interesarse polos lumes —porque non pisou un só lume; non estivo ao carón da xente que vía como ardían ás súas casas, os montes e os seus pastos—, non, non. ¿Onde foi Yolanda Díaz? A unha manifestación, para dicirlles a 3.000 traballadores públicos que forman parte dos equipos de extinción que en Galicia están privatizados.

Todo iso mentres Ana Pontón pola mañá dicía en público que a prioridade era apagar o lume e pola tarde dicía aos seus que a prioridade era saír á rúa manifestarse. O seu Goberno na sombra estaba máis ao sol e na tumbona tuiteando que traballando.

Pero, mire, menos mal que os galegos e galegas saben quen se preocupa realmente de xestionar e ofrecer solucións e quen está á espera da carne para lanzarse a ela como carroñeiros que son.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Dicía que, efectivamente, fomos pedindo medios sucesivamente ao Goberno. Ademais das chamadas a través do Cecopi e do Cenem da propia conselleira do Medio Rural, do director xeral de Emerxencias, dun mesmo e do presidente Rueda, enviamos cartas e comunicacións ao delegado do Goberno, ao ministro do Interior, á ministra de Defensa e ao presidente Sánchez.

Centrándonos nos medios sobre os que facía a pregunta, o día 25 de agosto, eu mesmo lle enviei unha carta á ministra de Defensa solicitando a permanencia da UME e tamén dos medios do Exército, ao mesmo tempo que lle solicitabamos maquinaria lixeira —trinta palas mixtas e trinta motoniveladoras— para axudar nos labores que viñan despois do apagado do incendio: tentar evitar que se producisen escorreduras; loxicamente, entrar naquelas pistas que durante os incendios foran afectadas, ou asegurar todos os cortalumes. Teño que dicir que enviei a carta pola mañá e, esa mesma tarde, a ministra de Defensa fíxome unha chamada telefónica asegurándome que todas as peticións de Galicia serían atendidas, que faltaría máis e que se poñía á disposición, o cal lle agradecín. Esa mesma tarde, un representante da UME chamou á nosa conselleira do Medio Rural para dicir que, efectivamente, se ían poñer á disposición e que ían mandar eses medios. Iso foi o día 25 de agosto. Pois ben, o día 29 houbo unha reunión entre o director xeral de Defensa do Monte e os representantes da Unidade Militar de Emerxencias para ver, exactamente, que tipos de traballos había que facer. Isto foi o día 29 de agosto. Hoxe é 10 de setembro e os medios non chegaron.

Polo tanto, eu creo que se a pregunta é: ¿podía haber máis implicación e dilixencia?, eu teño que dicir que si. Diante dunha emerxencia, non é normal que se tarden tantos días en des-



prazar ou en mobilizar maquinaria lixeira de calquera punto de España e de calquera dos cuarteis que temos para traballar nesta situación. Teño que dicilo así, igual que dixen no primeiro momento que agradecía o traballo que fixeron todos os militares, a Garda Civil e todos os que interviñeron na extinción. Pero, hoxe, día 10, seguimos sen saber cando van vir eses medios. E non é porque o Exército non queira, porque ten capacidade de sobra para poder atender unha emerxencia como era esta e como o segue sendo poder facer eses traballos e colaborar cos medios que pon a Xunta de Galicia. Temos un exército capaz de levar a cabo misións en calquera punto do mundo e que se despreza inmediatamente cos seus barcos, a través da Armada, cun xeneral xefe de apoio á manobra, que ten a súa sede na Coruña. Sen embargo, cando pedimos trinta palas mixtas, que se desprazan facilmente nunha góndola, ou trinta motoniveladores dos distintos cuarteis de España, estas non chegan. Repito: estou completamente seguro de que, se fose polos militares, estarían traballando dende o día seguinte.

Dito isto, tamén me gustaría —porque o lembrei— citar e agradecer todos os medios que proviñeron doutras comunidades autónomas que, a pesar de estar algunhas tamén nunha situación de emerxencia...,

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...desprazaron medios para axudar a Galicia nesta vaga de lumes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto sexto da orde do día, as interpelacións.

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre o desenvolvemento das actividades previstas no Pladiga e a garantía de recursos humanos nos servizos de prevención e extinción de incendios forestais

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

«¡Válgame Dios!», señora conselleira. ¿Lembra? Iso foi o que vostede contestou cando esta deputada, alá por xuño, cumprindo co seu labor de control e de fiscalización da acción do Goberno, puxo sobre a mesa nese momento e neste salón plenario, outra vez, a preocupante situación á que nos enfrontabamos en materia de incendios forestais.

Díciallo porque a situación era, efectivamente, preocupante. Os factores que inciden máis directamente sobre a existencia do lume e as consecuencias que estes poidan ter sobre o territorio, as cousas e a xente estaban todos en contra. Levamos lustros falando dos tres fac-



tores que converten o problema dos incendios forestais nunha ameaza cada vez máis grande para a sociedade, en xeral, e para os que viven no rural, dunha maneira máis acuciante: a xestión forestal deficiente, o abandono do rural e un sistema de loita contra incendios ineficaz. Aí están rexistradas as iniciativas que presentou este grupo parlamentario, non hai máis que repasalas.

A historia recente de Galicia deu, por desgraza, oportunidades sobradamente esclarecedoras para entender onde estaban as claves dun fenómeno que, co tempo, se converteu nunha ameaza de dimensións dramáticas, e que este verán non fixo outra cousa que, lamentablemente, constatarse. Quizais o 2017 fose o punto de inflexión. Ese outubro no que o seu sistema deu mostras flagrantes de ser xa un instrumento inútil para facer fronte a unha nova realidade que se impuña pola vía violenta dos feitos.

Creouse entón, o 14 de novembro dese ano, unha comisión de expertos no Parlamento. Desá comisión, saíu un ditame con 123 propostas nas que se debuxaba unha nova estratexia para facer fronte á envergadura do problema, abordando as reformas precisas: reformas en política forestal, a aposta pola prevención como eixo central e a reformulación do Servizo de Prevención e Extinción. Aquel ditame recollía o mellor do coñecemento e da experiencia das persoas que o elaboraron. Foi aprobado cun amplo consenso polas tres cuartas partes da Cámara, cos votos dos deputados do Partido Popular e do Partido Socialista de Galicia. Señora conselleira, cando se pide consello a quen sabe, o prudente é facerlles caso. Se quen recibe a recomendación, ademais, é o Goberno, e ten as competencias, ignoralo é simplemente de irresponsables. (*Aplausos.*)

Pois ben, señora conselleira, o contido dese ditame non se está a cumprir, empezando pola nova Lei de loita integral contra os incendios, que comezou a súa tramitación en xullo de 2021. Leva parada dende xuño do 2023 e, dous anos despois, vostedes din que seguen analizando as alegacións. No texto daquela lei falábase de ferramentas que hoxe serían cruciais: as paisaxes mosaico para frear a propagación dos grandes incendios, a exención de usos agrícolas e gandeiros en zonas abandonadas e, incluso, a ampliación de faixas de seguridade. Tampouco se melloraron os medios materiais humanos. Seguimos cun dispositivo en precario, que logo analizaremos, lonxe dun servizo profesional estable e ben equipado. Pola contra, vostedes manteñen o sistema dos fixos descontinuos e das brigadas municipais, ás veces con apenas dezaseis horas de formación. ¿Parecíalle, conselleira, apropiado enviar un rapaz de dezaioito anos con esa preparación a un incendio de sexta xeración? ¿Entende que haxa tres integrantes da brigada de Oímbra con queimaduras do quince ao corenta por cento do seu corpo? Esa é a imaxe do servizo que vostede chama «preparado».

Tampouco fixeron nada para combater o abandono que está detrás da maior parte desta catástrofe. Chega con citar a desidia no desenvolvemento do Plan de actuación de melloras nas zonas de pastoreo extensivo en terreos forestais, que segue sen desenvolverse, cando sería clave para fomentar a ordenación silvopastoril, sobre todo en Ourense; e desbotaron unha iniciativa presentada por esta que lles fala. Non, señora conselleira, media ducia —¡media ducia!— de aldeas modelo non van resolver o deixamento de máis de trinta mil núcleos de poboación habitados, pero... «¡válgame Dios!», señora conselleira.



Non houbo sorte, e non a houbo en boa parte porque aos tres factores tradicionais, por se fose pouco, se sumou un cuarto: o cambio climático. Este é un fenómeno que o seu partido ten grandes dificultades para aceptar, especialmente do Padornelo para abaixo, arrastrado pola ultradereita. Así, o presidente da Xunta razoaba onte que as condicións meteorolóxicas que tivemos nas fatídicas datas de agosto foron determinantes, tanto na orixe como na propagación, e ata —mire ben— na capacidade de extinción dos lumes. ¿Como lle queda o corpo? Pois anote que a comunidade científica prognostica que este verán vai figurar como un dos máis frescos dos cincuenta próximos anos, por se quere ir incorporando do santoral algunha figura máis á que teña que dirixir as pregarias. (*Aplausos.*)

Así chegamos á traxedia e, sen coñecer aínda os datos definitivos, xa sabemos que vivimos os tres maiores incendios da historia de Galicia: o de Larouco, o de Chandrexa de Queixa e o de Oímbra. En dez concellos ourensáns ardeu máis da metade da súa superficie: Vilamartín de Valdeorras, Monterrei, A Rúa, Petín, Manzaneda, Rubiá, O Barco de Valdeorras, Cualedro, Chandrexa de Queixa e Larouco. A superficie afectada nunha soa provincia triplica, de sobra, os peores datos dos que consta rexistro. Nunca se viron afectadas polas lapas tantas vivendas e naves agrícolas, tanto instrumental e tantos cultivos, víveres e enseres.

Todo isto pasou entre un caos organizativo absoluto: veciños de avanzada idade defendéndose sós, brigadistas cercados polas lapas salvados *in extremis*, vehículos abandonados, ata alcaldesas saltando do coche para non ser queimadas, desaloxos, confinamentos, evacuacións de maiores e mesmo evacuacións de nenos en campamentos de verán.

Pare un momento a consideralo. Faga, se quere, o sinal da cruz, asuma a súa responsabilidade e váiase, pero antes, señora conselleira, ten que responder as preguntas desta interpelación. Ten que dar conta, diante desta cámara e diante de Galicia, da súa responsabilidade, da responsabilidade do Goberno galego. No mes de febreiro formulabámoslle por escrito unha serie de preguntas concretas sobre a cobertura das vacantes no Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, sobre o número de prazas sen cubrir, sobre as medidas preventivas previstas no Pladiga e sobre o organigrama da actuación do distrito. Contestou o 12 de agosto. (*A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta amosa un documento.*) Decía que o Servizo de prevención estaba «adecuadamente dimensionado». Non era certo, porque despois fixeron os chamamentos.

¿Por que a Xunta de Galicia non procedeu coa cobertura das vacantes do Servizo de Prevención de Incendios para que se puidese realizar a preceptiva prevención antes da tempada de alto risco? Nós pedímolos en febreiro. ¿Que medidas preventivas establecidas no Pladiga se levaron a cabo? Conselleira, indícanos desde os distritos que existe unha total falta de planificación da prevención. Non executan o orzamento e, en realidade, ata o verán os traballos foron case inexistentes. Vostede nin sequera foi quen de presentar o Pladiga nesta sesión plenaria. Tampouco o anterior Consello do Medio Rural, que é responsable do que acontecía este verán, daba conta do informe que pediu, unha e outra vez, o Partido Socialista de Galicia co resultado das actuacións realizadas e contempladas no documento ao finalizar a tempada, que é o que teñen que facer.

Recórdolle —por se ten a tentación de mirar cara a outra administración, como fixo agora a señora Paula Prado— que as competencias eran e son da Comunidade Autónoma, segundo



o artigo 148 e 149 da Constitución e o 27 do Estatuto de autonomía. É a súa responsabilidade, é a responsabilidade do Goberno galego, que non pode agochar nin desprazar cara a terceiros. Primeiro, na prevención. A Xunta gastou millóns en convocatorias e en ordes de prevención que quedaron sen resolver, xerando frustración nos concellos, nas comunidades de montes e no sector forestal. Iso significa que centos de proxectos que poderían estar xa en marcha para limpar os montes ou reducir a biomasa quedaron no caixón. Ao mesmo tempo, os distritos forestais comezaban a tempada sen instrucións claras, sen unha planificación concreta, nin directrices, nin coordinación.

No Servizo de Extinción, as brigadas, que deberían ter sete compoñentes, operaron con tres, sen capacidade nin seguridade para actuar. Houbo vehículos motobomba que quedaron parados en plena vaga de lumes —non se acordaba disto o señor Diego Calvo— por falta de condutores. Setenta brigadas menos que hai catro anos, segundo os sindicatos; prazas sen cubrir, entre elas, 186 prazas de condutores, e persoal sen formación suficiente, con apenas unhas horas de cursiño, enviado ao lume para xogarse a vida. Puxéronos na boca do lobo, é imperdoable... O propio presidente Rueda viuse obrigado a recoñecer que algúns medios da Xunta quedaban parados nos incendios por falta de persoal que asegurase as quendas de 24 horas. Iso, señora conselleira, non é responsabilidade de ninguén máis, é responsabilidade directa do Goberno da Xunta de Galicia.

Galicia chegou ao verán máis negro da súa historia con centos de vacantes sen cubrir, con prazas baleiras nos distritos forestais e sen reforzos, ata que chegou o horror. Vostedes agardaron a que Galicia ardese para facer os chamamentos de contratación e para cubrir as prazas que levaban meses, incluso anos, sen ocuparse, sen facer ofertas de emprego público. É pura maquillaxe. ¿Como se lle pode explicar á cidadanía que a súa conselleira non tivese previsto o básico, cando todos os informes técnicos, e mesmo os datos climáticos, anunciaban unha vaga de lumes extrema? Señora conselleira, a responsabilidade do Goberno galego, a súa responsabilidade, é inescusable. Non é do Estado, non é de Pedro Sánchez e non é dos pirómanos; é, entre outros da Consellería de Medio Rural, que vostede dirixe.

O PRESIDENTE: Grazas.

Remate, por favor.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Remato.

A prevención non se fixo, a extinción quedou desbordada por falta de organización e a planificación simplemente non existiu.

Por iso hoxe dígolle con claridade: vostede ten que asumir as súas responsabilidades, ten que dimitir pola incompetencia e a improvisación do seu Goberno. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez.



A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Presidente, deputados, deputadas, grazas e bo día.

Quero que as miñas primeiras palabras neste Parlamento tras os terribles incendios do pasado mes de agosto sexan de alento e de recordo para todas aquelas persoas que sufriron en primeira persoa esta durísima situación: para quen perdeu a súa casa, o seu negocio ou viu alterado o seu xeito de vida polos lumes, pero, sobre todo, para quen resultou ferido; a eles quero transmitirles toda a nosa forza e solidariedade. *(Aplausos.)*

Aos que xa foron dados de alta deséxolles que a recuperación sexa completa e rápida; os que aínda permanecen ingresados agardo que moi pronto poidan regresar aos seus fogares e á súa vida cotiá, acompañados do cariño das súas familias e do recoñecemento de toda a sociedade galega.

Non podemos esquecer que, xunto ao sufrimento, tamén houbo un exemplo admirable de compromiso colectivo. Quero render unha especial homenaxe a todos e cada un dos máis de 3.000 profesionais do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia: codificadores, emisoristas, vixiantes, bombeiros forestais, peóns condutores, xefes de brigada, axentes, condutores, condutores de motobomba, técnicos... A todos e a cada un deles quero agradecerlles ese traballo sen descanso, arriscando a súa propia vida moitas veces para salvar as nosas aldeas, os nosos montes e as paisaxes, nunha situación que nunca teríamos desexado pasar. *(Aplausos.)*

E xunto a eles quero agradecerlles tamén a todo o persoal de emerxencias, a bombeiros, aos GES, ás brigadas municipais, aos efectivos da Policía Autonómica, á Unidade Militar de Emerxencias, aos membros da operación Sentinela do Exército, á Policía Nacional, á Garda Civil, á Policía Local, a Protección Civil, a tantos e tantos veciños, voluntarios, a gandeiros, a todos os galegos e galegas que se puxeron á disposición na loita contra o lume. A todos eles quero expresarlles o meu máis sentido agradecemento profundo e sincero. A súa profesionalidade, o seu valor, a súa entrega absoluta foron determinantes. Sen o seu esforzo, sen a súa firmeza, as consecuencias desta vaga de lumes tería sido moito máis devastadora. Galicia sabe que pode confiar na súa xente e hoxe neste Parlamento queda constancia do noso recoñecemento máis sentido. *(Aplausos.)*

O certo é que nunca na historia da loita contra incendios en Galicia houbo un dispositivo tan amplo de medios humanos e materiais de todas as administracións. Nunca houbo máis medios que nesta campaña. Preto de 7.000 persoas formaron parte deste operativo, e a eles sumáronse motobombas, buldóceres, batracios, medios aéreos da Xunta e do Estado, tamén de Europa, un dispositivo á altura do que Galicia merece, por moito que queiran desprestixiar algúns.

Todo isto non xurdiu da nada, é froito de anos de traballo e planificación, froito dunha aposta por mellorar as condicións de quen xoga a vida no monte. Hoxe dous terzos do persoal traballa doce meses no ano. E, en canto aos fixos descontinuos, pasaron de traballar seis meses a oito neste 2025 e para o ano que vén farano nove. Desde o 2024 contan con melloras salariais, compensacións por festivos, gratificacións por horas extraordinarias. E non imos parar aquí. A nosa intención é que sigan mellorando ano tras ano as súas condicións laborais.



Non quero deixar de facer unha reflexión. En 2008 o dispositivo total de loita contra incendios era moito máis cativo. Os traballadores dependentes da Xunta de Galicia non chegaban ás 1.800 persoas, e desas menos de 1.200 traballaban todo o ano; 600 facían seis meses e o resto tiñan contratos precarios de tres meses. Daquela si que non pertencían á Xunta de Galicia, senón que o servizo estaba en parte externalizado. Dende o 2009 en adiante creáronse 1.038 postos máis en brigadas e ademais cunhas condicións laborais que nada teñen que ver co pasado.

Pero non todo é persoal, tamén se deu un salto cualitativo en medios. A rede fixa desas 181 cámaras que vixían o territorio, motobombas que dispoñen das últimas tecnoloxías para ter localizado todo o persoal do servizo en tempo real e saber cando precisan axuda ou cando están en perigo defendendo o seu posto de traballo. Tamén dispoñemos dos mellores vehículos, como as máquinas hidrostáticas polivalentes incorporadas neste último ano.

Fomos quen de deseñar e desenvolver a nosa propia maquinaria, como os equipos batracio, ideados polo persoal do Servizo de Prevención e Extinción da Xunta de Galicia. Estamos a falar dunha innovación galega eficaz e recoñecida. Precisamente a semana pasada visitou Galicia un equipo de persoal do Servizo Vasco para aprender do noso dispositivo, así como o veñen facendo persoal profesional do resto de Europa.

Temos o dispositivo mellor preparado de Europa. Non me vou cansar de repetilo, porque é a realidade. E non o digo só eu. Así o recoñecen dentro e fóra das fronteiras do noso país. *(Aplausos.)*

E dende o Goberno apostamos pola formación, que é garante da mellora continua da cualificación profesional do persoal, con cursos monográficos en prevención e extinción, con cursos adaptados a cada unha das categorías.

Reforzamos a sensibilización tamén social, con actividades de divulgación dirixidas a escolares e ao alumnado de FP.

Tamén desenvolvemos obras preventivas, señora Dacosta. Os lumes apáganse durante todo o ano; somos conscientes diso. É preciso coñecer o monte, como fan os profesionais do servizo, entender as súas peculiaridades e actuar no momento adecuado e cando a climatoloxía de Galicia así o permite.

Queren que lles diga distrito por distrito as medidas preventivas que se levaron a cabo. Saben perfectamente que as obras preventivas teñen continuidade dun ano para outro, non fai falta facer trampas de mal xogador para aparentar a preocupación. Eu esta mesma semana estiven visitando o distrito IX e o distrito VII, onde os profesionais dos distritos me amosaron o que fixeron durante todo o ano, tanto a principio de ano como na primavera, como as que están a realizar neste momento se os lumes llelo permiten.

¿Podo adiantar algunhas das actuacións máis relevantes do Pladiga? Téñenas vostedes alí recollidas. Áreas cortallumes, hectáreas de faixas auxiliares de pista, mellora de máis de 400 quilómetros de pistas forestais, tratamentos silvícolas preventivos, queimas prescritas, pun-



tos de auga revisados, infraestruturas de protección, sistemas silvopastorais, peches para gando —que claro que se fixeron, por suposto que se fixeron—, camiños, devasas e novos puntos de auga.

E, pese a todo o esforzo humano e material, non fomos quen de evitar unha traxedia que vivimos no mes de agosto. Sentímolo profundamente, por suposto que si. E estamos dispostos, como fixemos sempre, a analizar minuciosamente todo o sucedido para aprender e garantir que esta situación non se repita, e, de facelo, para que nos atope mellor preparados.

¿E se hai que facer autocrítica? Por suposto que a facemos e a faremos, e a fixemos sempre. ¿E se hai que cambiar protocolos? Tamén os cambiaremos. ¿E se hai que seguir poñendo medios para a prevención e extinción? Non lles caiba dúbida de que, como anunciou onte o presidente da Xunta de Galicia, se poñerán máis medios. Díxeno hai uns meses aquí, neste mesmo lugar: este goberno nunca escatimou nin vai escatimar un só euro na loita contra os incendios forestais. *(Aplausos.)*

Os números falan por si sós. Dende o 2009 incrementouse de xeito progresivo o investimento para a prevención e a partida deste ano supera os 50 millóns de euros. Polo tanto, non foi falta de medios, senón esta situación excepcional que vivimos o pasado mes de agosto, especialmente na provincia de Ourense; unha situación que non o di a conselleira de Medio Rural, unha situación que recoñecen investigadores, técnicos e políticos de todas as cores, os do seu partido tamén.

Esta foi unha campaña de incendios extraordinaria. No mes de agosto os servizos da consellería tiveron que atender 673 lumes. E, cando din que non son provocados, fáltanlles ao respecto a todos e cada un dos profesionais que xogan a vida todos os días nos montes, *(Aplausos.)* nos perímetros das aldeas e nas leiras de Galicia.

E remato.

Priorizamos protexer vidas, casas e infraestruturas; enfrontámonos a uns lumes nunca antes vistos, cunha velocidade de propagación inédita; o operativo funcionou de maneira axeitada, por suposto que si. Estou orgullosa de todos e cada un dos profesionais do dispositivo, dos propios da Xunta de Galicia e dos que arrimaron o ombreiro para traballar con nós, como sempre o fan, aos que lles quero agradecer o seu traballo, o seu compromiso nunha situación excepcional na que o pobo galego respondeu tamén de xeito extraordinario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas de novo, presidente.

Ben, conselleira, polo menos esta experiencia valeulle para recoñecer que os incendios se apagan todo o ano, porque na interpelación que lle fixen en xuño negaba a maior. *(Aplausos.)*



En todo caso, vostede estaba máis que avisada. Estaba avisada polo ditame dos expertos do ano 2018, polas recomendacións que fixeron tamén no ano 2019, e ademais tamén por este grupo parlamentario, en ocasións recorrentes e con advertencias claras do que cumpría facer nestes tres eixos invariables que unha e outra vez aparecen recoñecidos como compoñentes da ecuación que deu como resultado este desastre: a xestión forestal, o abandono do rural e o servizo de loita contra incendios forestais.

E xa non é posible soste esa análise sen engadir esa cuarta pata, que era o cambio climático. Pero, por se o noso criterio non lle resultaba suficientemente fiable, abundaba con atender as opinións, os diagnósticos e as propostas que en múltiples foros veñen facendo profesionais e expertos alleos á disputa política.

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos advertía: estamos a falar de incendios que teñen tanto poder calorífico que ata se queima o chan. Son incendios de sexta xeración, grandes lumes nos que a extinción é complexa polas condicións que crean. E dicían: hai que aplicar unha silvicultura ano a ano, durante anos, para crear un territorio resiliente fronte aos incendios forestais, iso que vostedes non fan.

O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes advertía que estes incendios están por riba da capacidade de extinción e os mesmos xeran a súa propia meteoroloxía e descargas eléctricas, que provocan segundos e terceiros incendios. Isto dígoo porque o señor Rueda falaba de distintos focos nunha zona e estes incendios convectivos xeran distintos focos nas mesmas zonas.

E a Universidade de Santiago tamén engadía que o abandono do rural, o crecemento desordenado das masas forestais e a falta de limpeza deixan toneladas de material seco no chan. Estamos ante incendios de profundidade..., ta, ta, ta, ta, ta. E dicía: é preciso un servizo profesionalizado que faga prevención todo o ano e coñeza o monte a fondo.

En fin, nada distinto do que aquel ditame de expertos solicitado por este Parlamento deixaba perfectamente claro. A responsabilidade de que as 123 medidas propostas daquela folla de ruta non se cumpriran é de quen ocupou cargos dende entón. No seu caso, señora conselleira, asumiu esa responsabilidade dende a primavera de 2024 e as consecuencias de non facelo están á vista de toda Galicia.

E, por riba das advertencias técnicas, están tamén os datos denunciados polos sindicatos: 75 por cento menos de profesionais nos distritos máis golpeados polo lume, máis de 300 prazas sen cubrir, entre elas, como dicía, 186 condutores de motobomba.

E, mentres Galicia ardía, vostedes improvisaban: chamamentos a través das listas de contratación en plena vaga de lumes —como o que non ten previsto o máis elemental—, ofertas de emprego público publicadas en pleno mes de agosto —cando o dispositivo debía estar consolidado moito antes—. Maquillaxe. Pregúntolle, señora conselleira: ¿como se pode esperar a que Galicia arda para cubrir prazas de bombeiros forestais que levaban meses vacantes?

Pero o problema vai máis alá, é estrutural, e amosa o descontrol e a falta de previsión do seu Goberno. Funcionarios de corpos especiais da Xunta de Galicia levan anos denunciando



que se lles negan dereitos básicos e que se bloquean concursos de traslados durante máis dunha década. E iso provocou que prazas de responsabilidade en distritos forestais, servizos de extinción ou direccións técnicas foran ocupadas provisionalmente por persoal sen experiencia. É certo que isto é responsabilidade da consellería que leva función pública.

E quero aquí tamén ser moi clara: a responsabilidade directa da súa consellaría é pola falta de planificación. Nin se pode botar agora balóns fóra nin ocultar que esta consellaría tiña a obriga de garantir planificación, recursos humanos e eficacia na extinción.

Cando falla todo iso, señora conselleira, pois falla vostede, e, por se fora pouco, o presidente Rueda tentou minimizar a gravidade dicindo que o que ardía eran mato e pedras, mato e pedras, señora conselleira, cando o que estaba a arder eran espazos de altísimo valor natural, como O Invernadoiro ou Pena Trevinca, auténticos símbolos da nosa biodiversidade, e isto é un insulto á intelixencia da cidadanía galega.

No ano 2006, co Goberno bipartito, vostedes foron implacables, cando ardía a metade da superficie que ardía agora, cando só se levaba un ano gobernando. Vostedes, no canto diso, manteñen a mesma actitude: autocompracencia, negación e propaganda. A responsabilidade é do Goberno do Partido Popular, e por iso o noso grupo parlamentario xa anunciou a solicitude dunha comisión de seguimento que verifique o cumprimento do ditame parlamentario do 2018, porque é preciso e urxente que se cumpra, pola seguridade da cidadanía e pola xusta reivindicación de desenvolvemento económico das áreas rurais e dos sectores agroforestal e agrogandeiro. Porque a seguridade da cidadanía, conselleira, precisa...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: ... —xa termino—estratexias e mecanismos novos que defendan da ameaza do lume, algo bastante máis serio e responsable que o seu «¡vállame Deus!» (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleira do Medio Rural.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidente.

Deputados, deputadas.

Señorías do PSdeG, teñen a desvergoña de acusar a conselleira e os traballadores desta consellaría de non actuar adecuadamente. (*Murmurios.*) Acaba vostede —si, si— de dicir que estes incendios, segundo os técnicos, non era posible apagalos. De feito, algún ministro que visitou Galicia dixo que só se apagarían cando chovera. O Servizo de Extinción e todos os demais que traballaron á par loitaron incansablemente para dar controlado eses incendios.

Dixo vostede que eran incendios convectivos e que facían focos; por suposto que si. Eu estiven alí, ao pe do canón, todos os días. Pero tamén vin como, cando intentaban controlar o



incendio de Oímbra, aparecían varios focos, ao carón de Vilaza, como poñían en Vilar de Le-bres, non saltaron alí os focos, pero diso darán conta os técnicos, que son os que teñen que explicar estas cousas, non a conselleira; pero alí puidémolo ver, esa intencionalidade en facer máis grande un incendio que xurdía en Oímbra e que fixeron intencionadamente estender por toda a comarca.

E iso é unha realidade, e iso vivímolo no Cecopi en Ourense os días e noites que estivemos alí a carón dos profesionais, tanto o presidente da Xunta (*Aplausos.*) coma min, como o delegado territorial, como todos os que se achegaron alí para comprobar de primeira man a situación que nos tocou vivir.

Si, volveron presentar vostedes unha interpelación que presentaran no mes de febreiro, non lle cambiaron ningún punto nin unha coma. E é verdade que estiveron ben ocupados todo o mes de agosto, porque nin tan sequera se molestaron en modificala para adaptala á situación e á vaga de incendios que nos tocou vivir.

E desde o Servizo de Persoal desta consellería traballouse desde o primeiro momento para cubrir as vacantes, que eran do 95 por cento do servizo, o 95 por cento estaba cuberto, e traballouse para cubrir tamén as baixas. Se non fixeramos eses chamamentos, ¿de que me acusarían? De non telo feito. Se se fan, porque se fan, e, se non se fan, porque non se fan. Se se fan, porque a xente que vai traballar non ten experiencia; eu entendo que cando o persoal dun servizo está nunha lista é porque cumpre as condicións para estalo e así o determina Función Pública, como non pode ser doutro xeito. (*Aplausos.*) E fixéronse un total de 22 chamamentos.

E non me cansarei de repetir, por moito que o queiran desprestixiar, que Galicia ten o mellor operativo posible para facer fronte aos incendios forestais, aínda que vostedes mesmos recoñezan que estes eran imposibles de apagar.

¿Onde estaban vostedes mentres nós estábamos no Cecopi en Ourense? Estaban redactando, si, a interpelación do mes de febreiro. ¿Que facían cando os técnicos alertaban dunha situación inédita ou cando se declaraban incendios simultáneos en varios puntos da provincia e mesmo da comunidade? No terreo, desde logo, non estaban, ou eu non os vin.

Os feitos constatan, asemade, que tampouco hai moita coordinación cos seus líderes de Madrid, pois en máis dunha ocasión tanto o ministro Marlaska como a ministra Robles manifestaron que o control e a extinción destes lumes era a axeitada.

Pero o que máis me doe é que se atrevan a cuestionar o traballo dos dezanove distritos forestais que ten Galicia e dos técnicos e dos profesionais que traballan alí arreo todo o ano e determinan onde se fai a obra preventiva, con proxectos continuados, revisados polos técnicos do distrito e feitos polo persoal do distrito, e tamén determinan cando é o momento de executar eses traballos. E en canto á extinción de lumes, sobra dicir tamén que son os profesionais os que se encargan de tomar as decisións.

E vostede veu, si, ao Cecopi. Voulle dicir aquí, a todo o Parlamento, cando veu: o día 17. Cando Pedro Sánchez decidiu interromper as súas vacacións, un día, e vir voando ata Ourense, vos-



tede e algúns membros máis apareceron no Cecopi; en ningún momento mostraron ningunha sensibilidade para coa conselleira do Medio Rural, ningunha pregunta de como estaba a situación, viñeron alí para saír na foto co seu líder, co seu líder. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Si, si. E agora, antes de que remate a tempada de incendios, están aquí dispostos a aproveitar politicamente o drama que outros sufriron en primeira liña. Esa é a súa achega: a crítica oportunista e a ausencia reiterada e, por suposto, a foto ben calculada. Nin no momento de maior necesidade nin nos momentos de maior dor estiveron ao lado dos profesionais alí no centro de coordinación.

Uns profesionais que demostraron a súa grandeza, a súa fortaleza, a súa valentía diante dunha situación extraordinariamente complexa, igual que o demostrou o pobo galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación da deputada Monserrat Valcárcel Armesto e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación da Xunta de Galicia respecto dos lumes forestais de agosto de 2025, tanto no referido ao aspecto preventivo como ao labor de extinción

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, presidente.

Bo día de novo, señorías.

Non parecían os restos dun incendio, senón dunha zona de guerra; frase que dixo Magdalena, de San Vicente de Leira, aldea arrasada de Valdeorras, pero que calquera que estaba en primeira liña desas aldeas abandonadas á súa sorte puido dicir. Foi a vaga de lumes máis intensa dende que hai rexistros. A catástrofe ambiental, económica e social, persoal, para moitas e moitos galegos que sufriron no macizo central, en Monterrei, en Valdeorras, no Ribeiro, en Quiroga, na Pobra de Brollón e outras comarcas do país neste verán, coa queima de máis de 120.000 hectáreas, é a vaga de lumes máis intensa dende que hai rexistros —volvo dicilo—. Estes lumes calcinaron o 10 por cento da provincia de Ourense, onde se rexistrou o maior incendio da historia de Galiza, o de Larouco.

E, a diferenza doutras catástrofes rexistradas nestes últimos anos, por exemplo a covid, no caso dos incendios, si que existe unha ampla base de experiencia práctica acumulada en varias décadas, ademais dunha importante literatura científica e político-institucional; neste mesmo Parlamento promoveuse unha comisión de investigación e houbo un ditame de expertos que propuxeron máis dun cento de medidas, que logo de oito anos non están para nada todas feitas.

A principal novidade rexistrada nos incendios deste mes de agosto foi a extraordinaria virulencia coa que se teñen desenvolvido, pero a mudanza climática está por detrás. Pero di-



circun, señora conselleira, que os modelos climáticos que manexan os expertos indican que a anomalía térmica deste ano vai ser a norma en dez anos; é dicir, que abarcará tamén territorios que ata agora tiñan clima temperado; léase, por exemplo, A Mariña. Co cal, por favor, muden as políticas xa, que isto vai a peor.

E os expertos, aos que se debe atender sempre, non cando lles convén, din que os grandes incendios se cociñan con catro ingredientes: primeiro, a cantidade de combustible, de vexetación, que foi maior por unha primavera chuviosa; a dispoñibilidade dese combustible, é dicir, seco e listo para arder; unha fonte de ignición; e as condicións meteorolóxicas para que se propague, principalmente moito calor e vento. Destes catro ingredientes, que eu saiba, só podemos actuar sobre o primeiro, sobre a cantidade de combustible. Xestionando a vexetación, podemos alterar o comportamento dos grandes incendios forestais; a través da xestión forestal, podemos diminuír as acumulacións de combustible na paisaxe.

E non deberiamos esquecer que a acumulación de biomasa forestal vén xerada polo despoamento humano e pola perda de gando extensivo. Unha paisaxe que antes combinaba parcelas agrícolas e forestais, creando devasas naturais, converteuse nunha continuidade forestal uniforme, que é moito menos defendible fronte ao lume. Entón, a característica é xestionar a vexetación.

E quixera, iso si, facer un inciso sobre as fontes de ignición, porque recordarlle que nos seus argumentarios resucitan con forza a tese das tramas ou do suposto terrorismo, e sobre iso dicirlles que non aparece estudo de ningún especialista, e nin tan sequera nin a Policía nin a Fiscalía o apoian, pero nin tan sequera o seu Pladiga o di, non pon como causa iso.

E lémbrolle como estreou vostede o cargo, señora Gómez, dicindo que nos ía no ADN o dos lumes. (Aplausos.) Ou lémbrolle tamén o que dixo a portavoz do PP do Barco de Valdeorras, acusando directamente os brigadistas de estar tras dos lumes. Calquera delas, unha total falta de respecto para as galegas e galegos. (Aplausos.)

Co que si vou estar de acordo é con alguén do PP, ¿sóalle?, co señor Feijóo. Dixo o 25 de agosto o seguinte: «*Ha sido un problema de prevención y planificación. Después de las lluvias de primavera y las temperaturas, era evidente que estábamos ante un riesgo añadido*», dando o primeiro paso en recoñecer a incompetencia do seu Goberno tras non facer labores preventivas.

Nunha desestruturación do mundo rural, como levan vostedes facendo dezaseis anos, hai que reiterar que esas crises de incendios se deben a tres aspectos: políticas forestais que se aplican, mecanismos de prevención e características dos dispositivos de extinción postos en marcha. Nestes tres ámbitos, a súa xestión é negligente, e —que eu saiba— son quen administran e quen teñen a responsabilidade dos recursos para minimizar os efectos destrutivos dun lume.

O cumio de todo este despropósito deuno o seu xefe. As palabras de Rueda: «*Arderon matogueiras e pedras*». As matogueiras resulta que eran montes centenarios e as pedras eran dúascentas casas. ¡Que desleixo cara ao territorio! (Aplausos.)



Agora, ao señor Rueda acordoulle que o problema dos lumes vén, en gran medida, polo despoboamento e polo abandono do rural. Entón, eu agora téñolle que lembrar as súas palabras neste Parlamento. Vostede neste pasado xuño rifounos aos parlamentarios do BNG por dicilo, e dixo literalmente: «Eu agradeceríalles que cando veñen a este Parlamento non falen de abandono rural, porque non é certo». «Porque non é certo», repetiu. Entón, ¿vaille rifar agora ao seu xefe? (*Aplausos.*)

E cómpre lembrarllas que os lumes do 2006 serviron ao señor Feijóo para exixir destituír o conselleiro do Medio Rural e para recalcar que non ardera tanto desde 1989. «Non quero pensar...» —dixo el— «...que ten que pasar en Galicia para que algún conselleiro dimita. Non o quero pensar porque me dá medo». Apliquen a súa propia receita, señora conselleira. (*Aplausos.*)

Vostedes, que levan gobernando dezaseis anos, desmontaron pezas fundamentais para a prevención e reduciron a faixa de protección para os núcleos, e agora fala Rueda de incumprimentos. Eu aquí tamén lle recordo palabras súas, señora conselleira, que ten moitas. Entrevista na SER, do 29 de xuño: «Sei que o convenio coa Fegamp para a limpeza de faixas de vexetación ao redor dos núcleos de poboación está a funcionar moi ben». Entón, eu preguntolle: ¿por que chegou o lume ás casas?, ¿por que? Porque isto, co que di vostede, non podía ser.

E, por se non chegase, hai exemplos de máis mala xestión: deixaron sen executar 11 millóns de euros de medidas de prevención, incluídas faixas de protección a parroquias de máximo risco. E, falando dun proxecto concreto de Ourense, houbo unha aldea de Monterrei que, nun proxecto do 2023, definiron como «indestrutible ao lume». E, nesta vaga, o que din os dispositivos é que o pasaron ben mal para que alí non ardesen as casas.

A vaga de lumes amosou entón unha ineficacia e falta de coordinación do dispositivo de extinción, porque neste agosto o dispositivo contraincendios da Xunta colapsou e non polo persoal; persoal —iso si— para o que sempre teremos recoñecemento e agradecemento polo seu traballo, pero non para quen lles impide traballar ben. (*Aplausos.*) O que está claro deste verán é que o operativo se viu superado, e iso o que amosa é o ineficaz labor previo do seu Goberno, e desmonta o seu triunfalismo. ¡O mellor dispositivo de Europa, dicían! Pois este dispositivo tivo serios problemas para mobilizar os medios axeitados nesta vaga de lumes, e proba diso foi que dous dos maiores incendios desta vaga comezaron en zonas de alto risco, nas que se intensifican, de principio, actuacións de vixilancia e disuasión. ¡Por non falar da falla de previsión para actuar nos grandes lumes da interface urbano-rural que foron simultáneos! Os lumes colléronos a vostedes co dispositivo sen atender en pleno agosto; entre outras razóns, porque decidiron, por estatística, que os lumes serían na primeira semana de setembro. Nin foi así nin souberon empregar a estatística, porque non souberon gobernar. (*Aplausos.*)

En canto ás cifras, 7.000 efectivos, dicían na súa «TelePP» o 27 de xuño. Logo, xa na vaga de incendios, eran 3.000; e deses, tiñan o 10 por cento con prazas vacantes ou con baixas, ¡en pleno mes de agosto! Por non falar de que teñen o persoal con pouca formación nas brigadas, en xeral, porque non solucionaron a precariedade laboral por todos recoñecida. Mais



o verdadeiro problema non é un asunto de máis medios, senón de xestión do territorio. E vostedes aí tamén dixeron: «a xestión foi moi boa»; e iso quere dicir que, nos vindeiros anos, vai volver pasar isto moitas veces, ou aínda peor. O que pasou este verán ten que ser un punto de inflexión para que por fin exista unha reforma estrutural e se mude este modelo depredador para a natureza que pon en risco as persoas, porque o outro futuro é posible, pero non con vostedes.

De momento, isto é todo. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Presidente.

Deputados, deputadas.

Grazas de novo.

Señorías do BNG, voulles responder con rigor e detalles todas as cuestións que expoñen na súa interpelación. Non temos nada que agochar, como vimos demostrando ata o de agora, e, en contra do que din, a Xunta de Galicia actuou con total transparencia e responsabilidade na comunicación durante a vaga de incendios.

Informouse de todos e cada un dos lumes rexistrados en Galicia dende que comezou a tempada de alto risco e ata este momento. Atendéronse as peticións de datos formuladas polos medios de comunicación, e, de maneira proactiva, ofreceuse información sobre aqueles incendios que superaron as 20 hectáreas ou representaron unha ameaza para bens non forestais, igual que se fixo sempre. Durante esta vaga, remitíronse 130 partes informativos aos medios, o cal dá boa conta da política de comunicación aberta e continua que levamos a cabo.

Neste mes de agosto, vivimos unha situación excepcional —como dixeran antes— e sen precedentes, cunha vaga de lumes de carácter explosivo e simultáneo —moitos deles provocados— agravados por unhas condicións meteorolóxicas extremadamente adversas. Galicia veu dun mes de xuño historicamente cálido e cun verán no que practicamente non choveu, e todo isto condicionou gravemente eses labores de extinción. Pero en ningún caso houbo falta de medios nin a Xunta colapsou, como vostedes afirman. Non foi este Goberno o que se deu por vencido afirmando que estes incendios eran imposibles de apagar —como fixeron algúns— e que só o faría a choiva; fixérono os profesionais do servizo fronte a uns incendios inéditos. *(Aplausos.)*

Solicitáronse ao Goberno central os medios que os técnicos do Cecopi, de todas as administracións, consideraron necesarios, baseándose na experiencia acumulada ao longo dos anos loitando contra os lumes. Non houbo colapso, señorías; houbo uns incendios dunha virulencia descoñecida, cun comportamento nunca visto e aos que se lles fixo fronte con valentía e profesionalidade. Nos momentos de maior números de incendios, o Cecopi decretou os



confinamentos ou as evacuacións que considerou necesarias para protexer a vida dos galegos e das galegas. Os lumes non colleron o Goberno de Galicia cun dispositivo pouco preparado, como vostedes afirman. Reitero que é un dos mellores dispositivos de toda Europa, e non o reitera só a conselleira; (*Aplausos.*) así o recoñecen os profesionais de toda Europa. (*Aplausos.*) E ningún outro dispositivo na loita contra incendios en toda Europa tería capacidade para facer fronte aos lumes que asolaron Galicia no mes de agosto. Ogallá a tivesen, pero non somos superhombres nin supermulleres; somos humanos, e é unha situación que se viviu, por desgraza, no resto de España.

Eu quero aproveitar para volver recoñecer o labor deses case 7.000 profesionais —si, señora Valcárcel, 7.000, os de todas as administracións— que, cada vez que se decreta unha situación 2, se poñen ao servizo de Galicia para loitar contra os incendios forestais; 3.000 da Xunta de Galicia.

Falen con rigor, o rigor tamén é importante. Señorías do BNG, gustárame apelar á responsabilidade e a ese rigor cando se fala dunha cuestión tan seria como son os incendios forestais. A cidadanía galega merece un debate honesto, baseado nos feitos e non en titulares alarmistas, en cifras sacadas de contexto. E, por iso, quero aclarar con datos e argumentos tres cuestións que foron obxecto de crítica.

Falouse aquí da existencia de centos de vacantes. Nunca houbo centos de vacantes; houbo centos de baixas que se intentaron cubrir en todo momento polo Servizo de Persoal, con eses 22 chamamentos —como dixen antes—.

Afirmouse que existía unha falla de profesionalización e precariedade laboral —volveron dicilo agora— nas brigadas. Xa na outra interpelación me referín á situación do dispositivo de incendios da Xunta de Galicia no Bipartito e non o vou volver lembrar aquí. De precariedade laboral, nada: dende que o Partido Popular está á fronte da Xunta de Galicia, traballouse arreo cos profesionais do Servizo, intentando mellorar sempre as súas condicións laborais, e seguiremos facéndoo, por suposto que si, (*Aplausos.*) con acordos que benefician os profesionais que traballan todo o ano. Froito do proceso de funcionarización e da vontade de dignificar o traballo dun colectivo esencial para o noso territorio, actualmente, dous terzos do operativo, que suman arredor desas 3.000 persoas, traballa durante os doce meses do ano, e un terzo vai traballar para o ano que vén nove meses. E seguiremos profesionalizando, planificando e cumprindo con todos e cada un dos profesionais que prestan servizo a Galicia neste labor tan, tan importante como é a loita contra os incendios forestais. (*Aplausos.*)

Segundo as estatísticas —que non menten—, a maior época de incendios era a partir da semana 33, e ultimamente xa da 36. Son as estatísticas, non as inventa nin a conselleira nin o director xeral; son estatísticas puras e duras. E, por iso, asinouse sempre ese convenio co Ministerio de Defensa para poñer en marcha a operación Centinela, convenio firmado o 17 de xullo de 2025 e incrementado este ano con cinco brigadas, que despois foron incluso máis. Este establece a vixilancia mediante patrullas militares entre o 15 de agosto e o 30 de setembro. Esa é a súa finalidade: disuadir e vixiar os nosos montes. Pero iso non afecta nin limita a colaboración doutras unidades militares ou das forzas e corpos de seguridade no marco do Pladiga. A UME e outras administracións —como dixen antes— par-



ticipan sempre, segundo as necesidades do momento. En definitiva, señorías, o que fixo a Xunta e segue facendo é traballar con responsabilidade, reforzando os medios, mellorando as condicións laborais e actuando con transparencia. Fronte á demagogia, os feitos falan por si mesmos.

O BNG insiste en repetir unha mensaxe que non se sostén. Acúsannos de ser os responsables do abandono do rural, do despoboamento, da perda de gando en extensivo, de converter Galicia nunha masa forestal uniforme. Fronte a eses discursos, o Goberno galego actúa, traballa e inviste no rural con feitos contrastables. Na última década, dende a Consellería do Medio Rural, levamos investidos no territorio preto de 4.000 millóns de euros con achegas e investimentos no medio rural. (*Aplausos.*) A ordenación do territorio é unha estratexia consolidada na que levamos anos traballando para facer do noso territorio un espazo máis produtivo, coidado e rendible para quen o habita e o xestiona.

Dende o 2020, rematamos 34 concentracións parcelarias, que abarcan máis de 22.600 hectáreas e 18.000 propietarios, e dende o 2021, decretáronse 20 novas concentracións nas que se está a traballar, impulsadas pola Lei de recuperación da terra agraria. Esta norma permite mobilizar terra abandonada a través de ferramentas como os polígonos agroforestais ou as agrupacións forestais de xestión conxunta. Neste momento, hai 44 agrupacións forestais de xestión conxunta, cun investimento de máis de 2 millóns de euros, e acabamos de crear a figura das agrupacións forestais sen base territorial.

Cómpre lembrar que o 98 por cento do monte galego é de titularidade privada. A Xunta non se desentende; ofrece medios, apoio e asesoramento para que os propietarios poidan obter rendemento das súas terras. A planificación forestal é importante, claro que si. Superamos os obxectivos de ordenación para 2035, pasando de 117.000 hectáreas a máis de 500.000 hectáreas ordenadas. A cadea monte industria supón o 1,8 por cento do PIB galego, máis de 9 millóns de metros cúbicos de madeira cortados en 2024. Apostamos por un monte sostible, claro que si, con axudas á silvicultura produtiva, sanidade forestal e a creación de pasteiros como barreiras naturais contra os incendios.

Tamén estamos a potenciar a formación no ámbito agrogandeiro e forestal, ademais de apoiar o relevo xeracional cunha liña de 36 millóns de euros neste ano 2025 para a incorporación de mozos e mozas ao campo.

Galicia non está abandonada, señorías; está en transformación, modernización e posta en valor, grazas a políticas públicas serias e responsables, mal que lles pese a algúns. O resto son slogans sen respaldo nin propostas reais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Valcárcel.

MONSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, señor presidente.



Os números falan por si sós, di vostede. Si, falan, desgraciadamente falan. Porque a vostede é certo que en agosto non lle oímos palabra, estaba todo o tempo detrás do presidente. Ou si, espere; si, dixo algo. Dixo que facían falta máis medios. Entón, ¿que é o que falla aquí, señora conselleira? Non o entendo. Sinceramente, non o entendo. Que eu saiba, vostede si que tiña que estar aí ao pé do canón. O día 10 de agosto penso que estaba vostede nunha feira do viño en Monterrei, e xa empezaran os lumes. Pero aí estaba vostede sen problema. Moi ben.

Di que este operativo que vostedes teñen é un exemplo para calquera, e que o viñeron ver vascos. Se o viñeron ver vascos, ¿para que sería? ¿Para ver onde estaban os erros que eles non cometeron? ¡Porque alí non tiveron este volume de hectáreas arrasadas! *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

Outra cuestión importante: poñen como unha gran vantaxe, como unha gran marabilla, que os traballadores estean contratados oito meses. ¡Pero é que terían que estar todos os meses do ano facendo prevención! *(Aplausos.)*

E fáleme vostede de rigor cando lle falo dos 7.000 efectivos que puxeron na «TelePP» —repítolle—, cando vostedes xa recoñeceran e dixeran que son 3.000 os efectivos que teñen da propia Consellería. Contar os efectivos dos demais... ¡home, non sei! Máxime cando agora as brigadas municipais, que eu saiba, neste ano se reduciron moitísimo. E recórdolle que as brigadas municipais dependen de cada concello; polo tanto, o rigor que se lles pide tamén depende de cada concello.

E aí tamén lle vou dicir unha cuestión: hai quen se ofreceu, os GES por exemplo, para darlle unha axuda. Pois en moitos casos, eses GES, ese persoal, estaban coas cisternas regando rúas nunha poboación. ¿Iso é axudar para os lumes? ¿Contar con todas as mans que hai? *(Aplausos.)*

Outra cuestión: as faixas. Vostede gábase, igual que eu, de que somos do medio rural, ¿non? Vostede foi a alcaldesa de Guntín. Pois eu tamén falo con xente de Guntín. ¿E sabe o que me din? Que cando vostede foi alcaldesa, ¡non requiriu en ningún momento que cumprisen as faixas, non enviou nin unha soa carta! Así que vostede me dirá: ¿como alcaldesa ten un discurso e despois como conselleira ten outro? *(Aplausos.)*

Cando falamos dos traballadores, hai algo que non sei se coñece, un termo que se chama «solastalxia» ou, o que significa o mesmo, dó pola perda da contorna natural. Iso é o que senten moitos dos bombeiros forestais, iso é o que sentiron cando viron arder unha aldea enteira, cando viron arder casas. Porque, señora conselleira, nós somos os lugares que habitamos e a nosa identidade fórxase en contacto permanente cos lugares que habitamos; iso tamén nos afecta psicolxicamente, loxicamente. Eses bombeiros, ese persoal que estivo en primeira liña así o sente. Por iso, con eles, sempre a maior das solidariedades, o maior dos recoñecementos e, en ningún momento, pode terxiversar as miñas palabras para dicir o contrario, porque así non foi.

Despois, fala vostede de que teñen en conta a cadea monte-industria. Que eu saiba, nesa cadea, vostede non ten a competencia en industria ¿non? Xera, co labor tan importante que fixo, pasou



para a Consellería de Industria; non está directamente vinculada onde está precisamente o recurso, que é aquí. Esa cadea monte-industria vostede pérdela moito, ¡eh! E, sobre todo, vana perder para a parte de investigación, que é o que pasa ao ter Lourizán nesa parte da industria.

Xa me dirá vostede por que houbo voces como o Consello Forestal que dixo que non consideraba que se lle tivese en conta, non sei. Como o Colexio de Biólogos, que denunciou a situación e que despois quedou sen axudas.

Señora Gómez, falan de que invisten moito, de que teñen moitos proxectos para o medio rural. ¿O seu proxecto estrela para o medio rural, cal é? Cónteme. É Altri, ¿verdade? Ese é o seu proxecto estrela. *(Aplausos.)* Iso é o que vostedes consideran, e ao que dedican todos os seus recursos.

A xestión forestal, a xestión que hai que organizar, hai que facela cun estudo detrás moi rigoroso e cun equilibrio importantísimo da biodiversidade. Por favor, o rigor téñano vostedes que son quen están gobernando, son vostedes quen gobernan. E, cando dixen antes estatísticas, non me veña a min dicir o que é unha estatística. Agora, eu o que digo é que non a saben utilizar, e vostedes son os que gobernan. ¡Non poden, con base nunhas estatísticas, tomar unhas decisións que afectan desta maneira para o que pasou este agosto, para esta vaga de lumes! ¡E vostedes fixérono...,

O PRESIDENTE: Grazas.

MONSERRAT VALCÁRCCEL ARMESTO: ...fixérono continuamente!

O PRESIDENTE: Grazas. Rematou o tempo.

MONSERRAT VALCÁRCCEL ARMESTO: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Peché da interpelación, conselleira do Medio Rural.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidente.

Deputados, deputadas.

É curioso que segue a señora Valcárcel as miñas redes sociais para saber onde estou en cada momento. Alégrome de que estea pendente da miña vida.

Efectivamente, o día 10 de agosto estiven na Feira do Viño de Monterrei, que é tamén a miña responsabilidade: todos e cada un dos sectores que integran a Consellería do Medio Rural. *(Aplausos.) (Murmurios.)* É a miña competencia si, si.

¿E saben que? Tamén estiven ese mesmo 10 de agosto no Centro de Coordinación de Ourense, onde non os vin a vostedes en ningún momento, por certo. *(Murmurios.)* En ningún momento. Non tiñan que estar, ten razón...;



O PRESIDENTE: Silencio.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): ...ten razón vostede en que non tiñan que estar. Xa estábamos os que temos que estar.

Ben, nun momento tan crítico... *(Pronúncianse palabras que non se perciben..)*

O PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio! Houbo moito silencio na intervención da señora Valcárcel. Agora pídolles o mesmo. Hai que saber aguantar tamén. *(Murmurios.)* A conselleira ten dereito a defenderse, ¡ollo! Claro, non é só dar, hai que... Non se pode ter a mandíbula de cristal, hai que aguantar un pouco, ¡eh! Claro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Nun momento tan crítico, no que se necesita unión, responsabilidade e apoio, vostedes xa se puxeron onde se tiñan que poñer: detrás da pancarta e da rifa. Iso foi o que fixeron vostedes en plena vaga de lumes. *(Aplausos.)* Faltoulles tempo para pedir que a xente saíse á rúa a protestar. Non tiveron a máis mínima intención de coñecer de primeira man os feitos, de achegarse aos equipos de intervención, de escoitar, de preguntar, de propoñer medidas útiles. Vostedes fixeron o que soen facer sempre: ¡sacar dunha crise rédito político, que é o único que parece interesarlles! *(Aplausos.)*

E, antes de que o presidente viñese ao Parlamento, por petición propia, a dar explicacións, xa estaban vostedes pedindo dimisións. O presidente Rueda estivo en primeira liña coordinando, visitando os lugares afectados, falando cos profesionais e cos veciños, como ten que ser.

É curioso como cambiaron vostedes o discurso dende os incendios aqueles do 2006. Daquela, falaban vostedes de terrorismo ambiental, de actos delituosos, de criminais que querían facer dano. ¡Ai, agora non! Agora os culpables somos o Goberno da Xunta de Galicia e do Partido Popular, por abandonar o rural. E resulta que a Xera non é competencia miña, señora Valcárcel, pero os proxectos industriais de Galicia, como Altri, si son competencia da Consellería do Medio Rural. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: Non, silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio. *(Murmurios.)* Claro, hai que aguantar tamén. Silencio.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): A evolución do investimento baixo os gobernos do Partido Popular sempre foi a máis. Dende o 2018, a partida en prevención medrou un 35 por cento. Ademais, temos que destacar o traballo que se está a facer nese convenio entre Xunta, Seaga e Fegamp para a xestión da biomasa preto das vivendas, para axudar os concellos a cumprir con ese cometido, que non é nada doado, nada doado. E non é que o diga a conselleira do Medio Rural; dino os alcaldes de todas as cores políticas, os seus tamén.

Xa o anunciou onte o presidente: poñeremos mecanismos en marcha para que a Xunta poida axudar máis os concellos, cunha competencia que vén dunha lei do 2007 feita por vostedes no Goberno. E axudaremos máis eses concellos de menos de 10.000 habitantes para que poi-



dan facer de xeito máis adecuado a xestión de limpeza desas faixas secundarias onde os propietarios non limpan.

Vostedes, como dixen antes, non apareceron. Pero, señora Valcárcel, vostede, como ten feito noutras ocasións, puido coller o teléfono e darme unha chamada. Porque antes de ocupar ese escano, facíao sen problema ningún, cando calquera das dúas ocupabamos outros postos. Pero agora, ou se lle esqueceu o meu número ou xa está a outras cousas. Preferiu vir hoxe aquí tentar rendibilizar politicamente un suceso doloroso para moitas familias e moi duro para todo o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais.

Preguntan como valoramos a actuación dos lumes. Pois dígoo claro: o dispositivo galego de loita contra os incendios está considerado dos mellores de Europa. Deu o mellor de si nestes momentos tan duros, e vostedes, no canto de recoñecer ese traballo, dedícanse a desprestixialo día tras día.

¿Que cometemos erros? Seguro que si. ¿Aprendemos deles? Aprenderemos, por suposto que si. Fixémolo detrás dos incendios do ano 2017 con ese ditame de 123 recomendacións, tras o cal aprobamos a Lei de recuperación da terra agraria, elaboramos o Anteproxecto de lei de loita integral contra os incendios forestais, creamos a Uifo, estamos a desenvolver a Unidade de Directores de Extinción e, por suposto, melloramos as condicións do persoal. A Xunta xa executou, ou está en proceso de facelo, o 80 por cento das recomendacións dese ditame.

A responsabilidade política —preguntan por ela— foi estar no Cecopi día tras día, de mañá por noite, na vaga de lumes; e a responsabilidade social vén demostrada por ese paquete de axudas que xa están a pedir os galegos e galegas afectadas por esta vaga de incendios que oxalá nunca tivese ocorrido, co que van poder recuperar a normalidade e a súa vida o máis axiña posible. Aínda estamos esperando por que o Goberno central anuncie esa supostas axudas, das que, de momento, non sabemos nada. O primeiro apoio tivérono os afectados con alimentos para os animais o mesmo domingo 17, cando se estaban a descargar camións de forraxe para que puidesen alimentar os animais se perderan a forraxe que tiñan almacenada ou os seus pastos, ou coa posta á disposición do Banco de Terras para que as ovellas puidesen ter outro lugar onde ter alimento. Esa é a política real.

Señorías, o Goberno da Xunta estivo ao pé do canón desde o minuto cero mentres outros non se levantaron da tumbona; pero os galegos e as galegas son intelixentes e saben quen traballa, quen se implica, e quen só busca rendibilidade electoral. E serán eles, como sempre, os que darán e quitarán as razóns.

Moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación do deputado Xosé Luís Bará Torres e da deputada Montserrat Valcárcel Armesto, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto na biodiversidade e nos espazos naturais protexidos provocado polos lumes forestais acontecidos en Galicia en agosto de 2025



O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Quedounos claro que o Partido Popular, a Xunta e a Consellería do Medio Rural seguen instalados na autocompracencia e na propaganda. E o que fixo aquí, no fondo, a conselleira foi unha —digamos— *accusatio manifesta*. *Excusatio non petita, accusatio manifesta*, dando escusas.

En fin, eu unicamente o que lle quería pedir era respecto para o traballo do Grupo Parlamentar do BNG, para os deputados e deputadas do BNG, que, xa desde finais de xullo, no nome da nosa portavoz de Montes, Montse Valcárcel, foi percorrer o territorio, visitar o territorio afectado polos lumes na Cañiza, efectivamente. ¡E, despois, durante todo o mes de agosto, estivemos traballando seriamente e con rigor o grupo do BNG (*Aplausos.*) no que era o noso papel: visitar o territorio, estar coa xente, facer propostas! ¡Así que, un pouco de respecto!

Señora conselleira, señora Vázquez, hai un rumor que circula por aí —non sei se vostede mo pode confirmar—, que é que lle van cambiar o nome á súa consellaría, que a van chamar «Consellería da Caza», que vostede vai ser a conselleira da Caza. Non sei se mo pode confirmar, pero a verdade é que non é para menos. Cando arderon miles de hectáreas de espazos naturais e de hábitats de extraordinario valor para a diversidade; mentres ardían durante semanas a serra do Invernadoiro, o Macizo Central, Enciña da Lastra e Pena Trevinca; cando chegou o lume a Casaio e tamén ao bidueiral de Montederramo, ao Courel, a Ridimoas e ao Eume; mentres pasaba todo iso, a vostede non se lle ocorre mellor idea que que a primeira aparición pública a respecto dos lumes sexa unha visita o 23 de agosto a un couto de caza para anunciar axudas para os tecores, que parece que era a prioridade máxima da Consellería de Medio Ambiente, despois de todo o que ardeu. (*Aplausos.*) Esa é a realidade, señora conselleira. ¡Son uns irresponsábeis, esa é a mensaxe que trasladaron!

Imos ver cales eran as súas prioridades na crise dos lumes, porque vostedes son o Goberno, jollo!, e vostede é a conselleira de Medio Ambiente. Mentres, a comezos de agosto, ardía o Monte Branco en Ponteceso, un auténtico templo paisaxístico do noso país, vostede reuníase coa patronal eólica. E, na semana do 12 de agosto, cando xa ardían os principais parques naturais do noso país, vostede reuníase cos criadores de visóns o 14 de agosto. Ese é o retrato da conselleira de Medio Ambiente e das súas prioridades. (*Aplausos.*) Mentres pasaba isto, señora conselleira; (*O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa unha fotografía.*) mentres estaba pasando isto, que nolo deixou posto en imaxes que se deben recordar para sempre Pedro Armestre, fotógrafo que traballa para Greenpeace. Mentres o lume arrasaba Pena Trevinca, que vostedes o ocultaban; mentres o lume arrasaba o Macizo Central, mentres o lume arrasaba medio Ourense, a súa prioridade era reunirse cos criadores de visóns. Queda retratada nesta prioridade. Non pode haber maior insensibilidade, maior negligencia e maior incompetencia. Si, negligencia; a súa actuación durante dezaseis anos e durante a crise foi de absoluta negligencia, por acción e por omisión (*Aplausos.*).

E, mentres acontecía todo isto, mentres ardía o país, vostedes puxeron en marcha o seu manual de ocultación e de minimización. Ocultaron durante semanas que ardía O Invernadoiro; si, señora conselleira. Ocultaron durante días que ardía Pena Trevinca, un lume devastador



ao que a xente tivo que facer fronte porque non había ningún tipo de medios; denunciárono nas redes sociais. E o máis grave, o máis grave de todo, é que o presidente da Xunta, nun acto absoluto de irresponsabilidade, di que arderon maioritariamente matogueiras e pedras. Un auténtico insulto á intelixencia, un insulto á comunidade científica deste país, ¡un insulto á xente que vive no territorio e que sufriu as devastadoras consecuencias destes lumes, señora conselleira! *(Aplausos.)* E, miren, efectivamente arderon as pedras de Pena Trevinca, *(O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa unha fotografía.)*: a lagoa glaciaria do monte da Cova da Serpe, un dos máis valiosos espazos naturais do noso país. *(Aplausos.)* Esta é a foto da súa incompetencia, señora conselleira. Arderon as pedras tamén da aldea de San Vicente de Leira. *(O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa unha fotografía.) (Aplausos.)* Estas son as pedras que dixo o señor Rueda que arderon, señora concelleira: as casas da xente, a memoria da xente, os recordos da xente, os sentimentos da xente; e vostedes dicindo que arderan pedras e matogueiras. É absolutamente indignante. *(Murmurios.)* Arderon as matogueiras, que non son broza... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio, por favor. ¡Silencio!

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ¡Creo que a algún deputado do Partido Popular hai que poñerlle un bozal, porque fai reiteradamente o mesmo: interromper, boicotear e impedir que se fale aquí! ¿Porque non lles gusta o que dicimos? Pois van escoitar. Vannos escoitar e non só neste pleno, vannos escoitar. *(Aplausos.)*

Dicía que arderon as matogueiras, que non son broza, señora conselleira. Aínda estamos esperando que nos dean o estudo que lle encargaron á Universidade de Santiago sobre as matogueiras, sobre os queirogais húmidos e secos que seica ían protexer. Pero teñen desde hai tres anos gardado nun caixón ese informe. Pedímosllo polo artigo 9, e dígollo aquí publicamente para que nolo envíen dunha vez e deixen de tomarlle o pelo ao Parlamento e á súa Presidencia de paso tamén.

Arderon máis de 120.000 hectáreas no mes de agosto; 145.000, segundo Copernicus. Son os maiores incendios da nosa historia, e vostedes véñennos coa *matraca* de «Galicia, refuxio climático». «Galicia, refuxio climático», señora conselleira, unha absoluta irresponsabilidade. Xa llo dixen noutras ocasións. Andan polas feiras de turismo vostede e o señor Rueda vendendo Galiza como refuxio climático, frivolisando e mercantilizando algo que provoca dor, sufrimento e morte, señora Vázquez. Vaian falarlles de refuxio climático ás miles de persoas afectadas polos lumes de agosto. Vaian alí falarlles de refuxio climático ás persoas que perderon as casas, que perderon os medios de vida, que perderon os recordos —como dixeron— e perderon tamén —moitas delas— a esperanza, fartas de que as súas políticas non lles deixen ningunha saída. Vaia falar de refuxio climático ás miles de persoas que morren cada ano por ondas de calor. Un pouco de responsabilidade, señora conselleira. ¡Por favor, deixen de facer demagogia, déixense de titulares fáciles! *(Aplausos.)*

O certo é que a vostedes lles gusta moito a propaganda, o decorado e a maquillaxe. Por iso gastan 6,2 millóns de euros nos últimos cinco anos en campañas de propaganda, como esa que dixo vostede o outro día na radio, que animaba a xente a pechar a billa cando limpaba os dentes e a non bañarse, a darse duchas. Desde logo, vostede, como prescritora, non ten



prezo, señora conselleira. Mire, vóulle poñer algún exemplo das súas campañas de propaganda.

Resulta que hai máis de catro mil aldeas abandonadas, que son responsabilidade dos gobernos do PP — como se sabe —, e vostede, no 2022, anunciou un portal para repoboar o rural, para mobilizar eses aldeas abandonadas. O resultado foi o seguinte: seis inmobles en dous concellos, únicas incorporacións en dous anos á web da Xunta para repoboar aldeas abandonadas. Señora Vázquez, a súa política é un decorado cutre, ¡un decorado cutre! (*O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa unha imaxe promocional co lema «Vive no rural».*) (*Aplausos.*) A verdade é que «vive no rural» vostede nunha imaxe patética, cun decorado, efectivamente, enmarcado. ¡Isto é tamén unha fotografía para a historia da súa incompetencia e da súa negligencia, por suposto!

Señora conselleira, ¿que hai detrás do decorado? Esa é a pregunta: ¿que modelo de país hai detrás do decorado? Explicouno o presidente da patronal, dese cártel de empresas coas que vostedes se reúnen no medio da vaga de lumes. Dixo nun artigo en *La Voz de Galicia*: «*La generación eléctrica del sector eólico gallego se produce en el medio rural y casi siempre en lugares donde no hay nada.*». En lugares onde non hai nada. Esa é a idea que teñen vostedes do rural, xunto coa patronal eólica: un rural abandonado, un rural onde non haxa nada, un rural arrasado polos lumes para que poidan implantar aí eses proxectos eólicos, mineiros e pasteiros devastadores, extractivos e de espolio. Os proxectos de Iberdrola, das súas empresas amigas, de Naturgy, de Ence, de Altri e Greenalia.

E mire, unha reflexión final que creo que é importante. Este ano arderon, sobre todo, as comarcas de Ourense e do sur de Lugo. Moitas delas xa arderan no ano 2022, mais este non é un problema só destas comarcas; é un problema gravísimo de todo o país. Están postas as condicións, polas políticas pirómanas do Partido Popular, para que arda a maior parte do país por grandes incendios forestais. A pregunta é cando van chegar, señora conselleira. Se se dan unha viaxe por grande parte do país, polas comarcas do centro e do sur de Pontevedra, pola Barbanza, pola Costa da Morte; se se da unha viaxe — como fai vostede — entre Santiago e Melide, entre Santiago e Curtis ou entre Santiago e Cerceda, verán que é un enorme eucaliptal, un auténtico polvorín. É, ¿cal é a súa alternativa?, ¿cal é...? (*Murmurios.*) Si, de grandes continuidades, porque vostedes non fixeron o que había que facer: a política da ordenación do monte — non forestal, senón do monte — en mosaico, que estaba na Lei de 2007 de prevención contra os incendios forestais, e que vostedes derrogaron. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Vaia rematando, señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Esa é a súa responsabilidade. E a súa alternativa é seguir coa eucaliptización do país, levala onde non está aínda, ao centro e ao sur de Lugo, para servir os intereses desa multinacional pasteira portuguesa, Altri. É a realidade, señora conselleira. E, desta desastrosa vaga de lumes, quedounos unha conclusión clara: é preciso un cambio de rumbo nas políticas para o monte, para o rural e para o conxunto do territorio, pero vostedes demostraron, ao longo destes dezaseis anos e ao longo desta crise de lumes, que non están cualificados para dirixir o país, por incompetentes e por negligentes, señora conselleira. (*Aplausos.*)



Nada máis. (*Aplausos prolongados.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para dar resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidenta.

Señor Bará, vexo eu que, á parte de querer radicalizar a rúa —que lles encantaría—, estanse radicalizando vostedes bastante; ademais, véxoos bastante nerviosos. E piden respecto... ¿De verdade que se pode respectar alguén que non pode ser máis irrespectuoso? É que no tempo en que vostede falou dixo cousas tan fermosas como «cutre», «neglixente», «imaxe patética», «incompetente», «políticas pirómanas do Partido Popular»... Eu creo que debería traballar vostede un pouquiño máis. Non sei se descansou nin sei se traballou moito; eu tiña o GPS posto. Non sei se vostede o tiña e a de filas sabe onde se atopaba neses momentos tan cruciais, cando di vostede que tanto estaba traballando.

Dito isto, á parte, mente vostede máis que fala, porque de repente di: jé que vostede quere plantar eucaliptos aquí, alí e no outro lado! Pero, ¿vostede está de broma, supoño, non? (*O deputado Xosé Luís Bará Torres ri.*) É que xa non saben o que inventar e entón hai que seguir azuzando.

Eu veño aquí porque me debo aos galegos e ás galegas; porque, ademais, é bo dar resposta do que estivemos facendo, porque debemos ser totalmente transparentes. E atopámonos cuns señores que pensan que os cazadores deben ser uns sanguinarios... Díganllo a eses corenta mil cazadores que tamén estiveron aí cando houbo os incendios, cando estabamos ás tres da mañá ou ás cinco da mañá, e eran moitas veces eles quen guiaban o persoal cando tiña que ir cos buldóceres para que non tivesen accidentes. Díganllo. Non terxiverse e deixe vivir os galegos como queiran vivir: uns sendo cazadores e cazadoras, (*Aplausos.*) outros non o sendo... ¡Galicia é rica grazas a esa biodiversidade, e tamén á diversidade das persoas! Dito isto, ofrezco os meus respectos para quen considere boa a caza e para quen considere que non é boa a caza. Pero a vostedes, como teñen un discurso aquí e outro noutro lado, ¿que máis lles dá? Se hai xabarís, pediremos o Exército. Como a señora Pontón non quere o Exército, pois ¡non sei!, teremos que recorrer aos cazadores, porque, se non, ¿que podemos facer? Isto é simplemente un exemplo de como son vostedes.

Señor Bará, quero dicirlles que saben vostedes igual ca min que a situación que se produciu nos incendios este ano en Galicia non deixou de ser algo anómalo, porque —efectivamente— había unha virulencia importante —eu teño que dar as grazas aquí ás persoas que os enfrontaron, porque non era doado cos cambios de vento— e porque tiñamos toda a información que nos estaba subministrando Meteogalicia, co cal saben vostedes que, dende o día 2 de agosto ata o día 17 de agosto, había temperaturas extremas, cambios de vento e, polo tanto, había alertas.

Dáse a casualidade de que había entre trinta e trinta e cinco lumes diarios; a gran maioría —efectivamente— podíanse sufocar nos primeiros instantes, pero houbo incendios nos que



non foi posible. Eu non sei se isto é froito da casualidade, pero o que si lles digo son dúas cousas: se hai accidentes, hai que evitalos, pero se hai incendiarios, hai que castigalos e hai que perseguilos. E, para castigalos e perseguilos, o que non podemos facer é aplaudir as políticas que están facendo os señores do PSOE, que queren pechar todos os cuarteis que hai. ¡É que xa non temos nin persoal, co cal aquí todo o mundo pode campar ás súas anchas! E despois queremos defender o rural. Iso si, querémolo defender, pero que non haxa xente para que faga esa defensa do rural. (Aplausos.)

Mentres vostedes estaban preocupados pola crítica e preguntaban onde estábamos uns e outros, como se, despois de tanto tempo, nos tivesen que dar leccións de onde temos que estar aqueles que pasamos por distintas responsabilidades —porque hai outros que responsabilidade non tiveron ningunha máis que estar sentados nese sillón—, as prioridades do Goberno eran outras: salvar vidas, salvar vivendas, pero tamén salvar os nosos espazos naturais. Polo tanto, traballouse arreo —créanme— para facer fronte a esta situación con todo tipo de medios dispoñibles.

Nese sentido, eu teño que agradecer o traballo de todo o persoal involucrado para apagar os incendios e, por suposto, o traballo dos alcaldes e das alcaldesas, que nalgúns casos tamén eran desa cor, (*A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, María Ángeles Vázquez Mejuto, sinala os escanos da oposición.*) pero que, despois, cando hai certas situacións, opinan bastante distinto do que opinan vostedes aquí. Hai que darlles as grazas aos veciños, ás cooperativas, ás empresas e a todas aquelas persoas voluntarias que estiveron día e noite, e tamén agradecer o esforzo do persoal da Consellería de Medio Ambiente, máxime aos 122 traballadores, parte dos cales — tiñan toda a formación— incluso se puxo á fronte dos incendios.

Como dicía anteriormente, o primeiro son as persoas e as vivendas, pero non por iso deixamos desprotexidos os parques nin os nosos espazos naturais. Para aqueles que falan de ocultacións, ¿habrá alguén máis transparente que a Xunta de Galicia, que, dende o minuto cero, está dando a información completa do que está a acontecer? (Aplausos.) (Murmurios.) ¿Habrá alguén? E encima din: ¡non non, é que se estaba ocultando...! ¡A ver! Cando se tarda en dar un dato é porque hai que perimetrar o espazo e, a partir de aí, danse os datos. Pero, vostedes, se se desen os datos e se confundisen, pois xa dirían que se estaba enganando, e viceversa...

Señor Bará, ademais de estar preocupados polos veciños —como lles dicía—, velabamos tamén polos nosos parques. No caso do Invernadeiro, ¡parece que ardeu o Invernadeiro completo!, pero foron cinco hectáreas. ¿E sabe porque non ardeu? (*O deputado Xosé Luís Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡E estame dicindo este señor que non; é que vostede está insultando a intelixencia do persoal que traballa no Invernadoiro! ¿Estamos de broma? (Aplausos.) Mire, é que aínda que non faga a foto alí, estiven no Invernadoiro. Se saímos na tele, porque saímos na tele, e se non saímos na tele, resulta que non estamos traballando... ¿Pero isto que é? Foron cinco hectáreas, e ogallá fosen tres, pero houbo que facer un esforzo enorme e houbo que sacrificar árbores para facer unha contención enorme; grazas a ese traballo salvouse o Invernadeiro, igual que se salvou Enciña da Lastra, e foron entre cinco e sete hectáreas. ¡E é capaz de soprar e dicir que iso non é a realidade! ¡Pero, de verdade, é que estamos nun parlamento! Presidenta, ¿non pode dicir vostede que aquí temos que ser



realistas e contar a verdade? (*Murmurios...*) Se non, ao final, teremos que poñer a máquina da verdade. Eu isto non o entendo...

Dito isto, traballamos tamén na Enciña da Lastra porque, efectivamente, puido arder, porque hai cousas que ás veces son imposibles de parar. Pero aí estaba o persoal, ao que lle teño que agradecer que, á parte de estar nas vivendas e coas persoas, tamén estaba nas nosas xoias naturais. Ao carón deles, e vendo que tamén podía ir para O Courel, (*A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, María Ángeles Vázquez Mejuto, amosa unhas fotografías.*) traballaban con máquinas como estas, señor Bará —porque, claro, hai que traer a reportaxe gráfica—, que dan lugar a que, ás veces, hai que sacrificarse e facer estes cortalumes. ¿Sabe por que? Porque resulta que tiñamos lume aquí (*A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, María Ángeles Vázquez Mejuto, sinala un punto concreto dunha das fotografías.*) —esa era a realidade— e se estaba traballando previndo e facendo novos cortalumes, porque ás veces o lume vén dun lado ou vén doutro e hai que facer novos cortalumes. Polo tanto, estíbese traballando e investindo, porque, en realidade, o que se fai é investir os cartos de todos os galegos e as galegas.

Polo tanto, foi un amplo dispositivo para protexer os espazos naturais, a nosa biodiversidade e os nosos hábitats coa máxima transparencia, e esta celeridade permitiu que a afección aos nosos parques naturais fose mínima. Pero, jollo!, houbo intencionalidade, porque que non ardesen non quere dicir que non houbese conatos dentro dos parques. Houbo conatos reiterados nas Fragas do Eume, e, grazas á intervención rápida, tamén se salvaron. (*Aplausos.*) Houbo conatos en Corrubedo, e, ao final, quedou simplemente nuns metros cadrados, pero puido arder tamén Corrubedo e, polo tanto, a zona de Ribeira. De aí que grazas, grazas e mil grazas a todos aqueles que traballastes e seguides traballando arreo, mentres que outros intentan manifestarse.

Agora toca valorar as zonas afectadas ou o seu rexurdir. Fixémolo no ano 2022, no Courel, e creamos unha comisión. Grazas a que se creou esa comisión, avanzouse, e ogallá se puidese facer ao 100 por cento. Aínda hai cousas por facer, sen dúbida, pero aí estiveron os mellores especialistas, fíxose un grande investimento e agora chegaron de novo os incendios e fomos quen —¡foron quen os profesionais!— de paralos.

Polo tanto, os paquetes de medidas están enriba da mesa; e dentro deles, polo tanto, están as axudas que van destinadas aos Concellos que están ou ben na Rede Natura ou ben en reservas da biosfera, con axudas de ata o 100 por cento, con dous proxectos que poden presentar e, ademais, podendo certificalo de maneira bianual. Pero tamén para os Tecor, porque parece ser que aquí unhas especies son biodiversidade e outras especies non o son... Polo de agora, recibimos catro solicitudes e pagarémolas o antes posible. Temos que dicirlles que nas axudas para os concellos entran as sendas e as rutas sinalizadas, os miradoiros, as varandas de madeira, os tramos de pasarela...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): ...que sexan do material que está neses espazos e, por suposto, as áreas recreativas.



Para os Tecor, entran as sementeiras, para sementar o trigo que alimenta todo tipo de animais e, a partir de aí, recuperar os refuxios, as fontes, os bebedeiros, os cercados, as tobeiras e un longo etcétera. Pero non é só iso —e xa remato, señora presidenta—, senón que xa estamos executando un plan especial para poder alimentar —e que así poidan sobrevivir— aqueles animais das zonas que foron amplamente queimadas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto):..., que son os grandes herbívoros, así como outro tipo de animais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para a réplica, o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Señora Vázquez, arderon neste mes de agosto máis de 120.000 hectáreas, cos datos á baixa da Xunta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, é que Copernicus está dando 145.000, porque vostedes só contabilizan o monte e o forestal, e non o resto dos solos; ¡pero bueno!, niso entraremos outro día.

Resulta que arderon os principais espazos naturais do noso país nos incendios máis grandes da historia, e vostede vén aquí cun discurso triunfalista e frívolo, minimizando o impacto desta enorme vaga e presumindo de que todo o fixeron ben. Son uns auténticos irresponsábeis, señora conselleira, dando datos absolutamente distorsionados.

Por certo, recórdolle que vostede era a conselleira do Medio Rural nos grandes lumes do 2017, *(Aplausos.)* que foron, daquela, os máis grandes da historia, e ten a súa parte de responsabilidade tamén no desastre que foron aqueles lumes e en todo o que veu despois.

Mire, eu fíxenlle aquí unhas críticas que a vostede lle pareceron ofensivas. Voulle ler as críticas que lle fixo a Aprafoga, que é a Asociación de Profesionais de Axentes Ambientais e Forestais: «Desde Aprafoga, queremos manifestar a nosa perplexidade ante a postura da Consellería de Medio Ambiente desde o inicio da vaga de lumes que está a asolar Galiza. Damnificados, poboación e espazos naturais afectados non merecen este tipo de actitudes que nada aportan». Isto foi cando vostede foi visitar o Tecor. Isto é o que din os profesionais que traballan na súa consellaría. Voulle ler outro —a ver se lle gusta máis— dun axente ambiental: «Dades noxo, absolutamente noxo. Miles de hectáreas da Rede Natura ardidadas, dous parques naturais seriamente afectados e esta é a primeira declaración. Ánxeles Vázquez e Consellería de Medio Ambiente, non tedes a máis mínima vergoña. Non dades...». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, díu un axente ambiental e eu dígoa aquí porque é a crítica máis clara e máis contundente que lle fixeron a vostede. *(Aplausos.)*

E, claro, vén aquí presumir da Serra do Invernadoiro, pero vostedes estiveron dúas semanas ocultando este lume. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Dúas semanas! *(O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa un documento.)* Mire, publicouno a prensa. Cando xa estaba todo o mundo falando dos lumes, vostedes negárono. Igual que negaron o lume de Pena Trevinca. Por certo,



vostede non tivo a decencia de mencionar un dos lumes máis graves, máis desastrosos, que foi o de Pena Trevinca. Estivo xente de alí nas redes sociais clamando porque fosen alí medios e vostede non tivo a decencia de visitar a zona, pero menos a decencia de citalo aquí. *(Aplausos.)*

E, xa por último, agradeceríamos tamén que vostedes fagan pública a superficie queimada non só de espazos naturais, senón en Rede Natura, que aínda non a coñecemos. Non sabemos cal é o valor do perdido, porque vostedes dicían que o monte galego valía 43.000 millóns de euros. Segundo as nosas contas, con todo o que ardeu perdéronse posiblemente máis de 3.000 millóns. Por non falar tamén dos reservorios de carbono, que se volatilizaron, e o carbono que se emitiu á atmosfera e todos os servizos ecosistémicos que están, entre outras, nas matogueiras e nos humidaís, que tamén desapareceron.

Pero, mire, eu quero pedirllas que abandonen o triunfalismo, que abandonen o autobombo e que abandonen a propaganda e que traballen con medidas como lles propuxemos —como lles levamos propoñendo todo este tempo— de prevención, de protección, de xestión do territorio e dos espazos naturais. Deixen de menosprezar os espazos naturais protexidos, revisen a distinción entre monte forestado e monte raso, porque parece que o monte forestado ten valor e o monte raso é broza e borralla. Iso é un gravísimo erro.

Deixen de falar de «limpeza do monte», por favor, que o escoitamos aquí de boca do presidente do Goberno. Non hai que facer limpeza do monte; hai que facer xestión, hai que facer ordenación e hai que facer planificación. Xusto todo o que vostedes non fixeron ao longo destes dezaseis anos. *(Aplausos.)* Deixen de falar de refuxio climático, por favor, é un gravísimo erro. O monte hai que ordenalo e xestionalo ben, hai que facer os plans de ordenación dos montes, que tiñan que facer vostedes xa, porque estaba nas directrices de ordenación do territorio do ano 2011. Hai que facer plans de prevención de incendios dos distritos, que vostedes non fixeron. E hai que facer plans de prevención dos espazos naturais de incendios nos espazos protexidos, señora conselleira, o que vostedes non fixeron. E agora vénnos dicir aquí que fixeron un cortalumes de última hora cando se produciron os lumes. ¡Hai que facelo antes! Tiñan que telo feito antes, tiñan que ter plans de prevención de incendios que non teñen, señora conselleira. É a realidade. *(Aplausos.)*

E hai que facer silvicultura preventiva. Agora todo o mundo fala de «mosaico». ¿Sabe onde estaba o mosaico? O mosaico estaba nesa lei do 2007 e vostedes tardaron pouco en derrogar o artigo 24, que é o que obrigaba a facer a ordenación en mosaico...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...cun máximo de cincuenta hectáreas de continuidades.

En fin, ao final a cuestión é que vostedes están na autocompracencia, no triunfalismo e na propaganda; repetindo eses slogans, como fixeron todos estes anos: «Galiza verde, Galiza verde, Galiza verde». Pero, claro, é a Galiza verde eucalipto que vostedes están promovendo e permitindo con plantacións ilegais, señora conselleira; ¡con plantacións ilegais!

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor Bará.



XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: É a Galiza verde de Ence e de Altri, desas ecofábricas. Este verán vivimos a realidade que é a Galiza negra, a Galiza de cinza, a Galiza arrasada polas políticas pirómanas do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidenta.

Señor Bará, decencia é que lle exixan vostedes ao Goberno central, que son cómplices deles, que se faga en toda Galicia o que está facendo Augas de Galicia. É dicir, que se estendan as barreiras para que as cinzas non cheguen ás captacións e, polo tanto, non se poña en perigo a saúde das persoas.

Decencia é que a eses colegas, que son os seus colegas, ao señor Pedro Sánchez, se lle exixa que lles deixe de tomar o pelo aos galegos, que non volva a Ourense falar doutro plan marabilloso, o mesmo plan do ano 2022, que vén de publicar un anaquiño dese real decreto o día 29 de agosto do 2025. Porque para unhas cousas moi ben, pero, para outras, non tan ben. Iso é a decencia.

Decencia é que nos poñamos a traballar todos xuntos, cada un dentro das nosas competencias. Vostede falaba de que eu estaba no ano 2017. Efectivamente, pero tamén estaba no ano 2006 sendo alcaldesa de Melide. Ardía Melide polos catro costados e o señor Suárez Canal non lle collía o teléfono a ningún alcalde, absolutamente a ningún alcalde. Esa é a realidade. (*Aplausos.*) É que, claro, xa vou tendo canas eu.

Decencia é que non se diga unha cousa e despois a contraria, porque agora falamos de silvicultura, pero tamén falamos de pastoreo. Pero fíxense que vostedes son os primeiros que queren que haxa pastores, pero despois que non se poida facer absolutamente ningunha xestión do lobo. Esa é a realidade. ¿E sabe vostede cantas reses levan mortas este ano? 3.225. ¿E sabe cantos cabalos —aqueles que din que son as «desbrozadoras naturais»—? 582. ¿E sabe vostede cantas ovellas? 1.300. Pero vostedes seguen anquilosados e aquí din unha cousa, onde gobernan din a contraria e, polo tanto, falamos de pastoreo, pero resulta que do demais non. (*Aplausos.*)

¿Sabe vostede que é decencia? Que lles digan onde están gobernando ou cogobernando que fagan un mínimo de xestión. Isto podería poñelo así, así ou así. (*A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, María Ángeles Vázquez Mejuto, amosa unha fotografía e vaina rotando.*) Púxenlle unha frechiña, porque por aí estiveren camiñando eu. É un camiño público, señor Bará, onde vostedes gobernan. Ao carón —é en Rede Natura— hai unha vivenda. Nunca se lle volveu tocar. ¿Sabe vostede o que decencia, tamén onde gobernan? E pódolle poñer o GPS. (*A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, María Ángeles Vázquez Mejuto, amosa unha*



fotografía.) Esta é unha pista de concentración parcelaria, aquelas que piden vostedes, e pódeas ver todo o mundo. É dicir, é que xa temos as árbores. ¿Por que? Porque hai cinco anos que non se lle toca. Iso é decencia.

Polo tanto, o Goberno da Xunta de Galicia efectivamente que non o fai todo ben. Oxalá o fixésemos todo ben. Pero, a ver, miren vostedes un pouco ao interior, onde están gobernando, deixen de dar leccións e póñanse tamén un pouco a traballar.

A partir de aí, señor Bará, o que lle dicía anteriormente: estase traballando. Faise todo o ano, pero tamén se ten que facer un traballo dos postincendios. E, efectivamente, o que se está é perimetrando toda a zona ardida, que é natural. Rede Natura é un terzo de todo o que ardeu, pero dareille as hectáreas concretas cando estea todo perimetrado. Porque non vaia ser que me equivoque nunha e diga vostede que lle estou mentindo a toda Galicia. É un terzo. Polo tanto, farase un plan. Un plan que será bianual ou a tres anos, onde se traballará cos concellos, onde se traballará coas comunidades de montes, onde se traballará coas asociacións, ben sexan medioambientais ou tamén cos Tecor. Todo ten cabida. E iso realizarase tanto en Pena Trevinca como en Chandrexa de Queixa; é dicir, naqueles lugares que foron máis afectados.

E agora, de maneira urxente, tal e como lles dicía, estase facendo a repartición de alimento para animais. Naquelas zonas onde é imposible chegar estase facendo a través de medios aéreos e noutras zonas, dividindo por distritos, con voluntarios que teñen que estar ordenados e organizados; pero tamén o persoal da Consellería de Medio Ambiente, porque é importante estudar as afeccións, pero tamén dar alimentos a certas especies. É o caso da aguiá real, do voitre branco, da charrela, cervos e corzos, a toupa de río, o gato montés, os morcegos e, por suposto, os réptiles ou os insectos. Iso fíxose no ano 2022 no Courel e iso vaise facer ao longo destes meses. Desenvolverase ao longo destes meses e durante dous-tres anos nas zonas que foron máis afectadas.

E, a partir de aí, refuxio climático. Galicia é refuxio climático e vai seguir sendo refuxio climático. Hai unha lei do clima á cal os convido a vostedes que aporten, porque todas as aportacións van ser moi benvidas.

É certo que nos centramos no eido científico porque é fundamental nesta lei...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): ...pero é certo que estou convencida de que vostedes terán ideas que se poidan desenvolver. A partir de aí seguiremos traballando neses refuxios climáticos, seguiremos traballando na provincia de Ourense como provincia piloto e farémolo da man, como non podería ser doutro xeito, do coñecemento e da Universidade.

Sen máis, grazas a todos os que fixeron achegas, grazas tamén a alcaldes e alcaldesas de signos políticos como os de vostedes; que aquí vostedes o que fan é defender a Rede Natura e despois eles, tan pronto lles vén un incendio, se soubesen o que din...



Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta das deputadas María Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as garantías para unha axeitada atención no vindeiro curso 2025-2026 ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, por tempo de tres minutos, ten a palabra dona Cristina Fernández.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Bos días, señor conselleiro.

No pasado mes de xuño a Xunta volveu tomar medidas contrarias ao benestar e ao avance educativo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. É máis, o día 13 era publicada a resolución que ditaba as instrucións do desenvolvemento deste curso escolar 2025-2026. Estas instrucións limitaban o acceso do alumnado NEAE aos efectivos docentes e especialistas que eles precisan. Se para as familias xa era terrible non saber que apoios e reforzos ían ter neste curso os seus fillos e fillas, pois imaxínese que agora a cousa está bastante peor, porque temen que estas medidas terán carácter moi excepcional.

O pasado 3 de setembro a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, asinante da citada resolución, dixo neste mesmo Parlamento: «ese alumnado máis vulnerable é no que temos que pensar». Segundo esta afirmación, deberían estar vostedes, señor Rodríguez, volcados en dar a mellor atención educativa a este alumnado NEAE con aqueles recursos materiais e profesionais —como profesorado e especialistas, tamén— que posibiliten que estes nenos e nenas avancen en igualdade de condicións que o resto de compañeiras e compañeiros das súas aulas. Así de simple.

Segundo a normativa galega vixente de diversidade, este alumnado está valorado e diagnosticado, e, aínda que non teñan recoñecemento de discapacidade, si que teñen os informes médicos e de orientación. Estes informes recollen as recomendacións de apoios e reforzos personalizados que precisa cada alumno e alumna, así que o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia só tería que decidir asignar a cada centro educativo aqueles especialistas e profesorado que necesita este alumnado: PT preferentes dentro das aulas, sesións semanais con PT ou AL etcétera. Nin máis nin menos o que precisan e o que merecen, que é un dereito recollido na normativa actual. Pero vostedes deciden facer exactamente o contrario do que din: asignan profesorado nos centros educativos por baixo do catálogo oficial e reducen os especialistas PT e AL. Hai pendentes de contratar neste intre oitocentos profesores para completar os cadros docentes entre vacantes e substitucións das docentes que están por baixas laborais —permisos, comisións etcétera—. Ofertaron ademais 273 vacantes a media xornada do Plan Mega e do Proa+ que vostedes contan, aínda por enriba, como un docente, disfrazando así os datos. Pero é que os orzamentos da Xunta déixano claro: en 2009 había unha partida para un máximo de 30.439 docentes e nos últimos anos decaeu a 30.424. Así que as contas non saen.



¿Vai a consellería eliminar o punto 36.2.C das instrucións para que o alumnado NEAE conte cos efectivos que recomendan os seus informes, señor conselleiro? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, presidenta.

A verdade, señoría, é que plantexan e manteñen un discurso practicamente recorrente, o discurso de sempre. Dá igual o que se faga, vostedes teñen o seu discurso e plantexan, como acabo de escoitar aquí directamente, cuestións que son unha enorme manipulación ou que son simplemente mentiras. Creo que dicir que os alumnos con necesidades educativas especiais non teñen os apoios que precisan ou que merecen, ou que non seguimos os informes, os nosos propios informes, é simplemente unha afirmación carente de todo fundamento. E, claro, é un pouco o de sempre. Levamos escoitando á súa formación política durante moito tempo que sempre hai recortes, que sempre hai privatización, que sempre todo é un auténtico desastre e que todo iso repercute nunha perda de calidade do sistema educativo galego. Moi ben, pero ao longo dos últimos anos, nos que vostedes din iso, a realidade é ben tozuda e desménteo. Aí están os datos de resultados educativos. Por certo, respecto de todas as variables cuantitativas e cualitativas que se miden por debaixo da media española, vemos que no informe PISA ou noutros informes hoxe estamos por riba en todo e que estamos, incluso nalgúns deles, nos postos primeiros de España, o cal deixa fóra de xogo o seu discurso absolutamente. ¿Ou que falar, por exemplo tamén do abandono escolar?

En todo caso, os datos son teimudos, e Galicia —dío o propio Ministerio— é a comunidade autónoma que máis alumnos con necesidades educativas especiais ten integrados nas súas aulas para favorecer, precisamente, unha integración real. Temos unhas plantillas de profesorado que, obviamente, se as comparamos coas do ano 2009, os deixan, absolutamente, en evidencia. Temos uns 5.000 profesionais de atención á diversidade. Nunca son suficientes, pero son o dobre dos que tiñan vostedes cando aquel goberno era fantástico. Temos uns 3.000 PT e AL, cando vostedes só tiñan 1.500, ou temos a mellor *ratio* alumno por aula de educación especial de España —3,3 fronte a 2,5—, e incrementamos aínda as prazas neste ano. E temos unha moita maior capacidade de detección de necesidades educativas especiais, o que leva a que teñamos máis alumnos con necesidades educativas especiais que a media de España. Nós temos un 5 por cento e en España, un 3 por cento. ¿Por que? Porque nós o detectamos e cubrímoslos.

Esa realmente é a realidade dos datos, que son moi tozudos. Vostede plantexa un discurso absolutamente previsible de recortes, privatizacións, desatención, etcétera, etcétera., e, cando un vai aos datos reais, pois ve que non se parece nada, afortunadamente, o sistema educativo, os resultados e a atención do sistema educativo aos datos que vostedes plantexan.



Sigan perseverando nas súas teimas. Nós aquí seguimos traballando para mellorar o sistema e, por suposto, cunha máxima prioridade, que é atender aqueles alumnos que máis o precisan. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para a réplica, a señora Fernández.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Señor conselleiro, o Partido Popular na Xunta disfraz os datos que manexa, e vostede hoxe aquí tamén vén ao mesmo, ocultando o que sabe toda a comunidade educativa: que hai menos profesorado que nunca en aulas masificadas e que a diversidade non está atendida debidamente. Este curso hai 142 PT preferentes menos, e os que contrataron vostedes de apoio son a media xornada, aínda que os contan igual. Iso si, financian o ensino privado con concertos de 350 millóns de euros.

E é que o Partido Popular na Xunta manda unha mensaxe clara: que hai alumnado de primeira e alumnado de segunda, porque para vostedes o alumnado non merece o esforzo de poñer os medios, porque ao que máis ou menos vostedes lle chaman normalizado pasa polo ensino público sen problemas, e iso é o cómodo.

A comunidade educativa neste momento está en pé de guerra. Hoxe mesmo saía Isabel Calvete, a presidenta de Anpas Galegas, que di: «A Xunta escatima recursos do alumnado vulnerable. É ruín» —di referíndose a vostedes—. E, por exemplo, estes días saían queixas e protestas por falta de profesorado. Fixen aquí algúns exemplos, por nomear algúns: CEIP, Mestre Ramiro Sabell Mosquera, de Pontearreas —o director presentará a súa dimisión se non se amplía o cadro de persoal—; CEIP Monte dos Postes, en Santiago —estánlle pedindo dous PT e AL—; CEIP Ana María Diéguez de Asados, en Rianxo —demanda un PT e un AL—; a Escola Infantil Vila Laura, de Vigo; o CEIP Reibón, de Moaña; o CEIP Mestre Martínez Alonso; o CEIP O Grupo, de Ribeira —o director acaba de dimitir—; o CEIP Igrexa de Chapela, o CEIP Outerio das Penas, de Cesantes (Redondela); o IES Agra de Raíces, en CEE —que reclama profesorado de apoio tamén—...

A situación repítese en todo o país, non é algo illado. Así que deben reconsiderar as súas decisións, porque están a deixar ao alumnado NEAE na cuneta e, ao final, é vostede o responsable de deixar a educación arrasada, igual que os lumes arrasaron os matos e as pedras na provincia de Ourense. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pa a réplica, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): «Educación arrasada». Temos un novo termo, e cando saen os resultados educativos, vostedes débense dar conta de que algo lles falla. Téñense que dar conta de que algo falla no seu discurso, como tamén lles falla no seu discurso dicir que hai menos profesores este curso que o ano pasado. Iso é unha mentira. ¡E díó tan claramente e non se pon colorada...! Di: hai menos profesores que o ano pasado. Ou di que hai máis diñeiro para o ensino privado que nunca, cando o momento da historia recente onde porcen-



tualmente había un maior apoio á escola concertada era con vostedes no Bipartito. *(Aplausos.)* ¡É unha cousa que non deixa de sorprendeme! Porque, mire, a vostedes, sinceramente, dálles todo igual, e van cambiando o discurso «a según».

Mire, falemos de *ratios*, que vostedes negarán. Temos das mellores *ratios* de España, e están reducindo de xeito progresivo —que vostedes tamén negarán—. Pero, mire, Ana Pontón di no ano 2021 que se debe chegar a unha *ratio* de 20 alumnos en infantil e primaria. Dío Ana Pontón no ano 2021. No 2024 —teño que separar, porque vexo un pouco mal— tamén o di unha deputada —que non o lembro— nunha nota de prensa. No programa electoral do ano 2020, vostedes tamén seguen insistindo en que as *ratios* de infantil e primaria teñen que ser de 20. Nós acordámolo, pese a que vostedes apoiaron unha lei no Estado que as poñía en 25. Vostedes votaron esa lei de 25. Nós puxémolo voluntariamente, cun acordo sindical que vostedes non firmaron, a través da CIG, e despois, unha vez que xa estabamos en 20, vostedes, o día 5 de setembro, xa piden 15. Estou seguro de que o día que cheguemos a 15 vostedes pedirán 10, porque a votades éelles absolutamente igual, non lles vale nada e non son capaces de recoñecer os grandes avances que se deron. ¡Éelles igual!

Mire, perda de recursos, etcétera. Vamos ver, imos aos datos cuantitativos. Galicia é das comunidades autónomas que máis inviste por alumno de España; temos máis de 8.000 euros por alumno. A media de España é de 1.000. Vostedes negan todo, son capaces de negar —e negaron— a redución das *ratios*, chamáronlle «un acordiño de pacotilla —non me acordo o termo exacto—, como din vostedes. Iso permite ter na masa salarial 30 millóns máis. Vostedes son incapaces de ver como iso permite que en atención á diversidade un alumno compute por dous ou por tres. E cando hai por riba do ámbito que nós fixamos, mandamos un profesor para que o propio centro poida adecuar con Educación, un desdoblamento ou, con base nos seus recursos, unha mellor atención ao alumnado. Dálles exactamente igual, non teñan ningunha dúbida.

Vostedes falan de precariedade laboral. ¡Oia!, ¿sabe vostede cantas aulas, cantas unidades, posibilitou salvar o acordo en dous anos? Unhas 500, garantindo a estabilidade territorial e a estabilidade laboral do profesorado.

¿E sabe vostede..

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ¿E sabe o que está permitindo o que di vostede, esa confusión...?

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Permite que teñamos a taxa de interinos máis baixa do conxunto de España. *(Aplausos.)* E a votades éelles igual 20 que...



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta da deputada María Elena Espinosa Mangana e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a proposta de inclusión nos orzamentos de 2026 dunha contía de 36 millóns de euros para dedicar á rehabilitación e mellora das infraestruturas dos centros educativos públicos de Vigo

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Señor conselleiro, estou segura de que coñece a frase de Ángel de la Fuente, que di: O investimento na cantidade e calidade da educación aparece como un dos mellores instrumentos de política dos que dispoñen os gobernos para influír sobre o coñecemento da produtividade e, en última instancia, sobre o nivel de vida dos seus cidadáns.

E unha parte dese investimento debe facerse nas instalacións escolares, porque é educativo desde a infraestrutura física ata o traballo máis detallado nas aulas. Pero a antigüidade das infraestruturas educativas públicas da cidade de Vigo e a falta de investimentos por parte da Xunta leva a que as necesidades sexan moitas; necesidades, por certo, reclamadas polos centros. E aínda que a Xunta presumía hai uns días de investimento en obras en centros educativos de Vigo, os e as socialistas dicímoslle que son moi poucas.

Ademais, moitas veces anúncianse os investimentos despois de que o Concello de Vigo xa se comprometera a realizalos, como é o caso do CEIP Chans, de Bembrive. Cremos sinceramente, señor conselleiro, que a situación dos centros educativos de Vigo non é para presumir. E sabe que todas as intervencións nos institutos de ensino secundario e centros integrados de formación profesional é responsabilidade única e exclusiva da Xunta. Son investimentos totalmente necesarios para lograr unha educación adaptada ás necesidades e demandas do século XXI. E cítolle algunha: cambio de todas as cubertas de fibrocemento dos colexios vigueses, cambio dos falsos teitos orixinais, cambios dos sistemas de calefacción obsoletos, renovación das canalizacións tanto de auga como de saneamento e instalacións eléctricas, eliminación das barreiras arquitectónicas e mellora da accesibilidade e seguridade; construcións de novos pavillóns deportivos onde sexa posible ou non existan, construcións de patios cubertos, pistas polideportivas ou arranxo das existentes, cambio de baños nos centros onde non os cambiou aínda o Concello.

Mire, o Concello de Vigo recibiu demandas de 13 CEIP que os técnicos do Concello valoraron en 36 millóns de euros. Pero é máis, vostede debe sabelo, porque foron demandas que remitiron directamente á súa consellería, e cóstanos que se mandaron hai bastantes anos.

Señor conselleiro, os colexios vigueses públicos teñen que ser lugares de aprendizaxe seguros, accesibles, funcionais e eficientes. ¿Vai considerar estes investimentos no orzamento do ano 2026? *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



Para darlle resposta, ten novamente a palabra o señor conselleiro, don Román Rodríguez.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

A verdade é que esta pregunta non está exenta dun gran sarcasmo pola súa parte, señoría, tendo en conta a credibilidade que ten o Goberno municipal de Vigo —e aquí estamos falando do Goberno municipal de Vigo— no ámbito educativo. Creo que despois darei os datos, pero hai unha moi boa frase que vostede dixo á que eu me sumo. Fala de investimentos. Pois, efectivamente, é un investimento de presente e de futuro, e por iso o Concello de Vigo rebaixa o 25 por cento o seu orzamento este ano respecto ao ano anterior. *(Aplausos.)* Fan vostedes un gran apoio neste caso á educación de Vigo, e tamén é certo que moitas das cuestións que lles corresponden aos concellos, que lles corresponden ás administracións locais por lei, como obras de conservación e mantemento, como son moi mellorables, como vostede sabe perfectamente as obras de conservación e mantemento, intentan despois desprazalas doutro xeito.

En todo caso, estamos ante unha estratexia que xa é habitual; é coñecida, é habitual e é bastante recorrente, e que ten que ver —estou seguro— co impulso definitivo que se lle deu ao instituto de Navia, ao instituto Domingo Villar, con 20 millóns de investimento. O que vostede plantexa é unha reacción á realidade. De repente, o rei apareceu desnudo e vostedes fan a súa estratexia. ¿Cal é a súa estratexia? Primeiro din que a Xunta «*no quiere a Vigo, castiga a Vigo y no invierte en Vigo*», pero á vez poñen todos os paus posibles na roda para que isto sexa así. *(Aplausos.)* Literalmente, paus na roda, e discurso de: «*nos castiga*». Obviamente, a Xunta é responsable e, segundo vai traballando e segundo se van dando pasos no investimento do instituto, como noutros, xa van cambiando o discurso. De repente un hospital xa era «*pequeño y caro*» e de repente o instituto «*que no quieren hacer, se lo obligamos a hacer*».

E, terceiro, xogan unha estratexia que se podería resumir nisto de «o as mata o tres». Cando vostedes ven que é inevitable que todo o que vostedes estaban negando é firme, buscan unha saída colateral e empezan a demandar cuestións para intentar desprestixiar, neste caso, o investimento. E, neste caso, está clarísimo que esta moción que debateron en pleno vén derivada, non do anuncio, senón da firmeza que tivo a Xunta de Galicia para impulsar o instituto de Navia. E vostedes, a raíz diso, para intentar desprestixiar ou para que sexa menos ese investimento, xeran un discurso que lle vai ben e acaban dicindo: ademais de obrigar a facer este instituto, pedímoslles a maiores isto. É a estratexia que teñen sempre.

En todo caso, neste caso concreto do instituto de Navia, tivemos moitísimos problemas cos servizos do Concello, moitísimos. As declaracións estaban aí: «*no lo quieren*», «*no lo quieren hacer*»... Cando estaba no orzamento, cando estaba licitándose o proxecto, cando estaba todo en marcha, a partir de aí era que «*se lo obligamos*»...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): E agora, como xa está...



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten un segundo turno.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...en tramitación administrativa para contratación...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...vostedes o que din é: <<No, hacemos otra cosa, que hagan otra cosa>>.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): É unha estratexia coñecida..., (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten un segundo turno.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...eu ata diría que é case melancólica.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Esgotouse o tempo.

Para a réplica, a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Señor conselleiro, a credibilidade do Goberno de Vigo queda acreditada nos resultados electorais municipais. Debería preguntar vostede ao Partido Popular que fai por Vigo, e así ten —e terán— os resultados que están tendo.

Pero dígolle algo máis, señor conselleiro: por moito que falen, hai unha realidade ineludible, e é o compromiso de Vigo, do Concello de Vigo, coa educación, con constantes incrementos, ano tras ano, en educación. Non terxiverse os datos. E o Concello de Vigo, no marco das súas competencias asignadas, adica moitos recursos, esforzos e iniciativas, pero tamén ilusións, para mellorar as instalacións obsoletas e abandonadas pola Xunta de Galicia. Ese é a realidade. E, ademais, acomete proxectos que fan de Vigo un referente educativo.

Pero, mire, voulle pór un exemplo concreto para que vexa de que estou falando, porque vostede intentou desviar a conversación todo o tempo. A Xunta no ano 2021, no Plan de arquitectura pedagóxica, reconece que é necesario cubrir os patios. Ao mellor, ata o ano 2021 non se deron conta de que en Galicia chovía, pero, ben, ímolo deixar. Estamos no ano 2025. ¿Cantos patios cubriu a Xunta de Galicia? Cero, señor conselleiro; quizais pola desgana ou quizais por ese afán de castigar a Vigo —que é a realidade, a triste realidade—. ¿Cantos patios cubriu o Concello de Vigo sen ter competencias, señor conselleiro? Cubriu 10 patios. Pero, mire, a Xunta ten que escoitar tamén a comunidade educativa e non dicirlle habitualmente o que



lles di aos equipos directivos, que é textualmente o seguinte: isto non o imos facer, que xa o fai o Concello de Vigo. Esa é a realidade. E non falo do colexio, falo da súa responsabilidade e obrigacións.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para a réplica, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Señoría, foi unha resposta moi ousada. Se vostede vencella credibilidade aos resultados electorais, mírense ao espello: nove concelleiros... Perdón, nove deputados. Collen todos nun taxi destes pequenos que hai agora, e ata lles sobra sitio, porque un nunca vén, nunca está por aquí.

Xa lles saíu tamén o discurso de serie: «castigar a Vigo»... ¡Bueno! ¿E como que non teñen competencias en educación? ¿Acaso os concellos non teñen competencias na educación? (A deputada María Elena Espinosa Mangana: En conservación...) E en mantemento. (A deputada María Elena Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.) Mire, a realidade é a seguinte: mire, o IES está en proceso de adxudicación. Dende o ano 2021 ese novo plan que vostede deostou investiu en Vigo máis de 31 millóns de euros. Temos moitas obras en marcha, pero vou poñerlle de exemplo dúas, onde temos case catro millóns de investimento neste momento xusto: Valentín Paz Andrade e Manuel Antonio, que son centros que estou seguro de que vostede coñece. A Xunta de Galicia inviste en Vigo máis de 300 millóns de euros ao ano en educación; 303 millóns de euros ao ano en educación, ¡303! ¿Sabe canto fai o Concello? Dezaioito. ¿Sabe canto rebaixou o orzamento este ano respecto ao ano anterior? Un 25 por cento. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) E despois vostede vénme con frases fantásticas, frases moi boas e frases que hai que escribir en pedra, pero non só hai que escribilas en pedra, hai que aplicalas, señoría, ¡hai que aplicalas!

E, mire, a realidade é que o Concello de Vigo, pese ao que diga vostede, ten un gran pasotismo en materia de educación. Mire, voulle dicir, medios de comunicación: «Falta de limpeza en los colegios de Vigo. Vienen media hora cada quince días». Esta é a súa responsabilidade; a limpeza é a súa responsabilidade. É responsabilidade do Concello de Vigo. (A deputada María Elena Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.) «Venintitrés colegios públicos de Vigo carecen de conserje, y su trabajo recae sobre los profesores». Os conserxes, señorías, son a súa competencia, porque é un concello. «El Concello de Vigo adjudica el contrato de los conserjes escolares a unha empresa privada». E vostedes, por ser de esquerdas —igual que o Bloque—, sempre falan de privatización, salvo cando o fan vostedes. (Murmurios.) «El PP exige al alcalde de Vigo que recupere la ayuda de 200 euros para libros para el inicio del curso escolar». Y así poderíamos dicir moitas máis. ¿Pero sabe cal é a que máis me doe a min, señoría? Cando vostedes expulsaron —literalmente— do Centro de Formación do Profesorado os profesionais que aí se formaban para a educación de Vigo; expulsáronos do instituto Chouzo. Vostede sábeo perfectamente, e agora quérenos expulsar tamén do Vicente Risco, e, de feito, aprobaron unha moción no Pleno.

Mire, intentan camuflar a súa falta de mantemento e de conservación dos centros, cando se dan conta que isto cae...: «Voy a hacer algo, porque no lo hace la Xunta». Esa é a súa estratexia, que queda desmontada cando vostedes plantexan esa moción coa iniciativa que ten e tivo a Xunta de Galicia de poñer en marcha o instituto de Navia...



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas...

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...e tamén, neste ámbito, señorías, queda moi fóra de sitio cando se ve a realidade...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo. Xa saben que coas preguntas somos estrictos.

(O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.)

Rematada esta pregunta, suspendemos a sesión, que será reanudada ás 16 horas.

Bo proveito a todas e todos.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e nove minutos da tarde e retómase ás catro.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Reanudamos a sesión coas preguntas ao Goberno.

Pregunta da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as pretensións do Goberno de España respecto do sistema de distribución de menores migrantes non acompañados entre as distintas comunidades autónomas

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta e por tempo de tres minutos, ten a palabra a señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Benvida, conselleira, unha vez máis, ao Parlamento de Galicia.

Estamos a principios de setembro e todos os departamentos da Xunta levan xa varias semanas preparando os orzamentos de 2026, para que o día 1 de xaneiro, como vén ocorrendo dende hai dezasete anos, estes orzamentos entren xa en vigor. Porque, como dicía Pedro Sánchez cando aínda non era presidente, «un goberno sen orzamentos é igual que un coche sen gasolina». E agora, que é presidente, así é como está o seu goberno, sen gasolina e sen orzamentos, xa vai para catro anos; e sobrevivindo cos empurróns que lle dan nacionalistas, independentistas, antisistemas, Bildu..., a cambio de prebendas para manterse, aínda que só sexa unha noite máis, na Moncloa; xogando, por exemplo, co benestar dos maiores, xa que lle paga a Galicia só o 35 por cento do custo da Lei de dependencia, cando lle tiña que pagar o 50 —50 que, sen embargo, si lles paga aos vascos—; ou acordando en Waterloo que entre todos os españois lle paguemos a débeda a Cataluña; ou utilizando os migrantes menores non acompañados como arma arrojadiza contra as comunidades do PP; e poñéndolle un escudo que blinde unha vez máis a Cataluña e ao País Vasco.



Por certo, todo isto, conselleira, coa aquiescencia do Bloque Nacionalista Galego, que, a pesar de todo o maltrato a Galicia, segue apoiando incondicionalmente a Sánchez.

Pois ben, para satisfacer a Puigdemont e, de paso, ao País Vasco, o Goberno estatal modificou a Lei de estranxeiría para repartir por toda España os menores como se se tratase dunha simple mercadoría; sen ningunha negociación previa —por primeira vez— coas comunidades e sen financiamento para a súa manutención e coidados.

Paralelamente o Goberno inventou un rocambolesco modo de cálculo segundo o cal —¡oh, sorpresa!— Cataluña levaría cero, o País Vasco levaría cero e, sen embargo, chegarían a Galicia 317 menores.

A Xunta e outras dez comunidades decidiron recorrer a medida ante o Tribunal Supremo, o que fixo que a esquerda galega e o Bloque Nacionalista Galego nos acusasen de racistas e insolidarios, algo que en ningún caso concorda nin co carácter dos galegos nin coas actuacións que historicamente leva a cabo a Xunta de Galicia do Partido Popular.

Por iso, conselleira, pediríalle que nos explicase a nós, pero tamén a todos os galegos, cal é a situación real e os motivos dese recurso.

Nada máis neste primeiro turno e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señora Arias, como ben sabe, Galicia é un exemplo. Galicia ten un sistema de protección de menores que destaca por ser un dos máis inclusivos e integradores a nivel nacional. Galicia é unha referencia. É unha referencia porque temos na nosa comunidade pequenos centros nos que os menores conviven uns con outros sen importar a súa procedencia.

¿Que temos nestes momentos, señoras e señores deputados? O que temos nestes momentos son novas imposicións por parte do Goberno de Pedro Sánchez. Por iso lle podo avanzar que hoxe mesmo vén de consumarse un novo atropelo a Galicia; un novo atropelo por parte do Goberno de España, xa que acabamos de recibir os 2 primeiros expedientes de varóns non acompañados que virán á nosa comunidade. Polos datos que temos —poucos—, trátase de 2 varóns, de 2 adolescentes, de 17 anos que residen nestes momentos en Canarias e que proceden de Gambia e Senegal. Pero o máis grave aínda é que nos acabamos de enterar hai poucos minutos de que van chegar a Galicia 15 menores non acompañados solicitantes de asilo, e acabamos de enterarnos pola porta de atrás.



E eu preguntome, señores e señoras deputados, o Goberno de España ten que facerse cargo dos 1.000 solicitantes de asilo nestes momentos por unha orde do Tribunal Supremo. Chegan a Galicia 15 menores. ¿Quen se vai facer cargo da súa sanidade? ¿Quen se vai facer cargo da súa educación? ¿Quen os vai incorporar no sistema educativo de Galicia? É unha vergoña e unha deslealdade que nin o Goberno de España nin a Delegación do Goberno de Galicia chame á Xunta de Galicia para comunicarlles os datos destes 15 menores que van chegar á nosa comunidade.

Polo tanto, señora Arias, é un novo atropelo, unha nova deslealdade, por parte do Goberno de España. E dende hoxe mesmo xa lle advertimos ao Goberno de España que non imos admitir máis imposicións nin máis obrigas. Estamos esperando datos, estamos esperando información de cando, como, en que condicións e con que financiamento van chegar os menores non acompañados á nosa comunidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica para a autora da pregunta, a señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, conselleira.

Despois de escoitala a vostede, ademais de incongruencias, ademais de non dar crédito e de estar asistindo a algo que sería intolerable, o que estamos vendo é a incongruencia tan grande á que está a concorrer o Goberno do Estado; un goberno que impón ás comunidades o número de inmigrantes que van chegar, cando van chegar e que van chegar sen financiamento. Mentres, como dicía vostede, o seu goberno non cumpre as sentenzas sobre este mesmo tema. Porque, miren, o 25 de marzo de 2025, o Tribunal Supremo ditou sentenza pola que lle daba 10 días ao Goberno central para dar asilo a 1.000 nenos e rapaces menores de idade chegados a Canarias, principalmente de Bali, e que gozan de protección internacional. Cinco meses e medio despois o Goberno de Sánchez só quitara da illa 52, 1 de cada 20, e cinco meses e medio despois segue sen cumprir a sentenza do Supremo e sen atender eses 1.000 menores que gozan de protección internacional. Pero ese mesmo goberno é o que está obrigando forzosamente a que 4.000 menores migrantes non acompañados se repartan, de xeito que cero sexan para Cataluña, cero para o País Vasco e 317 para Galicia, pero sen diálogo, sen previsión e sen financiamento, poñendo en risco o noso modelo de protección, que é dos máis integradores de España, segundo confirman todos os expertos, e deixando moi ás claras que o Goberno de Sánchez simplemente non ten modelo migratorio e, como en tantas outras cousas, o único que pretende é desfacerse do que el considera un problema, mandándolle ás comunidades. E Galicia non está, nin nunca estivo, en contra de recibir menores migrantes, pero queremos poder darlle o que merecen e os coidados que precisan. E para iso...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas...

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: ...é necesario previsión e financiamento. *(Aplausos.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Señora Arias, é totalmente inaceptable que o Goberno central actúe desta maneira e que o faga, ademais, unha vez máis; especialmente que o faga cunha cuestión tan importante como é o benestar e como é a atención de todos os menores non acompañados, de todos os adolescentes que van chegar á nosa comunidade.

Miren, Galicia sempre cumpre e sempre cumprirá a lei, pero tamén lles avanzo que imos seguir recorrendo ante a xustiza unha imposición máis e este novo atropelo a Galicia.

Xa presentamos ante o Tribunal Constitucional, xunto con outras dez comunidades autónomas de distinto signo político, un recurso ante ese real decreto lei; un recurso que, por certo, foi admitido a trámite. Pero, como lle dicía, imos recorrer ante o Tribunal Supremo esta nova imposición e este novo «trágala» a Galicia e imos facelo ante todas as instancias posibles.

Dende Galicia tratamos sempre a vía do diálogo, a vía do consenso, e instamos o Goberno máis coordinación, máis planificación e máis diálogo, pero, sobre todo, fixémoslo sempre polo ben de todos os menores e de todos os adolescentes que van chegar á nosa comunidade. E a resposta do Goberno de España sempre é a mesma, a resposta do «non», a resposta de pechase sempre en banda e de optar sempre por esa vía da imposición, pola vía de primar unhas comunidades autónomas de primeira, como poden ser o País Vasco ou Cataluña, respecto do resto das comunidades autónomas, que somos comunidades de segunda. Optou sempre o Goberno de España, o Goberno de Pedro Sánchez, por non achegar máis financiamento ás comunidades autónomas, con esa pretensión de que todos os galegos se fixesen cargo dos gastos derivados da chegada de menores, de adolescentes, como é este caso, de menores non acompañados á comunidade autónoma.

Polo tanto, nestes momentos van chegar a Galicia cero euros de financiamento por parte do Goberno de España, ¡cero euros! E Galicia tenlles que prestar a todos os menores unha atención integral na que se contempla a formación, na que se contemplan os coidados, e todos os servizos que se lle prestan a un menor non acompañado 24 horas ao día.

En definitiva, señora Arias, o Goberno central vén de pasar nestes momentos da teoría, de todos eses decretos e escritos, á práctica. Vannos enviar a Galicia nestes momentos 2 menores non acompañados e 15 menores solicitantes de asilo pola porta de atrás. Pero xa lle avanzo: non imos cansarnos de recorrer. Imos recorrer ante o Tribunal Supremo os novos decretos por parte do Goberno de España. Galicia non vai admitir nunca máis ese «trágala» e esa imposición por parte do Goberno de Pedro Sánchez.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea sobre a tramitación dos proxectos eólicos realizada pola Xunta de Galicia

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta e, por tempo de tres minutos, ten a palabra o señor Trenor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Moi boas tardes, señorías.

Señora conselleira, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea deu a razón á Xunta de Galicia respecto da tramitación dos proxectos eólicos, confirmando que son compatibles co dereito comunitario e que en Galicia as tramitacións ambientais se fan correctamente.

Pero se nos vemos ante esta situación, a de paralizar o avance das enerxías renovables en Galicia, é pola actuación dunha organización política que fixo que empresarios eólicos se convertesen en activistas, que avogados nacionalistas se fixesen de ouro presentando demandas e que altos cargos do Bipartito se lucrasen prexudicando a Galicia. Por iso é tan importante este aval do máis alto tribunal europeo, que favorecerá recuperar a seguridade xurídica e avanzar cara ao desenvolvemento eólico ordenado en Galicia.

Ata o momento un total de 70 parques foron paralizados de maneira cautelar pola Sala terceira do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dende xaneiro de 2022. O Tribunal Supremo emendou ata en catro ocasións estas decisións. Agora o Tribunal, con sede en Luxemburgo, avalou o proceso de tramitación levado a cabo pola Xunta de Galicia na autorización de todos e cada un deses parques. Isto é unha mostra máis da rigorosidade da actuación do Goberno galego e dos técnicos e funcionarios da Administración autonómica nas avaliacións ambientais para a autorización de eólicos e na planificación da actividade. A Xunta de Galicia sempre tramitou os proxectos eólicos co máximo rigor e cumprindo a legalidade vixente, tal e como están a constatar os diferentes fallos xudiciais.

Para Galicia é vital acadar a seguridade xurídica que permita superar a parálise actual do sector e avanzar na descarbonización, por suposto, como fixemos sempre, protexendo o medio ambiente e os espazos naturais.

A resolución xudicial do alto tribunal europeo dá vía libre para o desbloqueo de importantes investimentos, tanto en parques como en proxectos industriais asociados a eles que estaban pendentes desta sentenza.



Por todo isto, conselleira, ¿que valoración fai o Goberno galego da recente sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que avala a tramitación dos proxectos eólicos seguida pola Xunta de Galicia? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

Pois está claro. O fallo xudicial do máis alto tribunal europeo, que coñecemos o pasado mes de agosto, en concreto o día 1 de agosto, supón un antes e un despois, porque todas as dúbidas que se vertían ou que había respecto da tramitación ambiental que levou a cabo a Xunta de Galicia nos parques eólicos foron resoltas polo TJUE, pero tamén foran resoltas anteriormente polo Supremo. A sentenza do máximo intérprete da normativa europea valida a actuación da Administración autonómica e o que sempre defendemos: que os procesos eran transparentes, eran serios, eran rigorosos e eran os correctos. Eu creo que, despois desa sentenza, algúns deberían pedir desculpas. Deberíanlles pedir desculpas aos técnicos e aos funcionarios da Xunta de Galicia. Creo que é hora de facelo.

Independentemente disto, e aínda que non queiran facelo, contamos con ese aval da xustiza e contamos co aval do Tribunal do Supremo, que nos di que está ben o prazo da información pública. Dinos tamén que se considera que o fraccionamento non existe polo mero feito de compartir infraestruturas, algo moi importante. Seguiremos sendo igual de rigorosos. A mesma tramitación ambiental que se fai para os eólicos é a mesma tramitación ambiental que se fai para o resto das instalacións que se queren instalar en Galicia. Polo tanto, fomos rigorosos, ímolo seguir sendo, e imos pola vía da avaliación ambiental ordinaria. Non hai nin un só proxecto para a instalación dun eólico que non sexa pola vía ordinaria, que é a máis garantista, na que respectamos escrupulosamente a participación pública, pero respectamos escrupulosamente a lei e respectamos escrupulosamente o medio ambiente.

Lembren, ademais, que en Galicia está prohibida a instalación de eólicos en Rede Natura, algo que prohibiu este goberno, que prohibiu o Partido Popular, e que se permitía por parte daqueles que poñen o grito no ceo de xeito reiterado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A Xunta tramitou sempre os seus parques aplicando estritamente a norma. Temos dous tribunais que nos están dando a razón e, polo tanto, neste momento, temos implantados 139 parques con 4.000 megavatios de potencia, pero é certo que temos 92 parques eólicos que están afectados por recursos xudiciais. Temos un total de 86 suspendidos, e deses 86 suspendidos, 70 están paralizados polas cuestións de prexudicialidade que resolveu o alto Tribunal europeo.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): Van sendo horas de que haxa un antes e un despois.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, o señor Trenor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: Moitísimas grazas, señora conselleira.

Permítame que a felicite a vostede e que felicite tamén todo o equipo técnico da súa consellería. Non é só que teña que facer o traballo do día a día da súa consellería —planificación que depende tamén dela—, senón que, ademais, ten que defenderse deses ataques sistemáticos e continuos que unha parte desta Cámara fai, e non só contra vostede, senón contra os técnicos e contra os funcionarios da súa consellería. Vímolos co tema dos eólicos, que estamos a falar hoxe, pero xa o vimos tamén con outros proxectos nos que os deputados da oposición se convertían —eles mesmos— en xuíces e en funcionarios que parecían saber máis, ou en técnicos que parece que saben máis que os propios profesionais que, nalgúns casos, levan décadas traballando. Iso é o que pasa cando, ao final, un é un sectorio e o único que o move é o partidismo. (*Aplausos.*)

Señora conselleira, como ben dixo vostede, este fallo xudicial do máis alto tribunal europeo, que coñecemos en agosto, supón un antes e un despois, porque todas as dúbidas sementadas pola oposición respecto da tramitación ambiental que levou a cabo a Xunta nos parques eólicos foron resoltas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea e tamén polo Tribunal Superior. Foron dúbidas infundadas e partidistas, pero dúbidas que tamén provocaron un dano irreparable á nosa comunidade. É un antes e un despois porque vai permitir superar o bloque de máis de 3.000 millóns de euros en investimento en Galicia. É moita a actividade económica e son moitos os postos de traballo en xogo, pero tamén é clave para o desenvolvemento das enerxías renovables e para que Galicia siga avanzando nos obxectivos da descarbonización.

Por favor, conselleira, ¿pode dicirnos cantas toneladas de CO₂ poderíamos evitar emitir se non fose...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: ...por esa parálise do Bloque Nacionalista Galego ao sector das enerxías renovables? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para a réplica, a señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señora presidenta.

Efectivamente, Galicia quere avanzar cara á neutralidade climática. Así está recollido e, ademais, somos a primeira comunidade autónoma que o fai lexislando, e faino na Lei do clima. Non conseguiremos a neutralidade climática e non conseguiremos reducir as emisións de



CO₂ se non temos enerxía limpa e verde. Debemos ser claros e, ademais, explicarllo á poboación. Explicarllo á poboación non é dicir un «non» sistemático porque a Galicia lle vaia ben. A Galicia iralle ben se temos electricidade, se temos enerxía limpa e verde e se evitamos a enerxía fósil, que é a máis contaminante. Polo tanto, durante este tempo, durante esta parálise, Galicia estivo emitindo anualmente 2,5 millóns de toneladas de CO₂ á atmosfera. Alguén é o responsable. Iso supón o mesmo que 2 millóns de vehículos anualmente en Galicia. Esa é a gran realidade, que está avalada, ademais, por todos os técnicos. *(Aplausos.)*

Galicia e este goberno non tiñan un capricho coas eólicas. Galicia sabe perfectamente que é o que quere. Quere calidade de vida e quere saúde. Esa calidade de vida e esa saúde só pasan por esa neutralidade climática. Poderemos absorber moito, pero non conseguiremos esa neutralidade se non deixamos de absorber. Polo tanto, é preciso que se empece, dunha vez por todas, a aplicar en todos os preitos eólicos o principio de interese público superior de enerxía renovable, que é un mandato, ademais, de Europa. ¡É un mandato de Europa, non un capricho de Galicia! Para unhas cousas poñémonos ao carón de Europa e para outras, xustamente, queremos saltalo.

A Xunta, por certo, leva anos recoñecendo e aplicando este criterio na tramitación en Galicia, tanto de parques eólicos como doutro tipo de iniciativas relacionadas co sector das renovables. Polo tanto, son moitos os empregos e moito o investimento, pero, sobre todo, é calidade de vida para os galegos e as galegas. Que me diga alguén quen quere prescindir dun móbil ou quen quere prescindir dunha tableta. É dicir, somos unha sociedade electrificada, pero necesitamos outro tipo de electricidade, non a que viñamos tendo ata o de agora.

Eu ínstoos, unha vez máis, a que lles pidan desculpas —quedarán moi ben— aos deputados das bancadas, aos funcionarios da Xunta de Galicia, que tanto os fixeron sufrir. O Supremo e o Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea déronlles a razón. Estaban facendo un bo traballo, non era unha manipulación de ningún político. *(Aplausos.)*

Reclamemos, ademais, todos xuntos ao Goberno central que traspoña, dunha vez por todas, a súa normativa á Directiva europea de enerxías renovables. Saben, ademais, que España ten aberto un expediente dende...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): ...outubro do ano 2024 por non facelo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Antes de dar paso á seguinte pregunta, permitídemme que saúde as persoas que integran a plataforma e que escoitarán con atención a resposta á seguinte pregunta. A eles doulles a benvida ao Parlamento, e tamén saúdo o compañeiro que na lexislatura pasada nos acompañou —ademais, compartimos ámbito—, que é Martín Seco, con afecto e con respecto.



Pregunta da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para manter as prazas das persoas funcionarias con máis antigüidade no curso de traslados

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, logo de ter a autorización rexistrada a favor da señora Iglesias, ten esta a palabra por un tempo de tres minutos.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos.

Benvido, conselleiro.

Primeiro de todo, quero saudar a Plataforma de Técnicos e Técnicas en Loita. Son máis de 300 afectados que hoxe nos acompañan no hemiciclo e que están concentrados tamén diante do Parlamento. Hoxe son a vosa voz. *(Aplausos.)*

Señor Corgos, vostede e mais eu somos empregados públicos da Xunta. É a nosa profesión. Eu, polo menos, vexo isto como algo temporal, por iso se ten que poñer na súa pel, xa que é o máximo responsable político da función pública galega. Hoxe son eles, pero mañá podemos ser nós. Vostede ten un problema gordo encima da mesa, pero refire poñer o gorro de asesor fiscal do PP, levantarse do Consello de Política Fiscal e Financeira e plantar a ministra de Facenda que atender as reivindicacións dos empregados públicos da Xunta de Galicia. Mentres vostede fai política do partido en Madrid, aquí, en Galicia, señor Corgos, está a casa sen varrer. Non houbo planificación de recursos humanos nos dezasete anos que levan no Goberno e non hai uns concursos de traslados regulados nos corpos xerais, e nos corpos especiais aínda máis. Non hai tampouco concursos específicos, eses que se prevén na Lei de emprego público, e o proxecto do decreto está durmindo nun caixón. O que hai, señor Corgos —dígollo eu, xa que coñecemos ben como funciona a función pública galega—, é un abuso masivo de comisións de servizo, de interinidades e de adscricións provisionais. Esa é a situación da función pública galega. O que hai é arbitrariedade e provisionalidade. *(Aplausos.)*

A situación é tan clara que un funcionario dos corpos especiais afectados explicou o que está a pasar de forma moi sinxela: imaxine, señor Corgos, que está nunha cola e leva horas esperando. De repente, chega alguén e colócase por diante de forma provisional, pero pasa o tempo e o provisional convértese en definitivo, e vostede, que leva media vida agardando —vinte ou vinte e cinco anos—, queda atrás para sempre. Iso é o que lles pasa aos funcionarios e ás funcionarias dos corpos especiais da Xunta no seu concurso de traslados. Están afectados enxeñeiros e enxeñeiras, arquitectos, biólogos, químicos; tamén estarán afectados os funcionarios e as funcionarias das escalas dos servizos sociais; e seguro que tamén os dos corpos xerais logo do proceso de estabilización.

Os corpos especiais levan agardando desde o 2012 polo concurso de traslados. En 2024, por fin, houbo un e en xullo de 2025 adxudicáronse as prazas, pero dous meses despois aínda



non tomaron posesión. Mentres tanto, eses postos, os mesmos, foron ocupados por novo persoal de ingreso, de tal xeito que o persoal de novo ingreso ocupa postos clave: distritos forestais, de extinción de incendios ou direccións técnicas. En Ourense, por exemplo —terra arrasada polos lumes—, só dous funcionarios veteranos están en postos de responsabilidade; o resto son provisionais. Espero que non me responda que a solución que lles dá a Xunta de Galicia é dicir que se van duplicar oito postos ou que van modificar a RPT e que van tomar posesión en dúas semanas, señor Corgos. Xa lle adianto que iso é, absolutamente, un parche posto na función pública galega.

Por tanto, vou tamén ao gran: sabe que este asunto está tamén xudicializado, como dicía antes...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. Sabe que ten unha segunda quenda.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...a conselleira, e o TC, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Por iso lle pregunto:...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Sabe que o tempo é...

PATRICIA IGLESIAS REY: ...¿que medidas efectivas vai adoptar o Goberno galego para solucionar esta situación? *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Para darlle a resposta, ten a palabra o señor Corgos, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado): Señora presidenta...

¿Non se escoita? Si, perdón.

Comezo. Si, porque xa lle deu dez segundos máis á señora... *(Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Retomamos.

O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado): ...pola cara. *(Risos.)* Pois, polo menos, compensamos.

Señor presidente, señorías.

Señoría, en relación coa súa pregunta sobre a xestión de determinadas prazas de emprego público, o primeiro que quereda sinalar é que todos os procesos selectivos os convocamos co obxectivo de responder ás necesidades de incorporación de novos efectivos nas distintas escalas da Xunta de Galicia e do bo funcionamento dos servizos públicos. Cómpre lembrar,



sen que sirva de escusa, que a situación actual está moi condicionada pola paralización que supuxo na pandemia durante case tres anos a convocatoria dos procesos e tamén pola convocatoria dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, de redución da temporalidade no emprego público. Isto provoca que levemos unha carga de traballo extraordinaria nestes anos, malia seren reforzados os servizos con máis medios persoais e dixitais.

A práctica habitual da Xunta é ofertar previamente os postos vacantes en concursos de traslados e adxudicar os postos con carácter provisional aos que superan os procesos selectivos para garantir a axilidade na súa resolución. Deste xeito, benefíciase os aspirantes e tamén os funcionarios con máis antigüidade, xa que, unha vez resoltos os concursos de traslados, ás persoas con máis antigüidade valóraselles a súa experiencia para ocupar os postos vacantes e logo adxudícanse os postos con carácter definitivo.

Esta situación viuse alterada por unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza o ano pasado, que establece que o posto que se lle adxudicase con carácter provisional á persoa demandante lle fose adxudicado con carácter definitivo. É o que levou a que outras persoas que estaban na mesma situación solicitasen, vía recurso ou vía extensión de efectos, que se lles adxudicase con carácter definitivo o seu destino provisional. A Administración continuou adxudicando destinos provisionais por varios motivos: primeiro, porque non estaba resolto o concurso; segundo, porque se quixo manter o mesmo criterio en todos os procesos convocados en decembro do 2021; terceiro, porque era preciso resolver estes procesos, dado que se convocaban prazas que, de non ser adxudicadas, afectaban de xeito directo as prazas convocadas nos procesos de estabilización; e, por último, porque había un interese dos servizos e das persoas que aprobaran a súa oposición, como acreditan os escritos da Valedoría.

En paralelo, a Xunta de Galicia seguiu a traballar para desenvolver o máis axiña posible o concurso de traslados, que resolveu no mes de xullo, antes de que o Tribunal Superior de Xustiza resolvesen os recursos. Unha vez resolto o recurso, quedaba pendente a toma de posesión, que se difire para coordinar tres tomas de posesión simultáneas: a do concurso de corpos especiais, a dos aspirantes que se atopan en destino provisional e a dos que superaron os procesos de estabilización. Nese momento, a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, de xeito inédito e excepcional neste tipo de procesos, acorda adoptar medidas cautelares, que establecen a suspensión da toma de posesión para oito dos postos adxudicados. Como consecuencia disto, tivemos que analizar que novas prazas se podían ofertar, dado que a aplicación destas medidas implica a modificación dos postos que quedan vacantes para resolver o concurso. En calquera caso, esta situación —insisto, motivada, como acabo de dicir, por causas extraordinarias— non se vai reproducir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Vexo que non deu ningunha medida; simplemente relatou un pouco a situación da xurisprudencia. A sentenza do Tribunal Constitucional é do 2022 e a do



Tribunal Superior de Xustiza é do 2024, pero isto arrástrase de dezasete anos de non facer unha planificación axeitada dos recursos humanos da función pública galega. E sábeo ben, señor Corgos.

Vostede fala de «orde», de «xestión», de «proceso de estabilización», de «pandemia»..., pero a realidade é a desorde e o desgoverno, señor Corgos. A función pública galega con esta situación está convertida nun campo de probas. Hai un abuso —como dicía— das comisións de servizo de forma sistemática, que é un concepto de provisión excepcional, e sábeo ben; hai un abuso das interinidades, durante moitos anos, con concursos bloqueados e con prazas ocupadas por persoal de novo acceso e que son as mesmas prazas ofertadas no concurso aos técnicos. Levan vinte ou trinta anos esperando, maltratados e ignorados. Mentres tanto, os novos funcionarios teñen que organizarse en plataformas para ser escoitados e para reclamar algo tan básico como é a toma de posesión inmediata da praza que gañaron. Espero que me poida responder esa pregunta: ¿cando van tomar posesión?

Dóeme dicir isto, pero o seu goberno non aposta polo capital humano, polo seu principal activo; aposta polo clientelismo, pola improvisación e polo abandono. A función pública galega non o merece. Díciase antes que había que pedir desculpas aos empregados públicos, creo que quen ten que pedir desculpas hoxe é vostede.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado): Señoría, neste momento —como xa avancei—, estamos a traballar para solucionar esta situación, e quero reafirmar o compromiso da Xunta de Galicia coa carreira profesional do persoal funcionario dos corpos especiais. É habitual que haxa un maior número de concursos de corpos xerais que de corpos especiais, polo número de prazas e de persoal que traballa en cada escala. De feito, se nos remontamos ao ano 2000, houbo dez convocatorias e concursos para os corpos xerais e tres para os corpos especiais. Por certo, durante os catro anos do Bipartito, no que vos tedes estaban ocupando a carteira de función pública, houbo cero concursos. (*Aplausos.*)

Dito isto, temos claro que todo é mellorable, e niso traballamos, por suposto. Neste momento, o concurso de traslados atópase só pendente da toma de posesión, e avanza coa máxima dilixencia para que poida resolverse na maior brevidade posible, garantindo en todo momento os principios de igualdade, mérito e capacidade. Dende o Goberno galego somos conscientes do valor da traxectoria e da profesionalidade dos empregados públicos con máis antigüidade, e traballamos para dar resposta ás distintas situacións administrativas e pronunciamentos xudiciais, de xeito que se compatibilice o avance dos procesos en curso coa axeitada prestación dos servizos públicos.

Por iso, quero informar de que en cuestión de semanas daremos toma de posesión á práctica totalidade das persoas ás que se lles adxudicou un posto no concurso. Ás persoas afectadas



polas medidas cautelares — esas oito prazas, que apenas supoñen un 4 por cento dos postos totais — ofrecerémolles unha solución individualizada para que poidan ocupar outros postos análogos aos bloqueados.

En calquera caso, o compromiso do Goberno galego é avanzar cara a un escenario no que a convocatoria de traslados se realice con maior periodicidade, de xeito coordinado coa realización de procesos selectivos, que se convocarán e resolverán en menor prazo. O noso obxectivo é convocar e resolver concursos a medida que se vaian producindo as vacantes, ademais de adxudicar destinos con carácter definitivo. De feito, entre os anos 2023 e 2025 a Administración autonómica impulsou a maior convocatoria de concursos de traslados da historia da Xunta de Galicia: once concursos en total, que afectan 9.144 postos de traballo, (*Aplausos.*) dos cales catro xa están resoltos. No ano 2022 convocamos 210 procesos de estabilización, e o 100 por cento destes procesos xa están finalizados, coa publicación dos baremos definitivos; no ano 2025 xa convocamos 21 procesos selectivos nos que ofertamos 524 prazas; e no último cuadrimestre deste ano convocaremos 11 máis, cun total de 1.068 prazas.

Estes datos poñen de manifesto o importante proceso de transformación e modernización da Administración pública que está levando a cabo o Goberno galego. Este é un proceso cun dobre obxectivo: poñer en valor a experiencia do persoal empregado público e incorporar persoal altamente cualificado para acometer a remuda xeracional.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que realiza a Xunta de Galicia do inicio dos expedientes para a declaración do pazo de Meirás e da illa de San Simón como lugares da memoria democrática

O PRESIDENTE: Ten a palabra dona Paloma Castro Rey.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

A semana pasada vivimos un dos acontecementos máis importantes da nosa democracia a nivel histórico; a verdade, é unha mágoa que vostede non estivese alí —nin vostede nin ningún da Xunta de Galicia—. Foi unha mágoa tamén que determinadas persoas intentasen, por fins partidistas, boicotear estes actos, rachando o consenso existente entre as asociacións memorialistas e poñendo intereses persoais e políticos por riba duns feitos tan relevantes para o recoñecemento e a dignificación da nosa historia. ¡Eles verán!

O certo é que nin a ausencia da Xunta nin o circo montado por algúns impediron que se puidesen celebrar os días 2 e 3 de setembro, coincidindo coa publicación no BOE do inicio dos expedientes, uns actos de recoñecemento profundamente emotivos, baixo o paraguas da dignificación e o respecto destes espazos.



Ben, vou contextualizalo. A finais do mes de agosto, e dentro do prazo legal dende que se presentou a solicitude, iniciábase por parte do Estado o procedemento para declarar o pazo de Meirás e a illa de San Simón como lugares de memoria. O procedemento para esa declaración vén regulado, por unha banda, na Lei de memoria, e, por outra banda, na Lei de procedemento administrativo. A Lei de memoria establece os requisitos de fondo para poder dar esta designación a estas localizacións. Iso falámolo noutras ocasións, pero non creo que exista dúbida ningunha de que eses emprazamentos cumpren sobradamente os requisitos. O pazo de Meirás, por ser un símbolo fundamental para a memoria democrática en España; pola súa complexa traxectoria —vinculada, primeiro, a Emilia Pardo Bazán e, despois, ao franquismo—, doado mediante prácticas coercitivas e fraudulentas; por ser a sede oficial do réxime franquista; e, despois, durante décadas, por estar en posesión da familia Franco, ata que, grazas ao consenso entre a sociedade civil, as institucións públicas galegas e a Administración xeral do Estado, se produciu a recuperación como patrimonio no ano 2020. E a illa de San Simón e a de San Antón cúmprenos por tratarse de lugares onde se cometeron crimes de lesa humanidade contrarios aos dereitos humanos. O número de mortes foi especialmente elevado debido ás pésimas condicións de vida, ao amoreamento e á falla de alimentos, que golpearon con especial dureza a poboación reclusa; foron 517 falecementos, aos que se suman os provocados por paseos e fusilamentos.

Hoxe, conselleiro, traemos aquí esta pregunta porque queremos saber cal vai ser o papel que xogará a Xunta nestes procedementos, sobre todo no da illa de San Simón, onde é preceptivo que a Xunta emita un informe sobre a idoneidade deste lugar para ter esta protección. Queremos saber se o Goberno galego está disposto máis que nunca a que eses lugares non sexan novamente profanados. Este recoñecemento implica a prohibición de realizar actos públicos que entrañen descrédito, menosprezo ou humillación ás vítimas ou aos seus familiares, e obrigan as administracións a que calquera intervención e uso futuro se desenvolva con pleno respecto á dignidade das vítimas e ao espírito de recoñecemento e reparación. Queremos saber se o Goberno galego vai contribuír ou colaborar a esta finalidade. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a resposta, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señora deputada —señora Castro—, xa lle respondo para que quede constancia do compromiso da Xunta de Galicia: por suposto. A Xunta vai traballar e colaborar con lealdade co Goberno central. Gustaríanos tamén que, ao mellor, o Goberno central traballase con esa mesma lealdade e cordialidade que ten o Goberno da Xunta noutras moitas materias —e nesta materia da memoria democrática tamén—. Porque fala vostede de lealdade, pero vimos con sorpresa como o 28 de agosto non foi o secretario de Estado de Memoria Democrática nin ningún membro do Goberno do Estado, nin sequera o delegado nin o subdelegado do Goberno; foi o señor Besteiro, nunha visita a Lugo —non sei en calidade de que; non sei se aínda tiña esas reminiscencias ou estaba recordando o seu paso pola Delegación do Goberno—, quen anunciaba persoalmente que se ían declarar como lugares da memoria a illa de San Simón e o pazo de



Meirás. E isto sen comunicalo ou convocar —sabe vostede que nós temos a cesión do uso da illa de San Simón— en ningún caso o Goberno da Xunta de Galicia, que é o lexítimo xestor desa illa, nin tampouco un trámite de consultas previas. Parece estraño —e cando menos sospeitoso— que sexa o propio señor Besteiro o que faga ese anuncio. Polo tanto, permítame que dubidemos xa desde un principio da súa vontade de consenso e de diálogo.

Fixérono sen contar coa Comunidade Autónoma e de costas ás asociacións memorialistas. Falaba vostede desa manifestación, que creo que deixa ben ás claras como deixaron de lado eses colectivos, que levan traballando moito tempo, sobre todo, no recoñecemento no pazo de Meirás. Eu creo que o fan porque buscan exclusivamente o protagonismo. Agora van falar moito durante estes meses de cuestións que sacan do debate e do foco e doutras cuestións que a vostedes lles interesan menos: van falar de emerxencia climática, de memoria histórica, desa repartición dos Mena... Son só cuestións que lles interesan a vostedes politicamente para desviar a atención doutros asuntos que lles son menos axeitados.

Quero dicir que, por suposto, nós imos respectar os acordos que adopte o Goberno central, como así o estamos facendo. A Xunta de Galicia está traballando de forma coordinada co Goberno central no plan de foxas; estamos executando —xunto coa Universidade— e buscando os lugares de enterramento de represaliados na Ditadura; estamos poñendo en marcha proxectos como Memoria e concordia, co obxectivo de preservar e difundir os documentos relacionados coa guerra e coa Ditadura...; pero creo que deberían aplicarse vostedes o conto. Eu só lles recordo que nun espazo que o Partido Socialista leva como emblema de recuperación da memoria democrática, que é a casa Cornide, o único que fixo algo en relación coa casa Cornide foi o Goberno da Xunta de Galicia: obrigar os propietarios a abrir o pazo. (O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José Carlos López Campos, amosa unha fotografía.) Pero á primeira foto apuntáronse vostedes...,

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos):..., o señor Jorquera e a señora Inés Rey, facendo a primeira visita institucional ao pazo.

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): O que tiñan que ter feito era reclamar a propiedade, e non o fixeron.

O PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moi tísimas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Para a réplica, a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Señor conselleiro, para nós non é oportunismo político. Declarar estes lugares como lugares de memoria é un acto de xustiza coas vítimas que sufriron re-



presión, torturas e morte, e coas súas familias, coa historia e tamén con Galicia, porque supón seguir dando pasos no camiño da verdade, da reparación e da dignidade democráticas. O Goberno de España está a cumprir os seus compromisos, que foi o que dixo o meu secretario xeral, José Ramón Gómez Besteiro; polo tanto, ía iniciar estes expedientes dentro do prazo que marca a lei, e tíñao claro.

Agora veremos que papel vai xogar a Xunta. Digo «que papel» porque ata o de agora o papel da Xunta foi de desidia e de pasividade; e agora non poden seguir manténdoo, porque a lei os obriga a informar, polo menos, no caso da illa de San Simón —por ter a xestión neste momento—. Nós queremos saber de que lado van estar vostedes, porque o pazo de Meirás representa non só un espazo de memoria, senón tamén unha vitoria da xustiza, da legalidade e dos valores democráticos fronte á impunidade do franquismo. E queremos saber en que lugar van estar vostedes, se van estar no lugar do permiso de que en San Simón se baile bachata, se emborrache a xente ou xogue aos mortos viventes, ou se van estar no lugar do respecto e onde se fixo realidade o medo, a humillación e a violencia contra quen se atreveu a opoñerse aos golpistas e ao réxime. Non se trata de inutilizar estes espazos, senón que do que se trata é de que o que alí se faga sexa dende o respecto a este lugar e dende a lembranza do que alí pasou.

Señorías do Partido Popular, a ultradereita avanza de forma imparable e pretende reescribir a historia, e a mellor ferramenta para loitar contra isto é a memoria. Lembrar o pasado é construír un mañá máis libre e máis xusto.

En relación con ese *totum revolutum* que fixo vostede falando do cambio climático ou falando dos menores non acompañados —non son «Menas», son persoas finalmente—, nós o que queremos é fiscalizar o labor deste Goberno, xa que ten moitas eivas, non só a nivel medioambiental, senón tamén a nivel social, e ten moita desidia coa recuperación da nosa memoria. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Mire, se teñen vostedes moito compromiso coa memoria, téñeno fácil. En Galicia teñen dúas cuestións que poden facer con relativa facilidade —e ademais son competencias do Goberno central—. A primeira, abrir Meirás. ¡Mire que fácil llelo poño! O pazo de Meirás, curiosamente, é menos accesible agora que cando era propiedade da familia Franco. (*Aplausos.*) ¡Mire vostede cal é a diferenza e que fácil o teñen! Só conseguindo abrir a toda a cidadanía o pazo de Meirás xa fan un xesto de restauración da memoria increíble. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A segunda —tamén llelo poño moi fácil—, a casa Cornide. O Goberno da Xunta de Galicia fixo un expediente para exixirllas aos propietarios, que son a familia Franco, a apertura e o



cumprimento das súas obrigas como ben de interese cultural. Grazas a esa xestión e grazas ás multas coercitivas —aos expedientes coercitivos que iniciou a Xunta de Galicia—, hoxe a casa Cornide é un espazo aberto á cidadanía coruñesa. (*Aplausos.*) ¿E quen foron os primeiros que a visitaron, buscando non un pacto, senón un acto meramente político e propagandista? Foron a señora alcaldesa da Coruña e o señor Jorquera, acompañando e monopolizando esa primeira visita institucional e esa gran foto que buscaban na Coruña nun acto no que non fixeron absolutamente nada. Foi a Xunta de Galicia a que puxo os medios e os mecanismos para que esa propiedade dos Franco fose aberta e cumprise as condicións que establece o ben de interese cultural. Vostedes, con eses dous xestos, puideron ter cumprido ese compromiso coa memoria democrática.

¿E que fai este Goberno? Colaborar desde o primeiro momento co Goberno central. Facémolo con ese plan de foxas, no que estamos traballando, xunto coa Universidade, facémolo coas asociacións memorialistas, facémolo coa planificación en San Simón...

Eu lamento escoitar moitas veces que a cultura non é respectuosa coa contorna na que se fai. Quedan vostedes na anécdota, en cuestións que, por riba, nunca se chegaron a facer, como esas festas das que fala vostede en San Simón. San Simón é un espazo de reflexión, de creación cultural e onde, ademais, todos os eventos que se fan e que se organizan alí son totalmente escrupulosos co medio ambiente e co patrimonio e a memoria.

Sentímonos especialmente orgullosos de ter un festival internacional, como é o Festival Sinsal, ou de facer todo o que é a parte de programación cultural que fixemos alí. A Xunta de Galicia, á parte desas residencias artísticas que eu creo que están tan ben valoradas, é o lexitimo xestor desa illa de San Simón, e nós non fomos consultados neste proceso. Fala vostede de lealdade institucional, e a miña pregunta vai á inversa: ¿cando o Goberno central vai ser leal coas institucións e coa Comunidade Autónoma de Galicia e, unha vez máis, vai deixar de incumplir os seus compromisos con Galicia e vai traballar...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): ...cóbado con cóbado en algo...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): ...tan importante como é a memoria democrática? Nós..., (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): ...xa lle digo, si que a imos defender.

O PRESIDENTE: Grazas.



O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitísimas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta das deputadas Mercedes Queixas Zas e Monserrat Valcárcel Armesto, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a avaliación da Xunta de Galicia do impacto dos incendios forestais de agosto de 2025 no patrimonio cultural galego

O PRESIDENTE: Ten a palabra dona Mercedes Queixas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, quero crer que vostede coñece o Plan básico autonómico da Xunta; este catálogo dixital que, aínda que incompleto, dá boa conta da altísima densidade de patrimonio cultural que temos no noso país. Quero crer tamén que vostede o estaría consultando durante esta vaga de incendios devastadores para ver o nivel de afección.

Por iso, a pregunta que lle traemos hoxe aquí é: ¿que avaliación fai da afección e das consecuencias dos incendios sobre o patrimonio cultural? ¿Que medidas vai —isto tamén é importante— impulsar para protexelo cando agora se inicien os traballos de recuperación do monte?

Preguntámoslle hoxe aquí, no pleno, porque nesta vaga de lumes, a máis devastadora da historia do noso país, vostede estivo desaparecido. Vostede, que é conselleiro de Cultura, que ten competencias exclusivas na conservación e na protección do patrimonio cultural galego e que ten ao seu cargo unha Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, escolleu seguir coa axenda estival de actos festivos e gastronómicos como se non estivese pasando nada ao seu arredor e, ademais, da súa competencia. Co seu silencio, escolleu ignorar un patrimonio cultural en perigo, queimado e ameazado. Escolleu tamén —con gran submisión pola súa parte— protexer a Rueda, o presidente da Xunta, que minimizou o arrasamento dos incendios dicindo que a maioría do que ardera simplemente foran pedras. Esta é a mellor definición da incompetente política cultural do Partido Popular.

No BNG estivemos preocupadas e atentas e fixemos un seguimento do mapa da destrución do patrimonio cultural do noso país, aquel que está no monte. Arderon, efectivamente, pedras de moitas casas, que eran fogar e medio de vida de moita xente, pero tamén arderon pedras que eran antas, mámoas, petróglifos, igrexas, lagares, adegas, cruceiros, alvarizas etcétera.

Mentres ardía o patrimonio cultural, vostede estaba calado e ausente. O seu silencio converteo en cómplice dun goberno negligente que é un perigo para a conservación e a protección do patrimonio cultural. Con todo, o seu silencio non oculta a realidade da incompetencia deste Goberno do Partido Popular desde hai dezaseis anos. Eu non teño tempo para enumerar aquí todo o patrimonio cultural que temos diagnosticado e avaliado como afectado polos incendios. Só lle vou mencionar un exemplo: a Ribeira Sacra. Ardeu parte do territorio que



vostedes incluíron na candidatura a patrimonio da humanidade. Xa queimaron vostedes unha candidatura e agora poden queimar esta pola ausencia de políticas de protección do patrimonio cultural.

Moito do noso patrimonio salvouse das lapas grazas a eses medios contraincendios que temos no país, que é a xente, as mans da xente, e o amor á terra, (*Aplausos.*) e grazas á auga. ¿Como vai salvar o Goberno o patrimonio cultural?

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a resposta, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moiben. Moitísimas grazas, señor presidente.

Señora Queixas, non me sorprende en absoluto que inicien xa a segunda oleada de ataques ao Goberno galego. O primeiro foi —e non puideron facelo— na comparecencia a petición propia do presidente. É un xesto que honra o presidente da Xunta de Galicia asumir a súa responsabilidade de xeito directo e inmediato e comparecer no primeiro pleno do Parlamento galego para dar conta de toda a xestión dos incendios onde hai que dala, diante dos señores e das señoras deputadas. Eu creo que todos os que estivemos nesa comparecencia escoitamos como o presidente fixo unha análise, non só dos días propios desta vaga de lumes, senón despois das decisións que, de forma inmediata, tomou o Goberno galego. Eu non vou entrar a cuestionar nin a valorar onde estaba vostede durante eses días. Como pode saber e como debemos entender, o Goberno galego descansa pouco e traballa bastante, e os horarios deste Goberno son —pódollo garantir— de sol a sol. (*Aplausos.*) Creo que non se podería xestionar nin estar á fronte dun goberno se un non tivese esa vontade de traballo.

Non vou menospreciar en absoluto o seu labor, como fai vostede constantemente, que menospreza o labor do Goberno. Eu valoro profundamente o labor que fai vostede como deputada nese traballo que ten de control da xestión do Goberno. O que si lle vou dicir é que nin vostede nin o BNG lle teñen máis amor nin máis cariño ao patrimonio galego do que lle pode ter o Goberno galego nin o partido no que eu milito. Non lle podó aceptar ningún tipo de ensinanzas, neste caso, nin de implicación maior ou compromiso persoal. Eu creo que o Goberno ten máis que acreditado o seu compromiso co noso patrimonio natural e cultural e coa nosa candidatura da Ribeira Sacra, e faille un fraco favor esa actitude tan hostil que teñen a calquera proxecto; debería repensalo vostede e o seu partido. Este non é un proxecto da Xunta de Galicia nin é un proxecto do Partido Popular. A Ribeira Sacra como patrimonio mundial e a candidatura da auga é un proxecto colectivo de Galicia. Vostedes, como parte desa Galicia, deberían sentirse orgullosos e non cuestionar un tema no que creo que se actuou con dilixencia. Creo que, ante unha vaga de lumes tan importante como tivemos, fomos quen de atallala e de que o impacto fose o menor posible en todo ese territorio.

De todas formas, dígolle que, efectivamente, estivemos ao tanto e en contacto —pódennlo confirmar membros do seu partido nos distintos territorios—; estivemos en contacto constante para saber cal era o impacto e a situación actual, minuto a minuto, dos bens que podían



estar afectados. Coñecemos e recoñecemos que houbo algunha afección, pero non en temas substanciais —comparado co que puido ser, tendo en conta a virulencia dos lumes—. No día de hoxe, estamos xa rematando os inventarios e temos os datos da provincia máis afectada, que é a provincia de Ourense. Por suposto, ten o compromiso de que o Goberno galego estará ao lado...

O PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): ...daqueles proxectos, daquelas persoas e daqueles territorios que necesiten a nosa axuda.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Para a réplica, a señora Queixas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Efectivamente, ardeu o patrimonio cultural e o presidente da Xunta de Galiza onte, na súa comparecencia interminábel, non foi capaz de citar nin unha soa vez a afección ao patrimonio cultural. (*Aplausos.*) Ardeu o patrimonio cultural e vostede hoxe aquí non é capaz de facer unha avaliación nin de recoñecer que patrimonio cultural ardeu e cal segue en perigo e ameazado polos próximos incendios, porque aínda non rematou a vaga, infelizmente. Foi vostede un conselleiro ausente, un conselleiro silente, e agora tamén se manifesta aquí, neste pleno, como un conselleiro indiferente.

Se ao Goberno do Partido Popular nestes dezaseis anos lle preocupasen a conservación e a protección do patrimonio cultural, non rebaixaría a súa protección ano tras ano para sacrificalo e entregalo gratuitamente ao espolio eólico, eléctrico e mineiro; non reduciría os orzamentos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ata deixala absolutamente exhausta de recursos económicos e profesionais, humanos; non desprazaría as propostas que lle trasladaron os especialistas do Consello da Cultura Galega no Foro Patrimonio e Sociedade, que desprezaron dende o primeiro momento; e non permitiría vostede que o presidente Rueda anunciase un paquete de axudas que ignoran por completo a recuperación do patrimonio cultural. Representa vostede unha consellería totalmente irrelevante no Goberno da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*)

E arderon pedras, si, pero as pedras da historia arden mal e falan ben. Seguen aí para falar da identidade dunha nación galega chea de cultura milenaria, para evidenciar o modelo fracasado do Partido Popular na Xunta e que non temos un conselleiro capaz de estar á altura e no que confiar o inmenso legado patrimonial cultural do noso país.

Para o BNG, o patrimonio é memoria identitaria do pasado e é un recurso de futuro. Por iso, parafraseando a Castelao —ao que no PP sempre nomean pero nunca len—, digo (*Murmuros.*): «Vale máis unha terra con árbores e con patrimonio cultural nos montes que un Estado con ouro nos bancos».

O PRESIDENTE: Grazas.



MERCEDES QUEIXAS ZAS: ¿Señor conselleiro...,

O PRESIDENTE: Grazas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS:...vai rectificar a política de sacrificio do patrimonio cultural...,

O PRESIDENTE: Xa coñece a pregunta.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...resultado da súa inoperancia e incompetencia... *(A deputada Mercedes Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Vén vostede moi provocadora, señora Queixas; non sei se é que lle sentaron mal as vacacións ou é que inician vostedes este curso político intentando incendiar tamén politicamente este Parlamento. *(Murmurios.)* Eu o que lle digo é que que diría vostede —ou como se poñerían os seus compañeiros de bancada— se lle digo eu a vostede que le bastante pouco de determinadas cuestións. *(Aplausos.)* ¿Que pensaría vostede —ou que estaría dicindo— das palabras deste humilde conselleiro, señora Queixas, que nin se atreve a pensar, a dicir nin a minusvalorar en ningún caso a posición política nin persoal de ningunha das persoas? Eu creo que non é forma de estar en política esa suficiencia que ás veces intenta demostrar vostede. Non sei se agocha algo detrás desa suposta suficiencia que ten. Ao mellor si que ten algo que agochar detrás desa pose. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Pero fala vostede de irrelevancia, de fracaso.... Só lle queda pedir a dimisión do conselleiro de Cultura. É o que lle falta xa nese proceso que iniciaron vostedes, que están agresivos xa desde o primeiro momento. Esa é a súa estratexia preferida. Como xa nos coñecemos os que levamos moito tempo en política e xa coñecemos as súas formas, pois dígolle que nós ao que nos imos dedicar —como dixo o presidente aquí— é a construír en positivo, a traballar por unha Galicia e por unha terra que quere seguir mirando cara ao futuro, que quere ter un proxecto de futuro e, sobre todo, que quere coidar tamén o seu patrimonio, por suposto. Si que identificamos cales son os elementos que quedaron afectados por esta vaga de incendios e aqueles que fomos quen de salvar, grazas ao traballo das forzas e corpos de seguridade e das brigadas de incendios, que conseguiron salvar infraestruturas culturais tan importantes como Meira, Santa Mariña, Santigoso, Castro, Vilariño, Alixo ou Ferradal... Estes son algúns dos bens que fomos quen de salvar e que estaban condenados, desde logo, a sucumbir ante as lapas. Pero tamén houbo aqueles —que foron os menos— que foron afectados; témolos identificados e estanse analizando por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Estamos en contacto e falando con todos os concellos, cos seus alcaldes, para coordinar as estratexias de recuperación; están dentro dese plan integral do que o propio presidente veu dar conta aquí, ao Parlamento.



Non lle caiba ningunha dúbida de que o Goberno galego estará á altura, unha vez máis. Creo que acaba de informar o presidente a esta Cámara no día de onte de que esa liña de axudas xa está en marcha, igual que das axudas a particulares que se acometerán, non son só das axudas á recuperación do patrimonio privado, senón tamén daqueles bens que puidesen estar afectados, dentro do ámbito cultural, en calquera dos concellos que estiveron afectados por esta vaga de lumes. Non lle caiba ningunha dúbida de que a Xunta, unha vez máis, estará ao lado dos galegos.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta do deputado Secundino Fernández Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as eventuais responsabilidades políticas da conselleira do Medio Rural pola situación en que estaba o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais cando se inicia a vaga de lumes do mes de agosto

O PRESIDENTE: Ten a palabra don Secundino Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente, conselleira.

Neste pasado mes de agosto produciuse unha vaga de incendios que provocaron os lumes máis grandes da historia deste país. A situación orixinada por estes incendios mostrou perfectamente o grao de indiferenza, de ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do Partido Popular na Xunta de Galicia; unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país. A gravidade veu provocada polos grandes lumes que queimaron máis de 143.000 hectáreas, arrasando ao seu paso monte arborado, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras, incluso animais e forraxes, explotacións apícolas, infraestruturas públicas, industrias e — o que é máis grave— aldeas e vivendas, deixando persoas feridas ao seu paso.

Un exemplo desta negligencia do Goberno do Partido Popular é a situación dos efectivos terrestres do Servizo de Prevención e Loita Contra os Incendios Forestais, que non estaban activados adecuadamente e que non eran suficientes. A demostración desta improvisación témola nos chamamentos feitos para cubrir 198 prazas en plena vaga de lumes que non estaban operativas. ¿Que mellor exemplo de que o servizo non estaba plenamente operativo? Este chamamento incluso trouxo consigo que algunhas brigadas municipais quedasen fóra de servizo porque os seus integrantes foron para o Servizo da Xunta de Galiza. Como di o refrán: vestiuse un santo, pero espiuse outro.

Conselleira, isto pasou mentres vostede dicía no pasado mes de xuño que —abro aspas— «temos un servizo contraincendios que é a envexa da Unión Europea e que está máis preparado que nunca para afrontar a época de máximo risco de incendios» —pecho aspas—. Igual pensaba que chovería, como o ano pasado, señora conselleira. Esta situación indica o grao de negligencia existente na Xunta do Partido Popular.

Conselleira, mentres estas prazas estaban sen cubrir e outros moitos operarios estaban de vacacións en pleno período de risco e cos lumes arrasando a nosa terra, as mulleres e homes



do rural galego —aos que se sumaron voluntarios— tiñan que organizarse e defender as súas casas, as súas explotacións e incluso as súas vidas dos lumes que arrasaban todo ao seu paso. Esta actuación demostra o grao de indiferenza e de negligencia de vostede e do seu xefe, o señor Rueda.

Para o BNG, a súa actuación á fronte da Consellería merece un suspenso total e absoluto e, polo tanto, xa non debería seguir á súa fronte. Un goberno que abandona as mulleres e homes do noso rural e provoca un dano económico, social e medioambiental sen precedentes non debe seguir.

A pregunta é clara: ¿pensa dimitir a conselleira do Medio Rural pola súa xestión negligente á fronte da Consellería, o que impediu que estivese plenamente operativo o Servizo...

O PRESIDENTE: Grazas.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...contra os Incendios Forestais da Xunta de Galiza? Nada máis.

Grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a resposta, a conselleira do Medio Rural.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Señor Fernández, manteño que o operativo de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia é do mellor de Europa, o máis preparado, e que traballa arreo na loita contra os incendios forestais. E falo en presente, porque, aínda que para vostedes parece que xa rematou —e lanzáronse a sacar rédito político—, o certo é que aínda estamos en período de alto risco.

O primeiro que cómpre deixar claro é que había efectivos suficientes para facer fronte a unha situación normal, pero estes incendios non foron normais, e ata vostedes o recoñeceron. Non se improvisou nada. Antes de que comezase a campaña de alto risco fixéronse ata dez chamamentos para cubrir prazas do servizo; e non só se fixeron antes do verán, senón que se continuaron facendo durante toda a campaña para ter sempre dispoñibles o maior número de efectivos e cubrir tanto vacantes coma baixas.

No que respecta ao sistema de quendas, permisos e vacacións —ao que vostede se refire—, todo se fixo cumprindo escrupulosamente o pactado cos sindicatos no acordo de condicións de traballo do persoal do Servizo de Prevención e Extinción dos Incendios Forestais, asinado o 22 de xullo de 2024. É dicir, hai un marco laboral acordado, recoñecido e respectado.

A planificación foi seria e anticipada. O servizo de persoal traballou para tentar cubrir todas as baixas posibles e, por iso, fixéronse ata vinte e dous chamamentos. É certo que as baixas laborais son un problema estrutural, pero non só da Administración senón tamén da empresa privada. Non podo crer a súa hipocrísia, porque en 2008 —como xa lles dixen pola



mañá—, cando gobernaban vostedes, o dispositivo estaba conformado por menos de 1.800 persoas dependentes da Xunta de Galicia: 1.200 traballaban todo o ano, 600 durante seis meses, e en tempada de alto risco, incorporábanse 1.000 persoas con contratos totalmente precarios a través dun servizo externalizado. ¿Por que en ningún momento alaban vostedes as estatísticas de 2024, cando arderon só 2.600 hectáreas? ¿Ou as de 2023, ano no que arderon 6.700 hectáreas? ¿Será porque non lles convén? Iso non lles dá rédito político, por suposto. Pois o servizo éralles o mesmo, e a dirección, tamén. *(Aplausos.)*

¿Por que non mencionan vostedes os bombeiros estonios, os holandeses, ou os vascos que veñen a Galicia —como ridiculizaron pola mañá— para ver e copiar o dispositivo que temos? Manteño o que sempre afirmei: que temos un gran servizo e que seguiremos a traballar para mellorar en medios materiais e humanos. Non lles caiba ningunha dúbida.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Fernández Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Conselleira, a súa falla de previsión e neglixencia permitiu que uns cantos focos se convertesen nos incendios máis grandes da historia de Galicia. *(Murmurios.)* Estas consecuencias catastróficas son algo máis que pedras, como dixo o señor Rueda; outro irresponsable que non é digno do seu cargo.

Conselleira, en Monterrei queimáronse 9.900 hectáreas; en Chandrexa de Queixa, 9.800; en Quiroga, 9.100; en Cualedro, 7.300; en Vilamartín de Valdeorras, 7.300; en Vilariño de Conso, 6.600; na Gudiña, 5.300; en Manzaneda, 5.200; no Barco de Valdeorras, 4.500; na Mezquita, 3.400; en Laza, 3.400; en Rubiá, 3.300; en Viana do Bolo, 3.300; na Pobra de Trives, 3.000; en Oímbra, 2.900; na Veiga, 2.500; en Montederramo, 2.400; en Manzaneda, 2.400; en Petín, 2.200; en Carballeda de Valdeorras, 1.700; no Bolo, 1.400; e en Larouco, 1.100. Vou deixar nunha mención á parte o concello da Rúa, onde foron 2.900, o que representa máis do 80 por cento da superficie do concello; e no cal a Xunta do Partido Popular, nunha actuación totalmente rexeitable e miserable, non quixo actuar na extinción do lume do vertedoiro. *(Aplausos.)*

Isto é unha catástrofe económica, social e ambiental sen precedentes. A responsabilidade desta desfeita é súa, é do Goberno da Xunta, que ten as competencias. ¿Que máis lle ten que pasar a este país...

O PRESIDENTE: Grazas.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...para que asuma a responsabilidade, conselleira?

O PRESIDENTE: Grazas.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ¡Asúmaa e dimita! *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas. Xa rematou o tempo.



Para o peche da pregunta, a conselleira do Medio Rural.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Señor Fernández, di vostede que a actuación da Xunta de Galicia foi negligente. Pois mire, non estou de acordo. Onte o presidente da Xunta de Galicia puxo sobre a mesa unha serie de reformas para superar esta situación.

E mire, fala vostede «duns cantos focos». ¡Vaia! Os 676 incendios no mes de agosto que sufocou o Servizo de Extinción da Xunta de Galicia son para vostede «uns cantos focos», ¡vaia! (*Aplausos.*) ¡Vergoña lle debera de dar! «Uns cantos focos»...; xa vexo que demostra vostede o enterado que está. Entendo que estaba vostede a outro tipo de negociacións políticas mentres ardía a carón do seu concello, (*Murmurios.*) pero non serve de nada instalarse na queixa sen ofrecer alternativa, nin tampouco criticar o que fan os outros e moito menos insultar.

Din que actuamos con indiferenza, ineptitude, inutilidade... Iso é o que mellor se lle dá, xa o vexo, e eu non lle vou entrar aí. (*Murmurios.*) Por iso, voulles responder de xeito construtivo.

A xestión dos incendios foi a axeitada, aínda que non lles caiba dúbida de que seguiremos traballando para melloralas. Estamos traballando desde o primeiro momento na xestión sobre os efectos dos lumes. Desde o primeiro momento tamén se activou a subministración de forrage para o gando naqueles lugares que quedaron sen pastos; púxose á disposición dos apicultores o Banco de Terras; aprobáronse as axudas para os afectados polos incendios no mesmo minuto no que estaban sucedendo; e esas compensacións xa as están empezando a pagar esta semana. A iso chámase xestionar.

Onte o presidente da Xunta anunciou unha batería de medidas encamiñadas a paliar os efectos dos incendios forestais no futuro. Fálolles da mellora da xestión das franxas de biomasa arredor das aldeas; de modificar o convenio coa Fegamp para que a Xunta poida colaborar máis cos concellos máis pequenos; de seguir impulsando a plantación de frondosas como cortalumes naturais; de seguir apostando polos pasteiros, como xa o estamos a facer; tamén de duplicar o orzamento destinado ás limpeza do Fondo de Cooperación Local; e, no eido forestal, de presentar o Plan director da industria forestal. Ademais, reforzaranse os medios aéreos, crearanse novas bases e solicitarase ao Goberno central unha base permanente da UME en Galicia. Iso a vostedes xa sei que non lles interesa.

Quero rematar salientando unha vez máis o excelente traballo feito por todos e cada un dos membros do SPIF, polos que vostedes están tan preocupados agora e que tiñan nunhas condicións lamentables cando gobernaban. Xa melloramos as súas condicións laborais, e seguiremolo facendo. Todo isto, señorías, demostra planificación e rigor fronte a críticas infundadas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pois xa non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boa tarde a todos e a todas.

Remata a sesión ás cinco e quince minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

